

## viveiro

O Concello de Viveiro impulsa a renovación das tubaxes da ETAP de Landrove. **Páx. 7**

## foz

O goberno local mellora a iluminación en Fazouro e San Martiño. **Páx. 10**

## barreiros

O grupo municipal do PP alerta de fendas e suciedade preto da escola infantil. **Páx. 16**

## cervo

Cervo aposta pola saúde mental con novo centro especializado. **Páx. 17**

## a pontenova

O deterioro do colexio da Pontenova preocupa ás familias. **Páx. 19**

## Foz aproba o seu PXOM

O plan permitirá conceder licenzas en Cordido, ampliar o parque empresarial de Fazouro e desenvolver o solo urbano xunto á N-642



## A comarca lidera coas súas 16 bandeiras azuis

Os concellos costeiros manteñen o compromiso co medio e o turismo. **Páx. 2**

## Homenaxe ás Cantareiras nas Letras Galegas

A festa da cultura estará dedicada este ano ás cantareiras con actividades toda a semana. **Páx. 4-5**

## Amigos do Camiño do Mar



Manuel Vicente, presidente da asociación, fala sobre o colectivo. **Páx. 6**

## Trova da Mariña



A nova orquestra aposta pola música en directo. **Páx. 9**

## Cabaleiros Rías Altas



A asociación celebra máis dunha década de rutas e tradicións a cabalo. **Páx. 25**

## A Deputación amplía o Plan de Estradas

Investirá 3,5 millóns máis para acondicionar outros 12 quilómetros este ano. **Páx. 29**

### AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos  
Ferias • Festivales  
Fiestas • Infantil  
Humor • Gastronomía  
Teatro • Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

## OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

## A MARIÑA

# As praias locen co azul da excelencia


A Mariña acada 16 bandeiras azuis e reafirmase como exemplo de calidade ambiental, seguridade e compromiso co turismo sostible

A Mariña lucense reafirma o seu compromiso co turismo sostible e co coidado do medio ambiente cun total de 16 praias que acadan este ano o distintivo da bandeira azul, símbolo internacional de calidade, seguridade e xestión responsable. Con este número, a comarca sitúase como referente no litoral galego, mantendo o liderado provincial e reforzando o seu papel como destino privilexiado para o lecer e o contacto co mar.

**FOZ.** Encabeza a lista o municipio de Foz cunha aposta firme pola calidade e o mantemento do seu litoral. Cinco das súas praias —A Rapadoira, Llas, Peizás, Polas e Areoura— manteñen o distintivo, grazas ao traballo continuado durante todo o ano. Trátase de espazos que combinan beleza natural, accesibilidade e equipamentos que garanten unha experiencia segura e sostible para visitantes e veciñanza.

**BURELA.** Moi preto, Burela mantén dúas bandeiras azuis nas praias de A Marosa e O Portelo. Asemade, o concello conta con dous centros azuis que reforzan a dimensión educativa da súa oferta ambiental, con actividades dirixidas á poboación escolar e ao turismo familiar. “A educación ambiental é unha ferramenta clave para asegurar o respecto polo noso litoral”, sosteñen responsables locais.

**RIBADEO.** Outro dos referentes



turísticos da comarca é Ribadeo, que volve destacar cun areal de proxección internacional: a Praia das Catedrais —tamén coñecida como Augas Santas—, recoñecida pola súa singularidade xeolóxica e polo sistema de acceso regulado que busca preservar o seu delicado equilibrio natural. A esta súmase a praia de Os Castros-Illas, e tamén o porto

deportivo de Ribadeo, único da provincia que acada bandeira azul en 2025.

**BARREIROS.** As praias de As Pasadas e Acantilado-Remior, en Barreiros, revalidan o selo de calidade, cunha oferta que mestura contornas espectaculares e servizos adaptados ás demandas actuais do turismo familiar. Den-

de o municipio apuntan que “a combinación de natureza e comodidade é unha das claves para manter estes recoñecementos ano tras ano”.

**CERVO.** O Concello de Cervo mantén a súa aposta polo coidado costeiro coa bandeira azul na Praia do Torno, areal urbano cun importante grao de ocupación

durante o verán e que destaca pola calidade das súas augas e pola presenza de servizos como socorrismo e zonas de sombra. “É unha praia viva, que combina uso intensivo con conservación ambiental”, apuntan dende o sector hostaleiro local.

**XOVE.** Este municipio volve situarse na listaxe grazas ao areal de Esteiro, unha praia aberta, ventosa e de ondas activas, ideal para o surf e outras actividades náuticas. O distintivo da bandeira azul confirma a súa boa xestión ambiental e o compromiso local coa seguridade e o benestar das persoas usuarias.

**VICEDO.** No Vicedo, dúas xoias naturais —Arealonga e Xilloi— manteñen o recoñecemento europeo. “Son espazos que representan á perfección a beleza indómita da costa lucense”, sinalan fontes turísticas. Con bos accesos e condicións óptimas para o baño, estas praias destacan tamén pola limpeza e pola biodiversidade presente no seu entorno.

**VIVEIRO.** A vila do Landro completa a nómina de areais galar-doados cun clásico da zona: a Praia de Covas, moi concorrida, próxima ao núcleo urbano e con servizos que a converten nun espazo ideal para familias. “É unha praia que ofrece todo sen renunciar ao natural”, afirman profesionais do sector turístico.

## O Festival Bal y Gay regresa á Mariña no mes de agosto

A Mariña lucense acollerá do 12 ao 21 de agosto a XII edición do Festival Bal y Gay, que levará música clásica a espazos emblemáticos de sete concellos: Alfoz, Mondoñedo, Ribadeo, Lourenzá, Cervo, Burela e Viveiro. O evento combina patrimonio e cultura con concertos, encontros e actividades formativas, reafirmando o seu papel como referente musical no norte peninsular. A presentación oficial celebrouse en Madrid, onde o director xeral de Cultura destacou o apoio da Xunta e a importancia do festival na divulgación da música clásica. Este ano, o certame terá unha forte dimensión

educativa, coa creación da coral infantil Marinaencanto e o proxecto Operiña, unha ópera adaptada con teatro, danza e artes plásticas para fomentar a creatividade dos máis novos. A programación arrincará o 31 de xullo en Foz con La Carroza Del Real, e o inicio oficial será o 12 de agosto en Alfoz co pianista Denis Kozhukhin. Entre as grandes citas, destaca o Réquiem de Mozart o 13 de agosto na Catedral de Mondoñedo. A clausura correrá a cargo do barítono Borja Quiza en Viveiro. As entradas están xa dispoñibles na web oficial do festival.

## Xustiza e medio ambiente chocan pola actividade da balsa de Alcoa

A situación da fábrica de Alcoa en San Cibrao atravesará un momento crítico marcado por preocupacións ambientais, enerxéticas e laborais. Un dos focos principais é a revisión do Plan de Emerxencia Exterior da balsa de lodos vermellos en Xove, unha infraestrutura clave que non se actualizaba desde 2012. O novo plan identifica riscos potenciais como filtracións ou desbordamentos que afectarían á contorna e á poboación, polo que propón protocolos de evacuación, confinamento e comunicación cidadá.

No ámbito xudicial, o TSXG rexeitou unha solicitude da asociación ecoloxista Petón do Lobo para paralizar a actividade da balsa. O tribunal considerou que non había un nexo directo co recurso presentado e que sería desproporcionado deter a actividade. Mentres, o proxecto de ampliación do dique de cola segue sen contar coa autorización da Xunta, o que alimenta o debate social. Desde o plano político, o BNG de Cervo e Xove esixe a reactivación da mesa de seguimento do plan de viabilidade de 2023, maiores

investimentos e que a SEPI asuma a xestión da planta en caso de incumprimento. Tamén reclaman a liberalización do dique norte do porto de San Cibrao e a creación dunha Autoridade Portuaria para Lugo. A preocupación intensificouse tras un apagón que paralizou a planta durante oito horas. Alcoa advertiu dos riscos de manter unha industria electointensiva sen garantía de subministración. O futuro da planta depende agora de decisións urxentes a nivel político e industrial.

# José Tomé foi proclamado secretario xeral do PSOE provincial



O PSdeG-PSOE da provincia de Lugo celebrou o seu 5º Congreso Provincial, unha cita que serviu para consolidar a nova dirección do partido e reforzar a súa estrutura interna de cara aos retos que agardan nos vindeiros anos. A xornada tivo lugar no Hotel Torre de Núñez e contou cunha ampla participación da militancia socialista, así como de figuras destacadas do socialismo galego e estatal.

Durante o encontro, José Tomé Roca foi proclamado oficialmente como Secretario Xeral do partido na provincia, cargo que asume co compromiso de “fortalecer a organización e trazar o camiño do socialismo lucense para os próximos anos”.

Tamén destacou que a nova Comisión Executiva Provincial é “máis reducida, que pasa de 51 a 35 persoas, máis áxil e mellor coordinada”, integrada por 17 mulleres e 18 homes procedentes de todas as comarcas da provincia: “desde a Chaira ata a Mariña, a Montaña ou a Ribeira Sacra”, que saíu adiante co 83% dos votos. Reivindicou unha renovación que vai máis alá dos nomes, entrando 22 persoa novas: “A verdadeira renovación é aquela que transmite á sociedade unha mensaxe clara: o PSdeG é un partido útil, con propostas realistas e comprometido

co benestar da cidadanía”.

José Tomé subliñou a importancia das agrupacións locais, especialmente aquelas que traballan dende a oposición: “A Secretaría Provincial estará ao voso carón, acompañando, escoitando e apoiando. O traballo territorial é clave para consolidar e ampliar os espazos de goberno”.

Avanzou que o primeiro gran reto será nas eleccións municipais do 23 de maio de 2027, nas que o partido aspira a revalidar alcaldías, conquistar novos concellos e ampliar a presenza institucional: “Queremos contribuír decididamente a construír un proxecto de futuro para Galicia, e facelo da man dun presidente como José Ramón Gómez Besteiro”.

A nova dirección provincial inclúe nomes como Pilar García Porto, como Vicesecretaría Xeral e Secretaria de Organización; Pablo Rivera Capón, como responsable de Acción Electoral e Emprego; Silvia Pigueiras Blanco, en Promoción do Territorio; Ana González Abelleira, en Relacións Institucionais; ou Sabela Thais Sanjurjo, como Secretaria de Participación e Militancia, entre outros. En total, a nova executiva está composta por máis de 30 persoas con responsabilidades específicas en áreas como turismo, igualdade, medio ambiente, deporte, inno-

vación ou cultura.

Ao Congreso asistiron tamén os secretarios xerais doutras provincias, membros da executiva galega como José Ramón Gómez Besteiro e Lara Méndez, así como representantes da executiva federal do PSOE, como Enma López, que puxeron en valor a importancia de Lugo no futuro do partido.

A dirección provincial agradeceu á militancia o seu compromiso e destacou que esta nova etapa “debe estar marcada pola unidade, o traballo conxunto e a proximidade coas necesidades da veciñanza da provincia de Lugo”.

**BESTEIRO.** O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, sinalou que “precisamos máis forza municipalista para seguir protexendo a provincia, como xa facemos desde os gobernos locais e desde a Deputación. Porque non debemos esquecer que esta provincia é un bastión do PSdeG”. Besteiro puxo en valor o papel dos socialistas como “a forza que transforma, que está na terra e que responde fronte a un PP ausente e un presidente da Xunta que agacha a cabeza ante Feijóo”. E advertiu de que “Lugo é o espello máis claro da falta de proxecto do Partido Popular, que leva 16 anos prometendo o mesmo sen cumprir nada”.

## O Museo do Mar Cibrao abre unha xanela ao cambio social



Con motivo do Día Internacional dos Museos, que se celebra o 17 de maio baixo o lema “O futuro dos museos en comunidades en constante cambio”, o Museo do Mar de San Cibrao únese á programación especial da Rede Museística Provincial cunha actividade centrada na reflexión histórica e social. O día 16 de maio ás 17:30 horas, o museo acollerá o encontro “Mudar en común: Galiza 1959-1982”, unha conversa aberta coa investigadora Alba Díaz Geada, que afondará nas transformacións sociais vividas en Galicia durante estas décadas de intensos cambios. A

actividade, gratuíta e aberta ao público, busca activar a memoria colectiva e promover o pensamento crítico, especialmente entre as novas xeracións.

Esta proposta encaixa coa liña da Rede Museística de achegar os museos á cidadanía, converténdolos en espazos vivos, inclusivos e dinamizadores culturais. A aposta pola mocidade como protagonista activa da vida museística reflíctese nesta e noutras actividades paralelas desenvolvidas nos distintos centros da rede, que inclúen obradoiros, xornadas e certames creativos nas redes sociais.

## Galicia terá como festivos en 2026 o 19 de marzo, o 24 de xuño e o 25 de xullo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que a proposta do Executivo autonómico para o calendario laboral de Galicia no 2026 inclúe “como festivos propios de Galicia os días de San Xosé (19 de marzo), o día de San Xoán (24 de xuño) e o Día Nacional de Galicia (25 de xullo)”.

Tal e como explicou o titular do Goberno galego, a normativa estatal establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello.

Polo tanto, as festas do calenda-

rio laboral para Galicia no 2026 que se determinan son: Aninovo (1 de xaneiro), Epifanía do Señor (Día de Reis - 6 de xaneiro), Día de San Xosé (19 de marzo), Xoves Santo (2 de abril), Venres Santo (3 de abril), Festa do Traballo (1 de maio), Día de San Xoán (24 de xuño), Día Nacional de Galicia (25 de xullo), Asunción da Virxe (15 de agosto), Festa Nacional de España (12 de outubro), Inmaculada Concepción (8 de decembro) e Natividade do Señor (25 de decembro). Ademais destes días, cada concello determina dúas xornadas festivas como propias da súa localidade.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)



# LETRAS GALEGAS 2025

## Cantareiras

O Día das Letras Galegas de 2025 está dedicado ás mulleres que contribuíron á lírica popular cun número elevado de cantigas, melodías e letras

As mulleres  
elixidas  
para  
representar  
as cantareiras  
son unha mostra  
representativa  
daquelas  
transmisoras

O Día das Letras Galegas 2025, que se celebra o vindeiro 17 de maio, estará dedicado á poesía popular oral, segundo decidiu a entidade promotora desta efeméride, A Real Academia Galega. Así, este ano as Letras Galegas terán o obxectivo honrar a aquelas mulleres que dedican a súa vida a poñer en valor a música tradicional galega, empregando a súa voz e as pandeiretas como principais acompañamentos musicais. O fonsagradino Antón Santamarina, que é académico numerario da Real Academia Galega, explicou no portal académico que “cando presentamos esta candidatura para dedicarlle un Día das Letras Galegas á lírica popular, sabíamos que había por toda Galicia, e mesmo fóra, moitas candidatas posibles, pero reducimos o número a seis mulleres que representasen a todas cantas mulleres cumpriron un papel parecido, moitas con nomes coñecidos e outras anónimas. Todos os etnógrafos salientaron que as mulleres foron as principais transmisoras da lírica popular,

pero non podemos esquecer que o fenómeno non é exclusivo delas e que nos cancioneros tamén hai con frecuencia informantes homes. Todos eles, mulleres e homes, estean na nómina dos lembrados como dos omitidos (non esquecidos), serán protagonistas festexados nesta celebración”, explicou. Así, o Día das Letras Galegas 2025, dedicado á poesía popular oral, está personificado en Adolfinia e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens (Malpica). É unha representación colectiva, como xa se fixo na elección dos trovadores da ría de Vigo en 1998, cos que se rendeu

homenaxe á poesía medieval. A académica Ana Boullón, sostivo que “un dos factores que dificultou a elección concreta das personaxes que ían encarnar esta candidatura non foi o seu número, senón o carácter anónimo propio da transmisión popular. As mulleres non eran coñecidas fóra dos límites das súas aldeas; os grupos que se constituían nin adoitaban recibir nome nin se axustaban a formatos fixos; non buscaban gabanzas máis alá da súa contorna. Enténdase, pois, que non están todas as que son, senón que se buscou unha mostra representativa destas figuras que coidaron, arriqueceron e transmitiron esta tradición centenaria”, contextualiza a académica. A RAG recoñece ademais o labor das asociacións culturais que desenvolveron un labor fundamental, non só co traballo de campo de recollida de letras e música, senón tamén coa súas clases de canto, música e baile. “Así, foise espallando entre a xente nova ese tesouro con tan pouca visibilidade social antano e que aínda hoxe require de maior protección institucional como parte do noso patrimonio inmaterial”, enfatiza Ana Boullón, que cita, entre outras, propostas contemporáneas que van desde as levadas ao escenario por Mercedes Peón, Leilía ou Xabier Díaz ata as de Antía e Ameixeiras ou Fillas de Cassandra. “A tradición vólvese vangarda. O folclore, conxunto de tradicións, costumes e manifestacións artísticas dun pobo, non debe ser contemplado de forma arqueolóxica, senón que na súa propia esencia está a evolucionar e cambiar, é zume que nutre novas

formas de expresión”, conclúe Ana Boullón.

**UNHA SERIE DOCUMENTAL.** Co obxectivo de recoñecer a importancia da poesía popular oral, a Real Academia Galega estreou a serie documental ‘Se canto é porque quero’. Esta proposta recolle testemuños e experiencias que relatan o mundo das cantareiras e da poesía oral a través de tres capítulos baseados en Rosa e Adolfinia Casás Rama, veciñas de Cerceda; as Pandeireteiras de Mens, de Malpica de Bergantiños; e Eva Castiñeira, de Muxía. Ademais, aparecen na produción tamén Mercedes Peón, Fuxan os Ventos, Felisa Segade e as rapazas do Regueifa Tour. A produción audiovisual afonda nas ideas centrais destas Letras Galegas, nas que a RAG quere reivindicar “a fala do pobo que mantivo vivo o galego ao longo dos séculos, a enorme creatividade da poesía feita anonimamente e a súa vixencia”, salienta o presidente da Academia, Henrique Monteagudo. “Quixemos resaltar a forza viva da tradición dun pobo que segue a cantar porque quere, como di a copla que lle dá título á serie. Como a mocidade está a abrírlle novos camiños con grande éxito”, prosegue. “A natureza colectiva desta festa é outro dos seus esteos”, sinala a secretaria da Academia e promotora da candidatura, Ana Boullón. “Por iso, animamos a que cada vila, cada aldea lembre este 17 de maio as súas propias cantadoras, e que lles dea igualmente voz aos netos e netas que fan seu con orgullo este legado, como reflicte tamén a





serie”, engade.

A serie arranca na Vila da Igrexa, rememorando o encontro entre Schubarth e Rosa e Adolfinha Casás Rama. Relátan na propia aldea das homenaxeadas Richi Casás, neto e sobriño neto de ambas as cantareiras.

“No primeiro episodio, Rosa e Adolfinha. ‘As recollidas onte e hoxe’, quixemos insistir na importancia de documentar e recoller as coplas e as músicas populares, e mais a necesaria complicidade entre as persoas informantes e quen realiza estes traballos”, explica Alba López Álvarez. É un traballo que iniciou Sarmiento hai trescentos anos e que ten a súa biblia no Cancioneiro de Schubarth e Santamarina, realizado entre finais dos anos 70 e principios dos 80 do século pasado. Pero Se canto é porque quero recorda tamén o labor xeneroso de moitas outras persoas que percorreron o país, de rueiro en rueiro, rexistrando a memoria de milleiros de versos. O segundo capítulo, ‘As pandeireteiras de Mens. Da aldea á cidade’, conta cos testemuños de Isabel García Quintela e Manel Fernández Pensado, presidenta e presidente de honra da Agrupación Folclórica Aturuxo da Coruña, da que formaron parte as cantareiras de Malpica de Bergantiños. A narración prosegue coas intervencións das cantareiras da Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda (Malpica de Bergantiños), que lembran o papel das agrupacións nas vilas e aldeas onde se recuperaron os cantos e os bailes; e máis Carme e Uxía da Pontragha, que tras aprender das súas maiores en Tordoia hoxe son mestras de canto e pandeireta nun ambiente urbano. Tamén intervén nesta segunda entrega a cantadora e tocadora Antía Vázquez,

membro de Alana, que explica de modo didáctico a estrutura dunha cantiga.

No terceiro episodio, ‘Eva Castiñeira. A necesidade de perdurar’, Martín Mondragón (Mondra) e Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras (Caamaño&Ameixeiras) manteñen un encontro co alumnado do CEIP Os Muíños para lle aprender a crear novas coplas e músicas partindo da tradición. Tereixa Novo, Carmen Vázquez e Pedro Lucas, de Fuxan os Ventos, e Felisa Segade, de Leilía, lembran pola súa parte as achegas de ambas as formacións á recuperación das letras e da música popular nun episodio que remata ollando ao futuro coas regueifeiras adolescentes do Regueifa Tour.

#### A PALABRA DO ANO 2024.

Ademais de dedicar o Día das Letras Galegas ás cantareiras, a palabra ‘Cantareira’ foi a escollida como Palabra do Ano 2024. Cantareira, con 25 por cento dos votos, foi a palabra que obtivo máis apoios das persoas participantes nunha elección na que o público se decantou maioritariamente polas opcións patrimoniais. Na primeira acepción do dicionario da RAG, cantareiro, -a define a persoa que sabe cantar ou afeccionada a facelo e ten como sinónimos cantadeiro, -a, cantador, -a e cantaxeiro, -a. Como adxectivo, esta voz ten unha segunda acepción similar, “que emite un son agradable e melodioso”, pero a Palabra do Ano 2024 refírese á forma substantivada cantareira, que se aplica á muller que canta cantigas populares. O termo créase en todos os casos sobre o verbo cantar, que procede do equivalente latino ‘cantare’.

A Palabra do Ano escóllese a través do Portal das Palabras, un proxecto

da RAG e a Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a divulgación da lingua galega que cada semana ofrece xogos e outros contidos divulgativos que conectan o léxico galego coa realidade cotiá e a actualidade dun xeito ameno. Dende 2014, o Portal das Palabras convida ademais a todas as persoas que o desexen a participar na escolla da Palabra do Ano. A última incorporación non é a primeira que alude á forza das coplas e da música popular galega. No ano 2021 a voz elixida foi tanxugueiras, o topónimo que lle dá nome ao grupo formado por Olaia Maneiro, Aida Tarrío e Sabela Maneiro, un referente dos novos camiños que está a abrir con grande éxito a nosa música tradicional. As demais palabras do ano son ata o momento cibercarracho (2023) comadre (2022), nós (2020), sentidiño (2019), deseucaliptización (2018), afouteza (2017), irmandade (2016) —coincidindo co centenario das Irmandades da Fala—, refuxiado, -a (2015) e corrupción (2014).

Víctor F. Freixanes, expresidente da RAG, sostén que “as cantareiras representan ese pulo

vital, esa enerxía histórica que fixo que a lingua galega puidese pasar de xeración en xeración, de nais a fillas, de avoas a netas. A súa transmisión oral tamén é literatura. As letras, a lingua, son algo que ferve na sociedade, que levamos dentro, que transmitimos construíndo o futuro a partir desa memoria. Cada vez que falamos galego cos nosos netos e netas estamos transmitindo a ilusión de construír país entre todos, porque a lingua é algo que nos une, é o cemento que nos une”, concluíu.

En Lugo, a Tenencia de Alcaldía do Concello organiza cada ano un acto para homenaxear este recoñecemento á Palabra do Ano e para engadir a palabra ‘Cantareira’ ao Paseo das Palabras do Ano de Lugo, situado na rúa Mallorca. Así o destacaba Rubén Arroxó, tenente de alcalde de Lugo: “Cada ano realizamos esta intervención artística que xa converteu a rúa Mallorca nun atractivo turístico máis de Lugo”, explicou Arroxó, quen tamén subliñou o valor desta iniciativa para poñer en valor a lingua galega.

E, pola súa parte, Víctor Freixanes, que tamén participou no acto, xunto con Diego Rodríguez, académico e bibliotecario da Fundación Barrié, afirmou que a palabra ‘Cantareiras’ representa “a enerxía do pobo que fixo que a lingua galega puidese pasar de xeración en xeración a través desa tradición de transmisión oral”.



**'Cantareiras'**  
**representa**  
**a enerxía**  
**do pobo**  
**que posibilitou**  
**transmitir a**  
**tradición oral**  
**de xeración**  
**en xeración**

### CERTAME DA TRADESCOLA

A Tradescola, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación de Lugo, pon en marcha o XII certame de debuxo O baile e os Instrumentos da Música Tradicional Galega - As Cantareiras e a tradición oral.

Esta iniciativa está dirixida a todos os escolares de 1º, 2º e 3º de primaria dos centros de ensino da provincia. A finalidade do certame de debuxo é potenciar e difundir entre os máis pequenos a nosa música e a cultura tradicional galega, incidindo nesta ocasión na tradición oral, nas cantareiras homenaxeadas no día das Letras Galegas 25. “En definitiva, axudar a que coñezan os nosos instrumentos, a nosa historia e costumes dun xeito natural dende os primeiros anos, fomentando actitudes de respecto e valoración da mesma”.

Os debuxos e os dorsos dos debuxos deberanse enviar (escaneados ou fotografiados) por correo electrónico á Tradescola (tradescola@gaiteirosgalegos.gal) ata o 16 de maio de 2024.

O xurado do certame estará composto por membros do profesorado da Tradescola, que seleccionarán un total de 10 debuxos finalistas que serán premiados cun lote de material didáctico.

Dos 10 debuxos finalistas, seleccionárase un gañador, que recibirá un premio consistente na matrícula de balde nunha materia na Tradescola no curso 2025/2026. O centro educativo ao que pertenza o gañador terá tamén un agasallo a maiores, consistente nun concerto didáctico de música tradicional a cargo da Tradescola.

# “Nunca entendín por que non se loita por esta ruta xacobeas”

Así fala Manuel Vicente, presidente da Asociación Amigos do Camiño do Mar, un colectivo que desde 2013 busca devolverlle a dignidade á esta ruta

Por Ana Somoza

A Mariña Lucense conta cun patrimonio xacobeo tan descoñecido como valioso. Así o cren os integrantes da Asociación Amigos do Camiño do Mar, un colectivo fundado en decembro de 2013 na Finca Galea malia que a sede está en Cervo. A asociación xurdiu no seo de ATURMAR, a Asociación de Turismo Rural da Mariña Lucense, que se creara en 2007 co obxectivo de poñer en valor o territorio. “Comezamos a traballar desde aquela no Camiño do Mar, aínda desde ATURMAR”, explica un dos seus impulsores. “Presidín o colectivo coa única condición de que un dos obxectivos principais fose defender e impulsar a antiga ruta xacobeas”. A motivación era clara: rescatar do esquecemento unha vía de peregrinación que atravesaba A Mariña, Ortegal e Ferrolterra ata unirse co Camiño Inglés. Os promotores foron membros de ATURMAR e propietarios de establecementos como O Rincón de Anita, Mi Norte, A Casa de Piego, Finca Galea, Casa do Merlo e ANATUR. A implicación destes empresarios foi decisiva para crear unha estrutura estable desde a que reivindicar a importancia histórica do Camiño do Mar.

**INVESTIGACIÓN.** “Levo investigando esta ruta desde 1999”, conta o presidente da asociación. “Nunca entendín como tendo un Camiño de Santiago no noso territorio non se loitaba por el”. O traballo non foi doado. Durante anos realizaron viaxes a Santiago, xestións administrativas e investigación histórica sen ningún tipo de axuda externa. “Se agora é difícil, naquela época era impensable, porque ninguén falaba do Camiño de Santiago por aquí”.

**PATRIMONIO POR DESCUBRIR.** O Camiño do Mar é, segundo defenden, a ruta xacobeas máis ao norte de Galicia. Discorre polos concellos da costa cantábrica e ártabra, aproveitando as antigas vías que empregaban os peregrinos que chegaban a Galicia polo mar ou dende o Camiño do Norte. “É unha antiga ruta que conectaba os portos da nosa costa co antigo Camiño Francés”. A súa riqueza patrimonial é inmensa. “Temos igrexas, capelas, restos de hospitais, pinturas xacobeas antigas...”, enumera o presidente. Entre os lugares máis emblemáticos destacan o porto de Ribadeo, o hospital de San Sebastián, San Roque e a igrexa da Virxe do Camiño, tamén en Ribadeo. A basílica de San Martiño de Mondoñedo, Viveiro co

seu conxunto monumental, Ortigueira coa feira de San Claudio ou San Andrés de Teixido son só algúns exemplos. “Todo o Camiño do Mar é unha sucesión de vestixios ligados á peregrinación”.

**ACCÍONS.** A asociación traballa todo o ano para dar visibilidade á ruta. Organizan accións como o Camiño do Mar – Concello a Concello, o Camiño Gastronómico ou charlas divulgativas. Tamén atenden directamente aos peregrinos. “Cada vez hai máis”, afirman. “Facilitámoslles

máis do que pedimos, e iso tamén é malo”, recoñecen con humor. A asociación tamén puxo en marcha o Camiño Gastronómico, unha proposta que mestura peregrinación e cociña. “Queremos dar a coñecer o camiño, colaborar cos sectores produtivos da zona, fomentar a actividade saudable e difundir a nosa gastronomía”.

**Á ESPERA OFICIAL.** O recoñecemento oficial como ruta xacobeas segue a ser o gran obxectivo. En marzo de 2010, o Parlamento de



información, planificación, asesoramento”. Ademais, manteñen contactos constantes con administracións públicas, aínda que lamentan que o apoio institucional non estea á altura. “Ningún ou moi pouco para o labor que realizamos. Levamos máis de 25 anos investigando. É certo que traballamos

Galicia aprobou unha proposición non de lei que instaba ao seu recoñecemento. “Non entendemos como o Camiño de Inverno foi recoñecido axiña e o noso leva máis de quince anos agardando no caixón”. A frustración é evidente: “Xa pasamos dous anos santos desde aquela aprobación parla-



mentaria e seguimos igual. Confiamos en que para o Xacobeo de 2027, por fin, se materialice o recoñecemento”. E hai motivos para o optimismo. No ano 2021, o Cabido da Catedral de Santiago, máxima

**“A motivación principal era rescatar do esquecemento a antiga ruta xacobeas que cruzaba a Mariña, Ortegal e Ferrolterra”**

**“Foi utilizada polos peregrinos que chegaban por mar aos nosos portos ou que viñan camiñando dende o Norte”**

**“O Cabido da Catedral recoñeceu oficialmente o Camiño do Mar no 2021, pero este fito pasou totalmente desapercibido”**

autoridade na materia, recoñeceu oficialmente o Camiño do Mar como ruta xacobeas. “A Consellería de Cultura tamén o fixo no seu día. Non sabemos a que se está esperando agora”. O impacto que podería ter este recoñecemento sería notable. “O Camiño de Santiago revitalizou zonas da Galicia despoboadas. Aquí tamén podería axudar a fixar poboación, a dinamizar a

economía local, a poñer en valor o noso patrimonio”. Neste momento, seguen investigando e estudan organizar un acto divulgativo sobre a ruta. Mentres tanto, a cifra de peregrinos continúa medrando. “O ano pasado expedíronse preto de 200 Compostelas a persoas que fixeron o Camiño do Mar, de 26 nacionalidades diferentes. Sabemos que son moitos máis, porque hai xente que non volve pedir a Compostela unha vez que xa a ten”. E puxeron un exemplo revelador: “No ano 1993 só se entregaron 70 Compostelas no total do Camiño de Santiago. Agora son medio millón. Todo leva o seu tempo”. O recoñecemento administrativo da Xunta segue a ser o reto principal, pero tamén queren impulsar un labor pedagóxico sobre o significado do Camiño de Santiago. “O noso non é un camiño inventado. Ten historia, patrimonio e un paisaxe único. Case se posiciona só”. O futuro da ruta dependerá en gran medida da conciencia social e institucional. “Hai que recoñecer o traballo feito. O Cabido de Santiago oficializou o camiño e aquí pasou totalmente desapercibido. Aínda hai moita xente que nin sequera o sabe.”

“Iso é inconcibible no mundo xacobeo”, lamentan. “Esperamos que iso cambie, aínda que aquí imos a outra velocidade... máis lenta.” A pesar das dificultades, o compromiso da asociación segue intacto. “A música é unha menciña para a alma, dicía un amigo. Pois para nós, o Camiño do Mar tamén o é. É un proxecto espiritual, cultural e humano. Unha vitamina contra o esquecemento”. E conclúen cun desexo: “Dentro de cinco anos, gustaríanos ver esta ruta plenamente recoñecida, viva, con peregrinos camiñando e co noso patrimonio valorado. Sería o mellor premio a tanto esforzo”. Mentres iso non chega, a Asociación Amigos do Camiño do Mar continúa o seu labor coa mesma convicción que os levou a fundarse en 2013: recuperar un camiño que forma parte da historia de Galicia e que agarda por volver ocupar o lugar que lle corresponde entre as rutas xacobeas.

## NOVAS

viveiro

## Viveiro recibe apoio da Xunta para mellorar o abastecemento de auga

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, e a alcaldesa de Viveiro, María Gueimunde, mantiveron recentemente unha reunión para abordar a mellora na xestión da auga no municipio, centrando a súa atención na renovación das tubaxes que conectan a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Landrove coa estrada LU-540. Este proxecto, que garante un abastecemento máis eficiente, responde á necesidade urxente que o Goberno local trasladou á Xunta, dada a falta de acción do anterior Executivo municipal. O compromiso de Augas de Galicia para redactar o proxecto técnico e executalo foi reafirmado na reunión, co obxectivo de dar unha resposta á veciñanza canto antes.

Neste contexto, o Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Viveiro celebra



o inicio deste proxecto, que xa fora reclamado durante o anterior mandato. A extenenta de alcaldesa, Míriam Bermúdez, liderou unha análise técnica xunto á concesionaria VIAQUA para detectar as deficiencias das antigas tubaxes que causaban cortes no subministro. Tras presentar os informes á Xunta a finais de 2024, o traballo institucional do BNG

deu os seus froitos, permitindo que agora se inicien os trámites para a execución da obra, que será fundamental para mellorar a calidade do servizo de auga na zona. O proxecto tamén forma parte dun plan máis amplo para mellorar as infraestruturas hidráulicas en Viveiro, cunha inversión superior aos 9 millóns de euros desde 2009.

## Licitadas as obras no CEIP de Celeiro e o de Santa Rita

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, mantivo un encontro coa alcaldesa de Viveiro, Mariña Gueimunde, no que repasaron o estado dos proxectos educativos que a Xunta está a desenvolver no municipio ao abeiro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica.

Durante a reunión, o titular de Educación anunciou que se licitaron oficialmente as obras comprometidas en dous centros de ensino viveirenses. Así, no CEIP de Celeiro está previsto o cambio das carpinterías e a instalación dun aseo adaptado, cun investimento previsto de 320.000 euros. Pola súa banda, no CEIP Plurilingüe Santa Rita acometerán-

se melloras puntuais por valor de 420.000 euros, que inclúen a renovación de carpinterías e a colocación de caixas de persianas, entre outras actuacións.

Ademais, o conselleiro Román Rodríguez lembrou que hai dúas intervencións máis xa comprometidas no municipio. Unha de estas tarefas é a ampliación do IES María Sarmiento, cun orzamento estimado dun millón de euros, e para a cal se están ultimando os requisitos necesarios para iniciar a redacción do proxecto. A outra afecta ao IES Vilar Ponte, onde se renovarán as carpinterías por un importe de arredor de 225.000 euros; esta última obra atópase actualmente en fase de supervisión técnica.

## Convócase o VI Premio de Novela Vilar Ponte, aberto ata o 1 de xullo

O Concello vén de facer pública a convocatoria do VI Premio de Novela Vilar Ponte, un certame xa consolidado dentro do panorama cultural galego e que naceu coa intención de honrar a memoria de Antón e Ramón Vilar Ponte, dúas figuras fundamentais do galeguismo histórico, e de promover a creación literaria na nosa lingua. As bases do concurso estipulan

que poderán presentarse novelas orixinais, inéditas e redactadas integramente en lingua galega. A temática e extensión das obras é completamente libre, permitindo así a liberdade creativa das autoras e autores participantes. Para participar, será necesario entregar catro copias impresas da obra, identificadas unicamente co título e un lema, sen nome

do autor ou autora. O prazo de recepción remata o 1 de xullo, e os traballos deberán enviarse ao Concello de Viveiro, especificando no exterior do envío que se destinan ao "VI Premio de Novela Vilar Ponte". O certame establece dous galardóns principais: o primeiro premio dotado con 4.000 euros e o segundo con 1.000.

## A EOI enriquece a súa biblioteca cunha doazón

A Escola Oficial de Idiomas de Viveiro celebrou o Día Internacional do Libro cun acto moi especial e cargado de simbolismo. O mércores 23 de abril a súa biblioteca acolleu unha doazón de libros pertencentes ao arquivo persoal da poeta Luz Pozo Garza, cuxo nome leva este centro educativo. A entrega foi realizada por Gonzalo Vázquez Pozo, fillo da escritora viveirense, quen acudiu á

escola para compartir co público esta valiosa achega cultural. O fondo doado incluíu obras de literatura inglesa e americana, así como traducións ao castelán de títulos destacados da literatura universal. Foi unha oportunidade única para coñecer máis de preto o legado literario da autora e para reforzar o compromiso da escola co acceso á cultura e á lectura.

**nahrin**

Productos naturales de calidad suiza desde 1954

- \* Línea exclusiva para tratar el dolor con alta efectividad y resultado, sin efectos secundarios.
- \* Suplementos nutricionales para tratar y mejorar todo tipo de patologías o dolencias.
- \* Cosmética natural, con alta concentración de principio activo, para que tus clientes obtengan el efecto deseado.

**¿ERES TERAPEUTA Y BUSCAS SUMAR VALOR A TUS SESIONES? CONSÚLTANOS**

Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.  
Tel.: 619 173 496 - [www.nahrin.es](http://www.nahrin.es)

**REMATEXpress**  
Liquidaciones Warehouse

**LIQUIDACIONES**

**PAQUETES SORPRESA**

**RUA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO**  
**645 347 848 - [WWW.REMATEXPRESS.ES](http://WWW.REMATEXPRESS.ES)**

## Kiko Rey recibe en Viveiro o Premio ao Mérito Deportivo de Galicia 2024

O exxogador profesional Francisco “Kiko” Rey García foi homenaxeado este mediodía no Concello de Viveiro coa entrega oficial do Premio ao Mérito Deportivo de Galicia 2024, unha distinción outorgada pola Xunta de Galicia no pasado mes de marzo. A pesar de non poder estar presente na gala celebrada en Ourense, o recoñecemento chegoulle da man da alcaldesa de Viveiro, Mariña Gueimunde, e do xefe do servizo de Deportes da Xunta en Lugo, Manolo Cadramón.

Natural da Mariña, Kiko Rey é unha figura destacada do fútbol galego, tanto pola súa traxectoria nos principais equipos da comunidade como pola súa etapa en clubs doutros puntos do Estado. Tras colgar as botas no Viveiro CF, o equipo da súa terra, Kiko defendeu as cores do Racing de Ferrol, CD Lugo, CD Ourense, e tamén militou en clubs como o Salamanca, onde xogou en Primeira División, ademais do Eibar ou o CD Logroñés.

A entrega do galardón serviu como recoñecemento á súa extensa carreira no mundo do fútbol e ao seu papel como referente deportivo para as novas xeracións.

## Viveiro crea unha praza de xefe da Policía Local

O Concello de Viveiro deu luz verde por unanimidade á creación dunha nova praza de xefe da Policía Local. Esta decisión supón unha modificación respecto á proposta do anterior executivo local, que pretendía instaurar os cargos de inspector e inspector xefe, categorías que non están recollidas plenamente na lexislación autonómica vixente.

A alcaldesa explicou que a modificación responde á necesidade de axustarse á Lei de Coordinación da Policía Local de Galicia, que non contempla a figura de inspector xefe. No caso da praza de inspector, engadiu, a súa viabilidade depende da poboación do municipio. “Non podemos permitírnos o risco de perder a praza por un cambio no número de habitantes”, asegurou Gueimunde.

A decisión tamén se viu reforzada polo contido do informe técnico correspondente, no que non se recomendaba a creación da categoría de inspector. “A única razón pola que modificamos a proposta do anterior Goberno foi pola inexistencia da categoría de inspector xefe na Lei e pola peculiaridade da praza de inspector, condicionada pola poboación”, manifestou.

## O BNG acusa ao goberno local de frear un proxecto para aforrar na factura da luz

O BNG de Viveiro vén de censurar con dureza o que cualifica como “desinterese total” do goberno local do PP á hora de continuar co proxecto para contratar unha Empresa de Servizos Enerxéticos (ESE), unha iniciativa impulsada polo anterior executivo nacionalista que permitiría actualizar o alumeadado público e reducir á metade o gasto enerxético municipal.

No último pleno da Corporación, a concelleira do BNG, Míriam Bermúdez, pediu información sobre o estado do expediente. Tal e como explicou, o proxecto fora desenvolvido durante o seu paso pola área de obras, e incluía unha auditoría enerxética das instalacións municipais como paso previo á contratación da ESE. “Tratábase dun modelo moderno, sustentable e xa practicamente listo para ser valorado na Mesa de Contratación”, afirmou.

Porén, a resposta ofrecida pola alcaldía causou sorpresa nas filas nacionalistas. Segundo relataron, desde o executivo local argumentouse que o documento técnico é “difícil de comprender” e contén “demasiados datos”, polo que require máis tempo

de lectura. Para Bermúdez, esta escusa reflicte “falta de preparación e nulo interese por parte dun goberno máis preocupado polo soldo que por aforrar cartos públicos”.

O modelo proposto polo BNG permitiría que a empresa contratada asumise os custes da modernización da rede de alumeadado e do sistema de calefacción dos edificios municipais, sen necesidade de investimento inicial por parte do Concello. Trátase dun sistema que xa se aplica noutros municipios con resultados positivos tanto no aforro económico como na redución de emisións contaminantes.

“O PP nin sequera se molestou en analizar o proxecto, que é unha oportunidade clara para mellorar a eficiencia enerxética e aforrar diñeiro público”, apuntou Bermúdez. Recordou, ademais, que no último exercicio a factura da luz superou o millón de euros. “Pero parece que para a alcaldesa isto non supón unha preocupación real”, engadiu.

Desde o BNG insisten en que propostas como esta son claves para construír un Viveiro máis sostible e moderno.

## A veciñanza alza a voz por unha atención digna ás persoas dependentes



Viveiro converteuse nun dos escenarios elixidos polo Colectivo de Persoas Xubiladas e Pensionistas da CIG para reclamar unha mellora urxente na atención ás persoas en situación de dependencia. A concentración, que tivo lugar no corazón da vila mariñá, súmase ás mobilizacións convocadas en varias localidades do país para reivindicar a creación dun Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas.

As persoas participantes puxeron o foco nas eivas do actual modelo, especialmente no Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que consideran “desbordado e mal xestionado”. A protesta nace da preocupación crecente ante

unha realidade que afecta cada vez a máis fogares e que, segundo denuncián, “non recibe a resposta que merece por parte das administracións”.

Entre as principais demandas, o colectivo reclama que a Xunta de Galicia asuma a xestión pública directa do SAF, eliminando a súa actual externalización, que consideran fonte de precariedade e deterioro do servizo. Ademais, insisten na necesidade de reforzar o persoal dispoñible para atender a demanda crecente, ao tempo que urxen unha mellora das condicións laborais e salariais das traballadoras, cuxo labor consideran “imprescindible para garantir unha vida digna a moitas persoas maiores e dependentes”.

## O PSOE acusa a alcaldesa de autoritarismo e censura no pleno municipal

O grupo municipal socialista de Viveiro cargou duramente contra a actitude da alcaldesa Mariña Gueimunde durante a sesión plenaria celebrada onte no Concello. Segundo denuncian, a rexedora protagonizou unha conduta “autoritaria e prepotente”, chegando mesmo a impedir que a oposición tomase a palabra por dereito de alusións, o que consideran unha vulneración dos dereitos democráticos das formacións que representan a maioría dos votos da cidadanía.

Dende o PSOE acusan a alcaldesa de “soberbia e desprezo institucional”, sinalando que durante o pleno non só cortou as intervencións dos edís socialistas e nacionalistas, senón que tamén realizou afirmacións falsas sobre a xestión do anterior goberno local. “Non permitiu que responderamos a acusacións inxustas e mentiras evidentes”, apuntan.

Un dos puntos de maior tensión foi o debate arredor da creación dunha nova praza de xefatura na Policía Local. Os socialistas lembran que, cando exercía na oposición, o PP rexeitou unha proposta idéntica en xaneiro de 2025, a pesar de contar cos informes favorables da Secretaría Municipal e do Xefe de Persoal. “Agora presentan exactamente o



mesmo, cambiando só o nome do posto —de inspector xefe a xefe da Policía— e teñen a desvergoña de dicir que aquela denominación foi unha invención nosa”, denuncian.

Ademais, o PSOE reprocha a Mariña Gueimunde que chegase incluso a contradicir os criterios da Secretaría Municipal sobre o funcionamento do regulamento interno dos plenos, mostrando, segundo eles, unha “falta total de respecto institucional”.

Dende o grupo socialista fan un chamamento á alcaldesa para que “respecte os dereitos da oposición e da cidadanía” e lle lembran que “a pluralidade e o diálogo son esenciais no funcionamento democrático dunha administración local”.

## O Souto da Retorta comeza o seu proceso de recuperación

O Concello e a Xunta deron un paso adiante na recuperación dun dos seus espazos naturais máis emblemáticos: o Souto da Retorta, situado na parroquia de Chavín.

O proxecto de rexeneración, que se desenvolverá en dúas fases, permitirá devolver a vitalidade a esta paraxe singular, actualmente pechada ao público por razóns de seguridade debido ao deterioro dalgúns dos seus exemplares arbóreos.

O enclave, que acolle 270 eucaliptos, é un dos principais atractivos turísticos do municipio. Non obstante, para garantir a integridade das persoas visitantes, aquelas árbores máis danadas serán retiradas e substituídas por especies autóctonas, como os ameneiros, co obxectivo de preservar o valor natural e paisaxístico do lugar cun enfoque máis sostible.

A previsión é que as obras poidan comezar no mes de setembro, sempre que as condicións

meteorolóxicas o permitan. Debido á dificultade de acceso e á singularidade do espazo, o proxecto incluírá un estudo xeotécnico co fin de evitar posibles colapsos e determinar as mellores condicións para a entrada de maquinaria pesada sen afectar negativamente ao entorno.

Un dos símbolos máis queridos do Souto, O Avó —o eucalipto máis groso e recoñecido da contorna—, está fóra de perigo. Con todo, seguirá recibindo os coidados necesarios, como os que no seu día levaron á protección do seu contorno inmediato para evitar compactación do chan e facilitar a súa conservación a longo prazo.

O Concello destaca que esta actuación será un exemplo de como conciliar a conservación ambiental coa seguridade e o turismo responsable, devolvéndolle á cidadanía un espazo natural de gran valor ecolóxico, histórico e emocional.

# Unha homenaxe viva á verbena galega feita desde a experiencia

A nova orquestra con raíces mariñás, Trova da Mariña, aposta pola música en directo e o espírito das grandes formacións dos anos 60 aos 90

Por Ana Somoza

Hai iniciativas que nacen da paixón, outras da lembranza, algunhas do desexo de crear algo novo. Trova da Mariña nace da suma de todo iso, pero cun ingrediente extra: o amor pola música vivida e compartida ao longo dunha vida enteira. A nova orquestra, con sede en Viveiro e formada maioritariamente por músicos xubilados, busca reivindicar o valor da música en directo e render tributo a unha época na que as formacións musicais tiñan nome, carácter e estilo propio.

**TRIBUTOS MUSICAL.** Lino Rico, director musical da formación, explica con detalle a orixe, a filosofía e os obxectivos desta iniciativa que, malia ser recente, conta xa cunha sólida estrutura e moita ilusión. Rico, coñecido pola súa ampla traxectoria como pianista, entre outros lugares, no salón do Gran Hotel de Lugo, destaca que a idea xurdiu “dun xeito natural, falando entre compañeiros”. A maioría dos integrantes coñécense de toda a vida: compartiron escenarios, ensaios e quilómetros de estrada. “A formación nace no Conservatorio de Viveiro, ademais somos case todos da Mariña, menos Lolo Castro que é de Lugo, e xa nos coñecíamos de tocar e tamén da vida en xeral”, conta. A chispa prendeu nunha conversa entre amigos, pero axiña se converteu nun proxecto serio, con identidade propia. “Un día falando entre todos decidímonos a facer esta orquestra”, lembra Rico.

**ESTILO PROPIO.** Mais a iniciativa non era un capricho momentáneo, senón un soño compartido que foi

tomando forma co tempo. Querían facer “un pequeno tributo ou unha homenaxe” a todas aquelas orquestras e grupos musicais que marcaron época durante as décadas dos sesenta, setenta, oitenta e noventa. Naqueles tempos, como apunta o director musical, as formacións tiñan “unha personalidade especial, un estilo ou un selo, por dicilo así”. Algo que, segundo el, se perdeu un pouco co paso dos anos: “Non é como agora, que parece que todas ou a maioría fan unha música moi parecida”. Trova da Mariña quere recuperar esa esencia, non desde a nostalgia paralizante, senón desde o recoñecemento e a continuidade dunha tradición. A orquestra está formada por doce músicos cunha

**“A chispa prendeu nunha conversa entre amigos, pero axiña se converteu nun proxecto serio, con identidade propia”**

ampla traxectoria musical. Tres deles son vocalistas: Mario Vale, Marga Gutiérrez e Lolo Castro. A instrumentación repártese entre Luís, trombón e bombardino; Milucho e Manolo, trompetas; Vicente e Trigo, saxofóns; Jony, batería; Bruno, baixo; José Manuel, guitarra, e o propio Lino Rico ao piano. “Tamén hai que mencionar a Luís Iglesias que é o noso arreglista”, engade Rico, subliñando o labor fundamental deste último para darlle forma ao repertorio e ao son

característico da formación. Trova da Mariña non busca innovar desde a ruptura, senón desde a fidelidade ao espírito das verbenas de antes. O seu repertorio baséase en pasodobres, cumbias, baladas e cancións melódicas. “Non tocamos nin reguetón nin nada así. Non compoñemos as nosas propias cancións”, admite Rico con naturalidade. O obxectivo non é outro que o de facer desfrutar á xente, evocando sons que forman parte da memoria musical colectiva de Galicia.

**MÚSICA EN DIRECTO.** Pero se hai algo que distingue a esta orquestra das demais é que toda a música que interpretan é completamente en directo. Sen pregravados, sen trucos de estudo, sen pistas de apoio. Unha decisión consciente e coherente coa súa visión da música como acto vivo e compartido. “O noso principal punto é a música totalmente en directo”, sentencia Rico. A diversidade de traxectorias dos integrantes non é un obstáculo, senón un valor engadido. Todos eles veñen de estilos e experiencias diferentes, pero comparten un mesmo enfoque musical. “Somos músicos da comarca da Mariña que contamos con moita historia e coñecemento da verbena galega porque por moitos anos participamos neste tipo de eventos a nivel rexional, nacional e mesmo no estranxeiro”, explica o director.

**ESPÍRITO COLECTIVO.** Ademais, Trova da Mariña non é un grupo pechado. Ao contrario, está aberta a novas incorporacións. “Se alguén ten interese en formar parte só ten que contactar no Conservatorio”, anima Rico,



convencido de que hai máis músicos con ganas de recuperar esa maneira de facer música. O espírito que move a esta formación non é comercial nin competitivo. “O importante é pasalo ben. Iso é o primordial. Facémolo sen ánimo de lucro”, confesa Rico. A paixón pola música é o motor que os impulsa, e o compañeirismo entre os membros, o combustible que os mantén unidos.

Xa realizaron tres actuacións en Viveiro, con moi boa acollida por parte do público. “Nas actuacións que xa fixemos fomos moi ben recibidos”,

**“Somos músicos da comarca da Mariña que contamos con moita historia e coñecemento da verbena”**

asegura o director, quen avanza que teñen xa previstas novas datas para o verán de 2025, en lugares como O Valadouro, Ribadeo e de novo Viveiro. “Son todas interesantes, porque realmente o que nos satisfai é tocar e estar xuntos”, engade.

Tamén contan co apoio do Concello, que lles facilita unha aula no Conservatorio para ensaiar e axuda lóxística para os desprazamentos. “Temos axuda do Concello para todo”, recoñece Rico, agradecido por este res-

paldo institucional que lles permite centrarse no que verdadeiramente importa: a música.

**TRADICIÓN COMPARTIDA.** Cando se lle pregunta como lle gustaría ver a Trova da Mariña dentro de cinco anos, Rico responde con humildade: “Pois a verdade é que non o sei. O máis importante sería estar igual, é dicir, manernos, pero tamén gustaríanos contar con algún membro máis. Iso sería xenial”. Non lles interesa a fama nin os grandes escenarios. Están noutra fase da vida, como di el mesmo, e viven este proxecto desde unha perspectiva máis sosegada, máis centrada no pracer de compartir. Porque, como sostén Rico, “a música é unha menciña para a mente e a alma”. Para el, das artes existentes, é a que entra “máis directa na mente”, e por tanto, non é algo material, senón espiritual. “É unha vitamina estupenda para todos os males”, conclúe. En tempos de música enlatada, sons uniformes e espectáculos cada vez máis dependentes da tecnoloxía, Trova da Mariña eríxese como unha alternativa honesta, coherente e emotiva. Un proxecto que mira cara atrás para avanzar, que recupera a autenticidade da música en directo e a calor do contacto humano. Un exemplo de como a paixón non entende de idades e de como a experiencia pode ser o mellor ingrediente para manter viva a cultura popular.



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ  
LATERALES  
ABATIBLES  
MODELO MEIRA



ENCAMADORA DE  
CUBÍCULOS  
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³  
Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO  
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR  
DE SILO  
MODELO  
VIMIANZO  
CON BOMBOS  
GALVANIZADOS  
DE Ø 80/225 E  
Ø 100/240



CUIDAMOS EL  
BIENESTAR  
ANIMAL



CUCHILLA  
MAÍZ  
MODELO CORISTANCO



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS  
AUTONIVELANTES  
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.  
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



¡CONSÚLTANOS SIN  
COMPROMISO!



NOVEDAD

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

## O Torques de Marzán organiza unha viaxe

A Asociación de Veciños O Torques de Marzán prepara unha xornada cultural para o sábado 24 de maio de 2025 cunha viaxe organizada a Santiago de Compostela. A iniciativa conta co apoio da área de Cultura da Deputación de Lugo e está aberta tanto a persoas socias da entidade como ao público en xeral.

A saída está prevista dende o Parque do Cristo ás 8:00 horas e dende o Concello de Foz ás 8:05 horas. O custe da actividade é de 40 euros para socios e 64 euros para non socios, e inclúe o desprazamento de ida e volta, unha visita guiada polo conxunto monumental da cidade e un xantar nun restaurante do centro histórico compostelán.

As persoas interesadas poden inscribirse na tenda Hilván (Chelo), situada na Rúa da Cadra nº 2 baixo, en Foz. A data límite para retirar os billetes é o 16 de maio, e as prazas están limitadas ata completar o aforo do autobús.

Desde a organización animan a participar nesta proposta cultural que permitirá gozar dun día de convivencia, coñecemento patrimonial e gastronomía no corazón de Galicia.

## O BNG reclama reforzar o servizo de Correos para garantir un reparto eficaz

O BNG alerta de que a oficina de Correos de Foz pasou de contar con oito traballadores a apenas cinco para cubrir as tarefas de reparto, situación que provoca importantes atrasos na entrega de correspondencia oficial, notificacións xudiciais ou citas médicas. “É intolerábel que nun municipio como Foz haxa atrasos de semanas, cartas acumuladas e zonas sen reparto regular. A veciñanza está claramente prexudicada”, afirmou Néstor Rego deputado nacionalista no Congreso.

A formación nacionalista propón unha reestruturación racional das zonas de distribución, o reforzo do cadro de persoal e a dotación de máis recursos materiais. Ademais, insiste na necesidade de garantir o reparto cinco días á semana, tal e como establece a normativa estatal e europea sobre o Servizo Postal Universal.

O voceiro municipal do BNG, Francisco Xavier Fanego, lembrou que xa en 2021 o Pleno do Concello aprobou por unanimidade unha moción para reforzar o servizo postal e recuperar a apertura da oficina os sábados, suprimida durante a pandemia.

# O Concello avanza cara unha rede de iluminación máis eficiente

O goberno local continúa dando pasos firmes na modernización do seu alumeadado público. Esta semana, executáronse traballos de renovación das luminarias no parque da Ponte de Ferro, en Fazouro, e no entorno da histórica Basílica de San Martiño, dous espazos que xa amosan unha notable mellora na súa iluminación.

O concelleiro de Alumeadado Público, Ángel Fernández Neira, subliñou que “Foz conta cunha rede de alumeadado extensa e con deficiencias acumuladas ao longo dos anos, polo que estamos a acometer actuacións por fases para mellorar pouco a pouco cada zona”.

No parque de Fazouro, elimináronse antigas balizas de chan e colocáronse novas luminarias e focos, respondendo a unha demanda veciñal promovida polo anterior presidente da asociación de veciños, Raúl Río. Tamén no entorno da Basílica de San Martiño instaláronse novos focos e reparáronse puntos de luz existentes, aínda que queda



traballo por facer na revisión das luminarias do parque.

O alcalde, Fran Cajoto, anunciou que o Concello está a realizar unha auditoría completa do sistema de alumeadado público co obxectivo de preparar a documentación necesaria para sacar a licitación un novo servizo de mantemento que inclúa investimentos adicionais. “Queremos un Foz ben iluminado e coidado”, indicou, sinalando outras actuacións xa

executadas, como a renovación con tecnoloxía LED na avenida Mar Cantábrico, a rúa de Lugo e nas rotondas de entrada á vila.

Cajoto tamén avanzou que o Concello ten solicitadas subvencións á Xunta de Galicia para mellorar o alumeadado no parque empresarial de Fazouro e no Campo da Cabana, e está á espera da súa resolución para seguir avanzando neste proxecto de transformación luminosa.

## A piques de rematar as obras nas rúas Corporacións e Mijail Gorbachov

As obras de renovación do firme nas rúas Corporacións Municipais e Mijail Gorbachov que deron comezo a finais de abril están a piques de rematar.

Segundo confirmou o alcalde de Foz, Fran Cajoto, os primeiros traballos consistiron no fresado do firme actual, seguido da extensión dunha nova capa de rodadura con aglomerado en quente. “A execución foi áxil e tratouse de minimizar o impacto no tráfico”, apuntou o rexedor, que tamén adiantou que, a partir de mediados do mes de maio comezará tan só quedará a sinalización”.

Desde o Concello piden comprensión á veciñanza e ao tecido comercial polas molestias que puideron derivarse durante os días de obra. Fran Cajoto quixo rematar facendo un chamamento á paciencia: “Sabemos que este tipo de intervencións son incómodas, pero son necesarias para manter en bo estado as nosas rúas e garantir a seguridade de todas e todos”.

## Reproches entre PP e goberno por facturas pendentes

O Concello de Foz someterá ao pleno un recoñecemento extraxudicial de crédito por valor de 811.000 euros para abonar facturas pendentes do exercicio 2024, moitas delas correspondentes a servizos xa prestados. A concelleira de Facenda, Inés López Couto, explicou que a situación responde a un bloqueo administrativo provocado pola ausencia prolongada dun interventor, figura esencial para a validación dos gastos. “Non é que non se quixera pagar, senón que non se podía sen as firmas necesarias”, apuntou.

A chegada dun novo interventor interino permitiu reactivar os procedementos, pero o trámite require agora a aprobación plenaria ao corresponder a un exercicio xa pechado. López Couto criticou duramente ao líder da oposición, Javier Castiñeira, por “usar a desinformación como ferramenta política” e advertiu que votar en contra do recoñecemento significaría “negarse a pagar traballos xa feitos”.

Pola súa banda, o Partido Popular de Foz denunciou a existencia de máis de 700 facturas con reparos administrativos, como o uso

reiterado de contratos verbais, o fraccionamento de contratos e a ausencia de procedementos adecuados. Segundo Castiñeira, esta situación é “un auténtico despropósito” que pon en risco a viabilidade de moitas empresas locais, que levan meses sen cobrar. O portavoz popular advertiu ademais que os pagos pendentes afectarán o orzamento prorrogado de 2025, comprometendo partidas como festas ou comunicación.

Desde o equipo de goberno insisten en que non existen problemas de tesourería e acusan ao PP de manipular os informes técnicos con fins partidistas. “Estamos traballando a contrarreloxo para corrixir unha situación herdada”, asegurou López Couto, quen puxo en valor o labor do persoal municipal.

Ambas partes coinciden en que a solución pasa polo pleno, pero difiren na responsabilidade da situación e no uso político da mesma. O resultado da votación marcará se as empresas afectadas poden recibir os seus pagos de maneira inmediata ou deberán seguir agardando.

## Aberto o prazo de inscrición para o IV Certame de Teatro



O Concello vén de abrir o prazo para participar no IV Certame de Teatro Afeccionado ‘José Luis López Lorenzo O Poto’, unha iniciativa cultural que se celebrará os días 6, 7, 8 e 13, 14 e 15 de xuño na Casa da Cultura. Os grupos interesados en formar parte deste encontro poden presentar as súas solicitudes ata o 5 de maio a través da sede electrónica do Concello, onde atoparán un trámite específico para realizar a inscrición. As bases completas tamén se poden consultar no departamento de Cultura ou no taboleiro de anuncios da propia sede electrónica.

A concelleira de Cultura, Inés López Couto, subliña que se trata “dunha cita xa consolidada no calendario

cultural de Foz, onde se dá encontro o talento de actores e actrices afeccionadas cun público entregado e cada vez máis esixente”. A edil tamén destacou o nivel crecente das compañías participantes en cada edición, e amosou o seu desexo de que “coma nos últimos anos, se animen moitos grupos a participar para facer gozar ao público fozego”. O certame está aberto tanto a agrupacións galegas como de calquera outra comunidade autónoma, o que contribúe á diversidade e riqueza da programación teatral. Unha vez pechado o prazo de inscrición, o Concello fará público o cartel coas compañías seleccionadas.

# Aprobado definitivamente o Plan Xeral tras seis anos de bloqueo

A Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia vén de aprobar de forma definitiva e completa o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Foz, referendando así o acordo plenario adoptado polo Concello no pasado outubro de 2024.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, expresou a súa satisfacción por esta nova, cualificándoa como “un fito moi importante para o Concello”.

Cajoto lembrou que o Plan Xeral fora aprobado parcialmente no ano 2018, deixando en suspenso tres áreas clave: os terreos clasificados como urbanos entre a estrada N-642 e o ferrocarril, os solos urbanizables industriais do entorno do parque empresarial de Fazouro, e os terreos da parroquia de Cordido considerados solo de núcleo rural.

“A aprobación parcial do goberno anterior provocou un grave prexuízo aos veciños de Cordido, que desde aquela non puideron obter licenza para construír vivendas”, explicou o rexedor. “Desde o primeiro minuto que entramos a gobernar estivemos



traballando para solucionar este bloqueo herdado”.

O proceso culminou con importantes avances nos últimos anos. En novembro de 2023, o Concello obtivo da entidade Augas de Galicia a ampliación do caudal do río Ouro, e en febreiro de 2024 logrouse a legalización da captación de auga en Cordido, un dos requisitos fundamentais para a aprobación definitiva do PXOM. A proposta levouse a pleno por primeira vez en xuño de 2024 e, tras realizar as correccións técnicas solicitadas, foi aprobada de novo en outubro.

Segundo declarou o alcalde, “recibimos a comunicación formal da directora xeral de Urbanismo, María Encarnación Rivas, que nos confirmou a aprobación definitiva dos ámbitos que estaban pendentes. Agradecemos o seu compromiso e interese en resolver o expediente de Foz”.

Cajoto sinalou tamén que a orde será publicada proximamente no Diario Oficial de Galicia, o que permitirá activar de inmediato a concesión de licenzas para edificacións na parroquia de Cordido, así como o desenvolvemento do solo urbanizable no parque empresarial de Fazouro.

## A residencia de Foz pasa a mans municipais

Nun prazo inferior a dous meses, o Concello recibirá en propiedade a residencia e o centro de día, ata agora xestionados polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Así o confirmou o xerente do organismo autonómico, Perfecto Rodríguez, nunha reunión mantida este xoves en Santiago co alcalde focense, Fran Cajoto, e coa concelleira de Asuntos Sociais, Ana Rojo. “Mantivemos unha xuntanza da comisión mixta de seguimento do convenio entre o Concello e o Consorcio, á que asistiron tamén os servizos xurídicos de ambas entidades. Foi convocada a petición do propio Concello, que a solicitara o pasado 11 de febreiro. Alí comunicáronnos que xa teñen toda a documentación preparada e que, conforme ao pactado, se realizará a transferencia da propiedade nun prazo inferior a dous meses”, explicou o rexedor.

Cajoto aproveitou para criticar a falta de resposta da conselleira de Política Social, Fabiola García,

á que solicitou unha reunión en reiteradas ocasións: “É inaceptable que despois de tantos anos non tivera a deferencia de recibírnos. A Consellería adebeda ao Concello máis de 700.000 euros anuais polo servizo de axuda no fogar e pola residencia e centro de día. É urxente sentarse e buscar solucións, como por exemplo concertar prazas da residencia municipal, algo que a Xunta xa fai con entidades privadas”.

O alcalde denunciou tamén unha actitude de abandono por parte da Xunta no tocante aos coidados dos maiores e puxo como exemplo o recente bloqueo á adxudicación da xestión da residencia en Foz, apoiado por PP e BNG: “A proposta era por 2.012,92 euros mensuais para usuarios de grao III, con IVE incluído, e cun sistema de axudas para persoas sen recursos. Mentres tanto, en Castro de Rei, gobernado polo PP, licítase a xestión cun custo de 2.184,52 euros”.

## Renovado o rueiro para promover un turismo máis informado e sostible

O Concello presentou un novo rueiro da vila acompañado dun mapa actualizado de todo o municipio, co obxectivo de mellorar a experiencia de veciños, veciñas e visitantes a través dunha ferramenta informativa moderna, completa e visualmente atractiva.

Un dos aspectos máis destacados é a aposta por unha toponimia enriquecida, que recolle nomes tradicionais da costa, referencias ao

patrimonio natural e paneis informativos sobre flora e fauna local. Ademais, o rueiro sinala rutas de sendeirismo, miradoiros como o de Tamarina ou o da Ría, e esculturas representativas como O mariñeiro, A conversa ou Os náufragos.

A guía tamén potencia o turismo activo, sinalando a rede de carrís bici, parques infantís, espazos biosaludables, campos de fútbol ou a piscina municipal. Inclúe to-

dos os edificios municipais e equipamentos de interese como o centro de saúde ou os colexios.

Outra novidade é a delimitación de dúas áreas clave no rueiro urbano: a zona comercial, identificada en cor coral, e a zona de restauración e ocio nocturno, marcada en malva. Todo este material estará dispoñible en formato peto na oficina de turismo, situada no edificio Cenima.

## Foz convértese en punto de encontro para o kickboxing

O kickboxing volverá ser protagonista en Foz cunha nova cita pensada para fomentar o adestramento conxunto e dar visibilidade a este deporte en aux. Será o vindeiro sábado 17 de maio, nunha sesión matinal de Sparring Day que terá lugar no Campo da Cabana, un espazo aberto que ofrecerá un marco diferente e atractivo para a práctica desta disciplina. A actividade está organizada polo club Foz Contact Ari, que conta coa colaboración do Concello de Foz, e

está aberta ao público que desexe achegarse para coñecer de preto o mundo do kickboxing e desfrutar dun espectáculo deportivo en directo.

O Concello agradece especialmente o labor da presidenta do club, Vanesa Ares, pola súa implicación e dedicación constante na promoción do kickboxing en Foz. Grazas ao traballo do club, esta disciplina está a gañar cada vez máis presenza e participación entre a mocidade local.



## Triple recoñecemento para o IES Perdouro: ciencia, tecnoloxía e inclusión



O IES Perdouro brillou con luz propia na IV Olimpíada Robótica organizada pola Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF), celebrada o venres 4 de abril no Campus Industrial da cidade. O equipo Burela-bot, na categoría Elite (3º e 4º da ESO), acadou o premio Todo Terreo, que recoñece ao grupo máis completo da competición ao obter a maior puntuación nas tres probas principais: segue-liñas, barrendeiro e sumo.

O recoñecemento foi entregado pola vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Ana Ares, no transcurso dun evento que reuniu a preto de 200 estudantes de centros educativos de toda Galicia. Pero o éxito do centro burelao non rematou aí: os equipos do IES Perdouro tamén conquistaron tres ouros nas probas técnicas da categoría Elite. O robot Torques-bot logrou a medalla de ouro tanto na proba de segue-liñas como na de sumo, mentres que o Reliño-bot obtivo a prata na mesma categoría de segue-liñas, demostrando a calidade e preparación dos seus participantes.

A competición, que se desenvolveu entre o Pavillón de Esteiro e o Salón de Actos Concepción Arenal, contou coa participación de centros de Ferrol, Fisterra, Cariño, Narón, Be-

tanzos ou Mugardos, entre outros. Esta iniciativa fomenta a creatividade, a aprendizaxe colaborativa e o interese polo ámbito STEM entre o alumnado de secundaria.

**XEOLOXÍA.** O estudante burelao Hugo Gorgojo Basanta, converterase este verán nun dos embaixadores da xeoloxía española na Olimpíada Internacional de Xeoloxía, que terá lugar en Jí'ning (China) entre o 7 e o 17 de agosto.

O mozo acadou a súa clasificación tras situarse entre os catro primeiros postos na fase final da olimpíada estatal, celebrada esta fin de semana en Tremp (Lleida), demostrando o seu talento e coñecementos nunha disciplina que combina ciencia, investigación e paixón pola Terra.

Xunto a el, completan o equipo español Santiago Otero, do colexio Peleteiro de Santiago de Compostela; Samuel Martín, de Salamanca; e Fernando Juez, de Badaxoz.

Desde a comunidade educativa do centro burelao celebraron con orgullo a nova, destacando o traballo e dedicación de Hugo ao longo do curso. A súa participación nesta prestixiosa cita internacional sitúa de novo ao IES Perdouro e ao ensino público galego no mapa da excelencia académica.

## Boas prácticas 2024

O compromiso coa inclusión e o benestar do alumnado acadou un novo recoñecemento en Burela. O IES Perdouro e o CEIP Plurilingüe Virxe do Carme foron premiados pola Consellería de Educación nos Premios de Boas Prácticas 2024, que distinguen o traballo destacado de centros educativos en materia de inclusión, convivencia e loita contra o acoso escolar.

O IES Perdouro foi galardoado co 2º premio na categoría B dos Premios de Educación Inclusiva, mentres que o CEIP Plurilingüe Virxe do Carme recibiu o 2º premio na categoría A do certame ConVivimos 2024, polo seu labor na promoción

do bo clima nas aulas e o coidado do benestar emocional dos máis pequenos.

Estes recoñecementos foron entregados nun acto no que participou o conselleiro de Educación, Román Rodríguez, quen puxo en valor o papel fundamental dos centros na construción dun sistema educativo máis xusto, equitativo e integrador. Tanto o profesorado como os equipos directivos dos centros burelaos recibiron estas distincións como un impulso para seguir traballando a prol dunha escola que respecte e valore a diversidade, e que poña no centro ás persoas.

## Convocado o concurso de carteis para a XXXIX Feira do Bonito

A Sociedade Cultural Leducia vén de anunciar a convocatoria do concurso de carteis para a XXXIX Feira do Bonito, que terá lugar os días 2 e 3 de agosto de 2025 na zona portuaria de Burela. O certame, aberto a todas as persoas interesadas, divídese en dúas categorías: a Categoría A, para menores de 14 anos, e a Categoría B, para maiores desa idade.

Os participantes poden presentar unha ou varias propostas, que deberán estar relacionadas co bonito e coa exaltación da feira. O deseño debe incluír obrigatoriamente o título XXXIX Feira do Bonito, así como a data e o lugar da celebración. A técnica é libre, pero os traballos dixitais deberán presentarse cunha copia impresa. As dimensións requiridas son de 15 x 20 cm para a Categoría A e de 50 x 65 cm para a Categoría B.

As propostas poden entregarse ata o 12 de maio de 2025 no local da Sociedade Cultural Leducia,



situado na Rúa do Ril, 4 de Burela, os luns de 20:30 a 22:30 horas, ou enviarse por correo postal. Tamén é posible contactar coa xunta directiva para outras opcións de entrega.

Os carteis gañadores serán empregados na difusión do evento: o mellor traballo da Categoría A ilustrará o programa de man,

mentres que o gañador da Categoría B será o cartel oficial da feira. Os premios consistirán en agasallos representativos da festa, que se entregarán durante a celebración do evento.

A participación no concurso implica a aceptación das bases, dispoñibles para consulta no correo [lediciascr@gmail.com](mailto:lediciascr@gmail.com).

## Alumatou Niang achega a integración ás aulas



Os nenos de 6º de primaria do CEIP Os Castros e do CEIP Vista Alegre participaron nunha xornada de concienciación promovida pola Concellería de Inmigración e Cooperación de Burela, no marco dun programa destinado a apoiar a poboación inmigrante.

O encontro contou coa presenza de Alimatou Niang Ep Sarr, veciña da localidade desde hai máis dunha década e natural de Senegal, quen compartiu co alumnado a súa historia persoal, marcada pola resiliencia, a integración e o compromiso coa comunidade que a acolleu.

Durante a súa intervención, Niang falou das dificultades iniciais que supuxo adaptarse a un novo país e a unha cultura diferente, desta-

cando a importancia de manterse firme nos momentos complicados e de cultivar valores como a solidariedade e o respecto mutuo. A súa testemuña espertou gran interese entre o público infantil, que seguiu atentamente a charla e participou con entusiasmo.

Mario Pillado, tenente da alcaldesa, salientou a relevancia destas iniciativas no ámbito escolar: “Consideramos fundamental achegar exemplos reais de integración aos centros educativos. A experiencia vital de Alimatou é especialmente inspiradora e pensamos que deixa unha pegada positiva nos rapaces”, indicou. Pillado anunciou ademais que se estenderá esta actividade aos institutos da vila para dar continuidade ao proxecto.

## O PP critica a falta de investimentos da Deputación na estrada entre San Román e a vila

O Partido Popular amosou o seu malestar pola ausencia de investimentos da Deputación no municipio dentro do último plan de mellora e acondicionamento da rede de estradas provinciais. A formación centrou as críticas na situación da estrada LU-P-1502, que conecta Burela con San Román, e na que, segundo denuncian, aínda non se colocaron as barreiras de seguridade prometidas para o lado dereito da vía —nun tramo con forte desnivel— en sentido descendente dende San Román.

Os populares lamentan que, malia contar cunha alcaldesa que ostenta responsabilidades dentro do goberno provincial, concretamente na área económica, Burela continúe sen recibir investimentos. Pregúntanse se esta falta de atención responde a posibles tensións internas no seo do PSdeG tras os recentes resultados nas eleccións provinciais para a secretaría socialista, onde Burela xogou un papel clave.

“Agardamos que os intereses partidarios non condicionen as decisións que afectan aos veciños”, sinalan dende o PP, reclamando unha solución inmediata e un trato xusto.

# O Concello impulsa o hábito de camiñar ata os centros educativos

O Concello de Burela vén de poñer en marcha esta semana a campaña 'Eu, a pé ao cole', unha iniciativa que aposta por recuperar o hábito de camiñar aos centros educativos como fórmula para mellorar a saúde, coidar o medio ambiente e reforzar a vida comunitaria. O proxecto arrancou onte nos colexios da vila e estenderase aos institutos a partir do vindeiro luns, cun enfoque claro: consolidar costumes saudables e sostibles entre a infancia e a adolescencia.

A proposta céntrase na promoción dos desprazamentos a pé como alternativa aos vehículos motorizados. A alcaldesa de Burela, Carmela López, destacou que esta medida contribúe a "mellorar a forma física, reducir o sedentarismo, previr a obesidade e potenciar o benestar emocional e cognitivo do alumnado". Tamén puxo en valor o impacto ambiental positivo da campaña: "Reducimos emisións, fomentamos a interacción social e avanzamos cara a unha vila máis amable e sostible".



Para López, accións como esta son fundamentais para construír unha sociedade máis saudable: "Apostar por movementos coma este é apostar polo futuro, pola saúde, polo medio ambiente e pola calidade de vida da nosa comunidade". E engadiu que o compromiso do Concello vai máis alá dunha campaña puntual: "Queremos que isto sexa o xerme dun cambio real nos hábitos de mobilidade. Desde o goberno local seguiremos promovendo iniciativas que melloren o benestar da veciñanza".

**ENSAIOS ABERTOS.** A vila échese de música, baile e saúde coa posta en marcha dunha nova edición dos ensaios abertos, unha iniciativa que ten como obxectivo fomentar estilos de vida saudables a través da cultura, o exercicio físico e a participación social en espazos públicos. O grupo Dambara actuará o mércores 14 ás 21:00, na Praza da Mariña. A SCR Leticia o fará o martes 20 ás 19:00 na Praza do Concello, mentres que a última sesión terá lugar o mércores 21, ás 21:00 horas, con Dambara de novo como protagonista.

# Burela prepara a tradicional procesión marítima das festas

As Festas Patronais de Burela, que se celebran en honra á Virxe do Carme e San Xoán Bautista, están a piques de chegar e coas festividades, un dos momentos máis esperados: a procesión marítima. Este ano, a data sinalada para a súa celebración será o vindeiro 1 de xuño, e, como en anos anteriores, a Confraría de Pescadores San Xoán Bautista organiza o evento.

A tradicional procesión marítima é un dos actos máis significativos de estas festas e permite a todos os veciños participar nunha celebración única, que recolle a profunda devoción mariñeira da vila. Este ano, a organización fai un chamamento a todas as embarcacións que desexen ser parte da procesión, convidándoo a inscribirse na Confraría ou a contactar por teléfono para apuntarse.

Unha vez completadas as inscricións, realizarase un sorteo entre as embarcacións interesadas para determinar quen será a encargada de "levar a Santa" neste día tan especial. A procesión, que percorre as augas do municipio, é un evento de gran calado na vida social e relixiosa de Burela, reunindo tanto aos habitantes da vila como aos visitantes que chegan para gozar das festas.

A Confraría de Pescadores San Xoán



Bautista agarda contar cunha ampla participación de embarcacións neste acto tan emblemático das Festas Patronais, que cada ano contribúe a reforzar os lazos entre a tradición mariñeira e a devoción relixiosa de Burela.

**PREGOEIRA.** A profesora e ilustradora Ana Moreiras será a encargada de pronunciar o pregón das festas patronais de Burela, nun acto que terá lugar o vindeiro 24 de maio. A elección responde a unha aposta do Concello e do portavoz da comisión organizadora, Rubén Pinín, por contar cunha muller para abrir oficialmente as celebracións. "Parécenos que encaixa perfectamente co espírito das festas", asegurou Pinín.

Para colaborar no financiamento

dos festexos, a comisión organizadora puxo á venda uns abanicos de cor amarela e azul, dispoñibles nos comercios asociados á ACIA de Burela por un prezo de 5 euros. Ademais, nas cantinas das festas ofreceranse vasos reutilizables de plástico, que poderán adquirirse por un euro adicional ao realizar as consumicións, sendo obrigatorio o seu uso para contribuír á sustentabilidade do evento.

# O centro de día San Aníbal estrea novas instalacións cun parque adaptado para nenos



O centro de día de menores San Aníbal conta cunhas instalacións renovadas, grazas ás obras de mellora realizadas nas últimas semanas. O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, desprazouse ata o centro para supervisar o resultado das actuacións acometidas, entre as que destaca a creación dun novo parque infantil adaptado ás necesidades de nenos e nenas con discapacidade.

O investimento total destinado ás melloras roza os 37.000 euros, dos cales 30.000 foron achegados pola Xunta de Galicia. Esta achega permitiu non só a instalación do parque exterior, que quedou oficialmente inau-

gurado durante a visita, senón tamén a ampliación de zonas comúns como o comedor, a sala de estar e a sala polivalente. Ademais, habilitouse unha nova área destinada ao uso de tecnoloxías dixitais.

O director xeral subliñou o compromiso da Xunta co apoio a centros que, como este, contribúen ao benestar e á integración dos menores, especialmente daqueles que presentan diversidade funcional.

Estas obras supoñen un avance na calidade dos servizos prestados polo centro San Aníbal, ofrecendo un entorno máis accesible, moderno e funcional para os menores que fan uso das súas instalacións.

# A vila acollerá unha nova edición do Campamento Musical

A música volverá soar con forza en Burela entre o 26 e o 29 de xuño coa celebración da terceira edición do Campamento Musical, unha proposta promovida pola Asociación de Usuarios da Escola de Música de Burela (ASUEMBU). A actividade está dirixida a nenos e nenas a partir dos 8 anos, e combina formación musical especializada con convivencia e lecer.

O campamento ofrece un total de 25 horas de formación homologada e permitirá ao alumnado afondar en diferentes especialidades, como corda fretada, vento, piano e percusión. As prazas son limitadas e o prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 15 de maio. O prezo xeral é de 150 euros, aínda que se aplican tarifas reducidas para irmáns e para persoas asociadas a ASUEMBU.

Durante esa fin de semana, Burela converterase nun escenario musical aberto á cidadanía. O sábado 28 de xuño, ás 20:00 horas, a Praza da Mariña acollerá un concerto de cámara, mentres que o domingo 29 ás 18:00 horas celebrárase o concerto final na Casa da Cultura, onde o público poderá comprobar os avances do alumnado participante.

O tenente da alcaldesa, Mario Pillado, destacou o valor da iniciativa: "É un pracer colaborar para impulsar esta actividade que cada ano reúne a mozos arredor da paixón pola música, a convivencia e a diversión". Quixo tamén felicitar a ASUEMBU polo seu labor organizativo.

As persoas interesadas poden obter máis información ou formalizar a súa inscrición chamando ao número de teléfono 644 894 714.



## O Ribadeo de Tapeo celebra a súa XVIII oitava edición

Ribadeo xa se prepara para saborear unha nova edición do seu evento gastronómico máis emblemático. Do 10 ao 18 de maio celebrarase o XVIII Ribadeo de Tapeo, unha cita consolidada no calendario primaveral da vila e que este ano contará coa participación de 21 establecementos hostaleiros locais. As tapas terán un prezo fixo de 3 euros e serviránse durante un intervalo de catro horas diarias, ben á hora do xantar, pola tarde ou combinando ambas franxas. Nesta edición, un xurado profesional escollerá as catro mellores tapas, mentres que o público poderá votar a súa preferida a través da aplicación móbil oficial do evento ou cubrindo un cartón físico dispoñible en cada establecemento. Para emitir o voto será preciso probar como mínimo cinco tapas dunha mesma zona. Entre todas as persoas participantes sortearanse agasallos gastronómicos e culturais, como almozos, lotes de vermú e viño, ou experiencias de tapeo.

## A vila do Eo acolle a maior batalla de barbeiros do norte peninsular

A vila converterase o vindeiro sábado 18 de maio no epicentro da perruquería masculina coa celebración da Barber Battle, unha competición que reunirá a destacados profesionais do sector e que promete ser o maior encontro deste tipo no norte de España. A cita desenvolverase no pavillón da rúa Alfredo Deaño e incluírá unha master class visual e unha batalla profesional entre algúns dos nomes máis recoñecidos do panorama da barbeiría: Ismael de Mora, Fran Aranda, Cristhian Barber, Sion Barbería, Iván Jiménez e Jesús Vázquez. Desde a organización advirten que as prazas para asistir son limitadas, polo que animan á veciñanza a reservar canto antes. O concelleiro de Mocidade, Francisco José Silvent, destacou: “No Concello estamos moi satisfeitos de apoiar esta proposta, impulsada por un mozo emprendedor de Ribadeo. É a primeira vez que unha batalla de barbeiros chega á nosa vila e confiamos en que teña unha excelente acollida. Agardamos que a xente nova poida aprender técnicas innovadoras e desenvolver o seu propio estilo”.

## O BNG acusa ao alcalde de enganar coa obra do Hospital Asilo



O Bloque Nacionalista Galego lanzou duras críticas contra o alcalde Daniel Vega, a quen acusan de incumplir os seus compromisos e de mentir reiteradamente sobre a situación da obra no Hospital Asilo. Segundo o BNG, o rexedor continúa botando a culpa ao anterior goberno municipal mentres as persoas maiores afectadas permanecen desprazadas noutras residencias, lonxe das súas familias e do seu lugar de orixe. “Cada vez resulta máis evidente a súa incapacidade para gobernar e a súa habilidade para falsear datos e responsabilizar ao BNG do seu fracaso”, afirman os nacionalistas, que lembran que xa rematou o prazo previsto para a execución das obras e, porén, non hai solucións nin avances palpables.

O grupo municipal reprocha a Vega que, en novembro de 2024 e de novo o 26 de febreiro deste ano, asegúrase publicamente que non fora necesario modificar o proxecto. “Nunha declaración recollida pola prensa e na propia web do Concello, o alcalde foi claro: non se fixo ningún modificación. Dous anos despois de chegar ao cargo, debería saber perfectamente como ía a obra”, apuntan. Diante destas contradicións, o BNG pregúntase se Vega falaba sen información ou se simplemente mentía. “Se daquela dicía a verdade, por que agora xustifica os atrasos cunha suposta modificación do proxecto? E se non dicía a verdade, como confiar no que afirma agora?”, reflexionan.

## A I Andaina contra o Cancro será o vindeiro 17 de maio



Ribadeo acollerá o vindeiro 17 de maio a I Andaina Ribadeo en Marcha contra o Cancro, un evento deportivo e lúdico organizado pola AECC para sensibilizar á cidadanía sobre a loita contra o cancro e recadar fondos para a investigación oncolóxica. A presidenta de Acisa, Carmen Cruzado, destacou a importancia de participar nesta causa solidaria: “Estar aquí para apoiar á AECC de Ribadeo e Lugo é un pracer, e animamos a todas as persoas a sumarse a este evento, que comezará ás 11:00 horas no Parque de

San Francisco”. A andaina pretende recadar fondos que se destinarán á mellora das condicións de vida das persoas afectadas polo cancro e á investigación para mellorar a taxa de supervivencia. As inscricións realizaranse entre o 12 e o 16 de maio en horario de 12:00 a 14:00 horas na sede da AECC e tamén o propio día do evento na Sala de Exposicións do Parque de San Francisco. Quen non poida participar poderá colaborar cun donativo para esta causa tan importante.

## Os Cantos de Taberna volverán en maio cunha xornada de música e tradición

O municipio prepárase para acoller a oitava edición dos Cantos de Taberna, unha das citas máis esperadas no calendario cultural do municipio. O evento, que terá lugar o 24 de maio, está organizado polo Concello de Ribadeo e promete un día cheo de música, tradición e un ambiente festivo nos locais de hostalaría da vila. Os grupos interesados en formar parte desta celebración musical deberán inscribirse antes do 16 de maio. As solicitudes poden realizarse a través do correo electrónico [turismo@ribadeo.gal](mailto:turismo@ribadeo.gal) ou chamando ao teléfono 982 128 689. Para formalizar a inscrición, os participantes deben achegar a ficha de solicitude, dispoñible na sede electrónica da páxina web do Concello de Ribadeo, [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal). Este ano a participación estará li-

mitada a un máximo de 15 grupos, ou 150 persoas en total. Cada grupo percorrerá un itinerario previamente asignado pola organización e non poderá actuar en locais de hostalería que non lles foran asignados. Os repertorios serán de libre elección, preferentemente con pezas populares e tradicionais, incluíndo obras de raíz ribadense que poderán ser modificadas ao longo do percorrido. Ademais das voces, os grupos poderán levar instrumentos musicais, sen que isto incremente o número de integrantes. Unha das novidades deste ano é que todos os grupos participantes quedarán convidados a un agasallo común: unha cea ou petiscos xuntos ao remate do evento, que se celebrará tamén o 24 de maio, despois de rematar os Cantos de Taberna.

## Novas queixas veciñais en Ribadeo por desleixo en espazos públicos



Varios veciños e veciñas de Ribadeo volveron alzar a voz para denunciar situacións de abandono e falta de atención por parte do Concello en distintos puntos do municipio. As críticas refrendanse ao estado de conservación de espazos públicos que, segundo indican, presentan deficiencias que levan semanas sen resolverse. En primeiro lugar, sinalan a acumulación de lixo nas papeleiras da zona do Cargadoiro. “Xa o denunciamos o 26 de abril, levaban semanas sen recollese e, lonxe de solucionar o problema, retiraron unha das papeleiras sen repoñela nin baleirala”, afirman con indignación. Tamén reiteraron a súa preocupación polo estado do parque infan-

til de San Miguel, que permanece pechado parcialmente con valado. “Os barrotes da varanda seguen rotos, xa o advertimos anteriormente pero o Concello fai ouvidos xordos. Estamos ante unha imprudencia grave que podería ter consecuencias trxicas se un neno sofre unha caída”, explican. Por último, denuncian a situación da rúa Baixada á Cabanela, onde a maleza invade os laterais da calzada. “A vexetación medra sen control, parece unha selva, e isto dificulta o paso e crea sensación de abandono”, comentan. Os veciños esixen ao goberno municipal que actúe con urxencia para corrixir estas deficiencias e garantir a seguridade e o benestar da cidadanía.

# Portos de Galicia asumirá o custo para mellorar a rúa Buenos Aires

O Concello de Ribadeo e a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, asinaron un convenio de colaboración que permitirá a remodelación integral da rúa Buenos Aires, no tramo comprendido entre o centro urbano e o porto de Mirasol. Segundo recolle o acordo, Portos de Galicia asumirá a totalidade do financiamento das obras, cun orzamento de 448.000 euros, mentres que o Concello será o encargado de licitar, executar e conservar a actuación. A Xunta autorizou previamente a sinatura do convenio debido ao volume económico da achega autonómica.

O proxecto contempla a renovación completa do pavimento e a substitución de todos os servizos urbanísticos, incluíndo a rede de sumidoiros e canalizacións de enerxía eléctrica, telecomunicacións e gas. Tamén se actuará sobre os afundimentos existentes na calzada provocados por obras anteriores e levarase a cabo a rehabilitación de varias vivendas.

Un dos puntos clave será a elevación



da calzada na contorna do auditorio municipal Hernán Naval, co obxectivo de crear un espazo máis amplo con carácter de praza, ao tempo que se reduza a velocidade do tráfico. Tamén se procederá á mellora do muro que separa a rúa do barrio de Fonte Cavada, dotándoo de nova iluminación ornamental.

Por outra banda, instalarase novo mobiliario urbano, con bancos e papeleiras, e eliminarase o formigón deteriorado na praza, renovando a súa superficie para garantir unha maior seguridade e comodidade para peóns e condutores.

O alcalde de Ribadeo, Daniel Vega, destacou que “esta obra vai máis alá do que se ve, pois inclúe tamén a renovación das redes soterradas, beirarrúas e todo o ámbito do auditorio”. Subliñou que “é unha vía estratéxica de conexión entre a zona portuaria e o casco urbano que levaba anos precisando unha intervención deste calibre”. Tamén puxo en valor a colaboración institucional co goberno galego: “É unha nova inversión que nos permite seguir transformando Ribadeo con xestión e traballo continuo”.

## Alarma pola eliminación de vexetación en espazos públicos



A Plataforma en Defensa das Árbores volveu dar a voz de alarma diante de dous temas que preocupan a un sector crecente da veciñanza: a eliminación de elementos verdes nos espazos públicos e o traslado do centro de saúde fóra do núcleo urbano.

Nun comunicado, o colectivo reacciona ante o anuncio do Concello dun novo proxecto de reforma no parque próximo á capela de San Miguel. Segundo consta na web municipal con data do 24 de marzo, o plan contempla “eliminar todos eses setos vexetais e colocar unha varanda de madeira que garanta a seguridade”.

A plataforma considera incom-

prensible esta decisión e cuestiona abertamente a relación entre os setos e a suposta falta de seguridade. Critican tamén a falta de información sobre posibles enfermidades ou problemas que poidan causar estas plantas, e denuncian o uso reiterado da palabra “eliminación” como un síntoma dunha política verde que consideran pouco respectuosa.

Lembran casos recentes como a retirada de arbustos na praza Pancho Maseda, xustificada para permitir o paso de ambulancias, e que poucas semanas despois quedou inutilizada por unha exposición publicitaria.

## A Banda de Ribadeo celebrará as Letras Galegas cun concerto

A Banda Municipal de Música de Ribadeo ofrecerá un concerto especial con motivo do Día das Letras Galegas o vindeiro venres 16 de maio, ás 20:30 horas, no auditorio Hernán Naval. O evento incluírá a estrea de catro composicións que nunca antes foran interpretadas pola formación ribadense.

Segundo explicou o director da Banda, David Ballester Martínez, o programa dividirase en dúas partes: unha dedicada á música galega ou creada por compositores galegos, e outra con obras de diferentes estilos e procedencias, que completarán un repertorio variado e accesible. Un dos momentos máis singulares da noite chegará coa interpretación dunha peza que contará cunha narración en directo a cargo dunha das integrantes da Banda.

“Non podemos narrar as Letras Galegas no sentido literario, pero si queremos achegarnos a elas dende a música, que tamén ten letra e alma”, sinalou Ballester. O director quixo destacar o esforzo do grupo, que regresa ao escenario apenas un mes despois do concerto de Semana Santa, e animou á veciñanza a asistir: “Será un concerto especial, emotivo e con varias sorpresas para o público”.

## A Deputación desminte ao goberno local e reivindica a súa achega ao Club de Remo



A Vicepresidencia da Deputación de Lugo saíu ao paso das declaracións feitas polo Concello de Ribadeo en relación coa compra dunha furgoneta polo Club de Remo local. A institución provincial quixo deixar claro que foi a través dun convenio directo coa área de Mocidade como se materializou esta axuda, sen intervención nin xestión por parte do goberno municipal.

Segundo explicaron desde a Deputación, o pasado 1 de abril asinou un acordo de colaboración co Club de Remo de Ribadeo por un importe total de 54.289,16 euros, dos que 40.000 foron achegados pola propia área de Mocidade,

mentres que o resto correu a cargo do club con fondos propios.

Dende o organismo provincial remarkan que a necesidade do vehículo foi exposta directamente polo club en distintas reunións mantidas en decembro e xaneiro co deputado de Mocidade, Daniel García, e censuran que o Concello “trate de atribuírse un traballo alleo”, actuando con mala fe”. A Deputación pide ao executivo local “respecto institucional e unha colaboración sincera” para evitar este tipo de conflitos e recoñecer o esforzo das entidades que, como o Club de Remo, impulsan o deporte na Mariña.

## O Concello expropia a Casa Maseda para darlle un uso público e recuperar o seu valor

O Concello de Ribadeo aprobou en pleno a expropiación da Casa Maseda, un edificio histórico en estado de abandono. Tras un ano de tramitación e a resolución das alegacións presentadas, o goberno local declarou oficialmente a súa expropiación e solicitou á Xunta a ocupación urxente do

inmable. O alcalde, Dani Vega, explicou que o obxectivo é recuperar este espazo para fins públicos, como oficina de turismo, punto de información ao peregrino ou sede da marca Galicia Calidade, destacando o seu valor patrimonial e a súa localización estratéxica.

ACADEMIA  
**A Mariña**

MANIPULADOR DE ALIMENTOS

APLICADOR FITOSANITARIOS

BIENESTAR ANIMAL

PROTOCOLOS DE ACOSO

PRERREQUISITOS -APPCC

PROTECCIÓN DE DATOS

FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

## A nova ordenanza municipal limitará a música e os espectáculos nas terrazas

O Concello vén de aprobar unha ordenanza municipal coa que se establece por primeira vez unha normativa específica para o uso e funcionamento das terrazas de hostalería. Ata o de agora, non existía un marco regulador claro, polo que este novo documento pretende poñer orde, garantir a convivencia veciñal e preservar o bo estado dos espazos públicos. Unha das principais novidades do regulamento é a prohibición expresa de reproducir música por calquera medio nas terrazas, mesmo se o establecemento matriz conta coa correspondente autorización. Tampouco se poderán realizar actuacións musicais ou espectáculos nas zonas exteriores. A ordenanza contempla, iso si, a po-

sibilidade de autorizar excepcións puntuais por motivos xustificadas e sempre mediante solicitude previa ao Concello. En materia de ruído, recóllese que o propio Concello poderá realizar medicións dos niveis sonoros e iniciar un expediente sancionador en caso de incumprimento, o que podería chegar mesmo ao peche da terraza. A normativa tamén fai fincapé na limpeza e conservación da área ocupada. Os responsables das terrazas deberán garantir o mantemento continuo da zona e retirar todo o mobiliario ao remate da xornada. O horario autorizado irá de luns a xoves entre as 9:00 e as 02:00 horas, e de venres a domingo ata as 02:30.

## A nova parada de autobús en San Cosme mellora a seguridade



Desde o pasado mes de abril, a parada de autobús de San Cosme no sentido Ribadeo-Viveiro cambiou oficialmente de localización, pasando a situarse diante da farmacia da vila. A medida foi aprobada tras a solicitude realizada polo Concello, que levaba tempo demandando unha solución máis segura e accesible para os usuarios do servizo. A anterior parada, situada directamente no carril de circulación da estrada, presentaba serias deficiencias tanto en termos de seguridade viaria como de accesibilidade peonil. A presenza dunha marquesiña sobre a beirarrúa dificultaba o paso dos viandantes e obrigaba os autobuses a deter o tráfico para realizar as paradas. A nova localización, fronte á farmacia, conta cunha marquesiña adecuada e permite unha mellor organización do tráfico e maior comodidade para os usuarios, reducindo riscos e facilitando o acceso ao transporte público.

**AUGA.** O goberno municipal está a mellorar a rede de subministro de auga cun paquete de actuacións valorado en máis de 250.000 euros, financiado por Medio Rural da Deputación. Un dos proxectos principais é a renovación do depósito da Folgueirosa, en San Cosme, cunha inversión de 20.000 euros, que inclúe a substitución das válvulas de control para mellorar a precisión no nivel de auga. Esta obra actualiza un sistema antigo dos anos 70 e complementa os traballos realizados na zona costeira o ano pasado. Outra mellora importante é a instalación dun sistema automático de recoloración para mellorar a calidade da auga na rede de máis de 100 quilómetros. Ademais, están en marcha as obras de impermeabilización do depósito de Merille, que aumentarán a súa capacidade, e a substitución do sistema de bombeo da Folgueirosa para mellorar o caudal. Tamén está en estudo a renovación da tubaxe entre San Caetano e a Folgueirosa.

## O PP denuncia o abandono das infraestruturas municipais

O grupo municipal do PP de Barreiros volveu denunciar esta semana o estado de deterioro de diferentes infraestruturas do municipio, sinalando tanto ao goberno local como á Deputación de Lugo pola súa “falta de planificación e mantemento”. Os populares alertan do abandono de varias zonas de xogo infantil e espazos biosaudables, especialmente nas inmediacións da escola infantil, onde o pavimento presenta fendas e irregularidades cubertas de herba. “É urxente garantir a seguridade dos menores e maiores nestes espazos”, reclamou o voceiro municipal, José Manuel Gómez Puente. Tamén denunciaron o estado de suciedade dunha fonte ornamental próxima. Sinalaron tamén as deficiencias de alumeadado na estrada da costa e en rotondas clave como a que conecta as estradas N-634



e N-642 ou o acceso á A-8. “Son farois fundidos desde hai meses, incluso anos, en puntos con alta circulación e onde a iluminación é esencial para a seguridade viaria”, lamentou Gómez Puente. Ademais, os deputados provinciais Antonio Ameijide e José María Fernández sumáronse ás críticas tras visitar o tramo da LU-P-0609 en Rilleira, onde cons-

tataron que os primeiros seis quilómetros da vía quedaron sen acondicionar. A vexetación invade a calzada e reduce perigosamente a súa anchura. O PP acusa á Deputación, gobernada por PSOE e BNG, de manter unha “rede viaria provincial descoidada e sen rumbo” e ao executivo local, de ignorar as necesidades básicas do concello.

## Barreiros acollerá as III Xornadas Etnográficas da Mariña cun amplo programa

A cultura popular galega volverá ser protagonista en Barreiros coa celebración das III Xornadas Etnográficas da Mariña (XEAM), que terán lugar do 30 de maio ao 1 de xuño, consolidándose como unha cita imprescindible para a difusión e posta en valor das tradicións da comarca e do país. Nesta terceira entrega, destacan como figuras principais Xabier Díaz e o grupo Lagharteiras, recoñecidos referentes na música tradicional galega. Díaz ofrecerá o encontro “Metendo as mans na terra”, onde relatará a súa experiencia nas recollidas de campo e o traballo de recreación musical a partir das melodías transmitidas oralmente, moitas delas recollidas da tradición feminina. A proposta permitirá ao público achegarse á riqueza das muiñeiras e á súa vivencia no século XXI. Pola súa banda, Lagharteiras, cunha traxectoria de máis de quince anos, presentarán un espectáculo centrado na forza da voz e da percusión, reinterpretando pezas do seu propio arquivo etnográfico, resultado de anos de investigación e conservación de cantares, instru-



mentos e traxes tradicionais. Como anticipo das xornadas, o 16 de maio, con motivo do Día das Letras Galegas, celebrarase na Praza do Concello o concerto “Traspielas” de Su Garrido Pombo, unha proposta audiovisual que mestura música e imaxes a partir de pezas tradicionais recollidas pola propia artista na súa aldea. O programa completo das XEAM incluírá tamén faladoiros, exposicións, mostra etnográfica, concertos e unha foliada aberta, na que participarán diversas agrupacións da Mariña.

## O mercado de primavera será o 18 de maio

O vindeiro 18 de maio, Barreiros acollerá unha nova edición do seu tradicional mercado de primavera, unha cita xa consolidada no calendario local que transforma a Praza do Concello nun espazo cheo de vida, cor e actividade. Durante toda a xornada, veciñanza e visitantes poderán desfrutar dunha completa oferta de postos de venda artesanais e gastronómicos, con produtos locais e de proximidade, así como de obradoiros creativos, actuacións musicais en directo e degustacións que farán as delicias de todos os públicos. A iniciativa conta coa colaboración da área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que aposta por dinamizar o tecido económico e social do rural mediante o apoio a estes encontros que, edición tras edición, logran unha ampla participación e unha notable acollida. Desde o Concello destacan que este tipo de eventos non só contribúen a poñer en valor os produtos do territorio, senón tamén a fomentar o comercio de proximidade, o turismo e a convivencia veciñal. Nos vindeiros días, o goberno local irá revelando o programa completo da xornada, mais xa advirten que será unha festa para todos os sentidos.

# Cervo reforza a rede comarcal de apoio á saúde mental

O concello de Cervo conta desde esta semana cun novo centro de atención á saúde mental, especializado na rehabilitación psico-social e laboral. Este espazo, que vén sumarse aos xa existentes en Burela, Viveiro e Ribadeo, sitúase como o cuarto da comarca da Mariña dedicado a este ámbito, fortalecendo unha rede de apoio fundamental para moitas persoas.

No acto inaugural participaron Carmela López Moreno, deputada de Economía, Facenda, Recadación e Especial de Contas, e Francisco Cajoto Caserío, deputado de Recursos Sostibles. Durante a súa intervención, López Moreno destacou o papel da Deputación de Lugo como entidade colaboradora coa asociación Saúde Mental A Mariña, que xestiona estes centros, contribuíndo a sufragar parte dos custos.

“Non é só un centro físico, é un



espazo de coidado, dignidade e novas oportunidades”, sinalou a deputada, quen subliñou que os servizos sociais “non son complementarios, senón unha peza clave para construír unha sociedade máis xusta e equitativa”. Ademais, fixo fincapé en que investir en saúde mental é apostar “por un futuro máis igualitario e polo benestar colectivo”.

Segundo datos que manexou Ló-

pez, unha de cada catro persoas pode padecer algún trastorno mental ao longo da súa vida, o que fai evidente a necesidade de recursos axeitados. “Detrás das cifras hai nomes, historias, familias que loitan día a día”, apuntou, lembrando que as enfermidades mentais “moitas veces invisibles, impactan de maneira decisiva na vida persoal, social e laboral das persoas afectadas”.

# Fervenza de Sargadelos propón adicar unha rúa a Xosé Vizoso en recoñecemento á súa traxectoria

A Asociación Cultural Recreativa Fervenza de Sargadelos, presidida por Xosé Fernández e co apoio do vicepresidente Ramiro Chaves, vén de presentar unha proposta formal ao Concello de Cervo para que se dedique unha rúa ao recoñecido artista e deseñador Xosé Vizoso.

A entidade destaca que a achega de Vizoso á arte, ao deseño e á promoción do patrimonio cultural galego é motivo de orgullo para toda a veciñanza. Consideran que a súa figura representa un vínculo fundamental coa historia e a proxección de Sargadelos e da comarca, e defenden que merece un recoñecemento público e duradeiro.

Dende Fervenza salientan que Vizoso leva décadas contribuíndo á visibilidade da cultura galega a través dunha obra que combina tradición e vangarda, cun estilo propio e recoñecible. A súa pegada está presente en numerosos proxectos artísticos e iniciativas



que teñen como fío condutor a defensa da identidade galega.

A proposta pretende ser unha homenaxe sincera e necesaria, que deixe constancia da gratitude dunha comunidade que lle debe moito ao labor creativo e á implicación cultural de Vizoso. A Asociación confía en que o Concello valore positivamente a petición e que a figura deste creador teña tamén un lugar nas rúas de Cervo, onde tantas veces deixou a súa marca.

## Airiños do Xunco celebra medio século de tradición cunha exposición fotográfica

A asociación cultural Airiños do Xunco conmemora os seus cincuenta anos de vida cunha exposición fotográfica nas Escolas Vellas de Cervo. A mostra recolle imaxes históricas que percorren a traxectoria do grupo desde os seus inicios ata a actualidade, amosando momentos clave, actuacións emblemáticas e o compromiso constante coa música e danza tradicionais galegas.

“A A.C. Airiños do Xunco constituíuse oficialmente no ano 1975, pero xa antes existía un grupo de gaiteiros e bailadores aos que lles gustaba moito a festa e a tradición. Foi a necesidade de darlle forma e continuidade ao proxecto o que motivou a súa creación formal”, explica o presidente da asociación, Rafael Blas, acompañado da súa filla Raquel Blas, cantareira e profesora do grupo.

Ambos coinciden en que pertencer a Airiños do Xunco vai máis alá da actividade artística: “É levar con orgullo un legado cultural, asumir un compromiso coas raíces e sentir que formas parte dunha gran familia”. O colectivo mantén viva a esencia da tradición galega, combinando ensinanza, espectáculos e participación comunitaria.

## O Concello reforza o seu plan de reforestación con novas accións educativas



O Concello de Cervo, a través da área de Medio Ambiente, está a desenvolver esta semana dúas xornadas de reforestación con árbores autóctonas, nas que participan máis de 80 escolares dos colexios CEIP de Cervo e CEIP Península da Paz. A actividade, que conta coa colaboración da empresa Alcoa e da organización Ecoherencia, busca fomentar o coidado do medio entre as novas xeracións, á vez que contribúe á recuperación dos ecosistemas propios da zona.

A primeira das plantacións realizouse este mércores no Monte da Escarabelada, en Sargadelos, con alumnado do CEIP de Cervo. Alí plantaron 100 exemplares de

especies como carballos, castiñeiros, cerdeiras e bidueiras, combinando aprendizaxe teórica e práctica sobre a xestión sostible dos montes. O venres 11 será a quenda do CEIP Península da Paz, que repetirá a experiencia nunha finca municipal en Cuíña.

Estas accións forman parte do Plan Integral de Reforestación, a través do cal o Concello leva plantadas máis de 10.000 árbores en 25 hectáreas nos últimos quince anos. Desde o consistorio destacan que, ademais de recuperar espazos naturais, estas iniciativas sementan conciencia ambiental e responsabilidade entre a mocidade, garantindo un futuro máis verde e sostible.

## O PP acusa ao Goberno central de abandonar as parroquias sen internet nin cobertura móbil

O senador cervense José Manuel Balseiro advertiu no Senado que o Goberno central “non ten previsto garantir a conectividade nas parroquias de Cervo”, segundo se desprende da resposta ofrecida polo Executivo ás preguntas formuladas polos representantes do Partido Popular de Lugo. As cuestións, presentadas por Balseiro, José Manuel Barreiro e Juan Serrano, poñían o foco nas importantes carencias en comunicacións móbiles e acceso a internet que sofren os veciños das parroquias da Senra, Trasbar e Castelo.

A iniciativa chegou á Cámara Alta a petición expresa da alcaldesa de Cervo, Dolores García, preocupada pola situación na que se atopan moitas familias do municipio que, por mor desta fenda dixital, vense obrigadas a desprazarse a outros puntos para poder traballar, estudar ou realizar trámites básicos.

Balseiro salientou que a responsabilidade en materia de telecomunicacións recae de forma exclusiva no Goberno de España, como así o confirmou tamén a Valedora do Pobo ás asociacións veciñais destas parroquias. Porén, a resposta

do Executivo central non concreta medidas nin prazos para solucionar estas eivas. “O Goberno de Sánchez segue sen dar solucións reais aos problemas de conectividade do noso rural”, lamentou o senador popular, que anunciou a presentación dunha iniciativa no Senado para esixirle ao Executivo que actúe con urxencia.

“A pesar das promesas reiteradas sobre a extensión das redes móbiles e da fibra óptica, a realidade é que boa parte das zonas rurais seguen sen acceso a estes servizos esenciais”, indicou Balseiro. Subliñou, ademais, que a situación resulta especialmente inexplicable tendo en conta que varios ministerios, como o de Transición Ecolóxica ou o de Transformación Dixital, xestionan importantes fondos europeos dirixidos precisamente a mellorar a conectividade no rural.

Segundo o representante popular, “non se trata só dunha cuestión técnica, senón dunha cuestión de equidade e de oportunidades: o rural non pode quedar atrás mentres se anuncian investimentos millonarios que non chegan aos lugares que máis os precisan”.

## O Concello organiza un certame fotográfico para poñer en valor o patrimonio

A Concellería de Medio Ambiente do Concello de Xove lanza unha nova edición do seu tradicional concurso fotográfico con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, que se celebra cada 5 de xuño. Nesta cuarta convocatoria, a pregunta que guía a proposta é clara: “Cal é o teu lugar preferido de Xove?”.

O obxectivo é animar á veciñanza a saír ao aire libre, observar o entorno e inmortalizar aqueles espazos naturais ou emblemáticos que lles resulten especiais, contribuíndo así a poñer en valor o patrimonio paisaxístico e ambiental do municipio.

O certame está aberto a participantes de todas as idades, repartidos en tres categorías: in-

fantil (ata 12 anos), xuvenil (de 13 a 17 anos) e adulta (maiores de 18). Cada unha das categorías contará cun primeiro premio dotado con 60 euros.

As persoas interesadas poden consultar as bases completas do concurso na web oficial do Concello: [www.xove.es](http://www.xove.es), onde tamén se explican os prazos de entrega, os requisitos técnicos das fotografías e a forma de presentación.

Desde o Concello destacan que esta iniciativa non só ten unha vertente artística e participativa, senón tamén unha intención educativa e de sensibilización ambiental: fomentar entre a cidadanía unha ollada respectuosa e consciente sobre o territorio que habitan.

## O BNG alerta da falta de xeradores na residencia de maiores municipal

O pasado luns, un corte eléctrico que afectou a toda a Península Ibérica tivo graves consecuencias na residencia de maiores de Xove, xestionada pola Fundación San Rosendo. Segundo o BNG local, a falta de xeradores de emerxencia puxo en risco a seguridade dos usuarios, moitos deles dependentes de equipos vitais como osíxeno asistido. A portavoz nacionalista, Pilar Vázquez, cualificou a situación de “alarmante” e destacou a inaceptable falta de sistemas alternativos de subministración eléctrica. O apagamento tamén deixou inoperativos os ascensores, obrigando ao persoal a trasladar ás persoas maiores polas escaleiras, o que supuxo un risco físico tanto para traballadores como para os usuarios. O BNG levará este asunto ao próximo Pleno municipal en xuño para esixir respostas e propostas para evitar que isto se repita.



Nesa mesma sesión, o BNG de Xove deu inicio á súa estratexia de colaboración co grupo nacionalista de Cervo, presentando unha moción centrada no futuro da factoría de Alcoa e na defensa dos dereitos laborais. A moción inclúe medidas como a exixencia

ao Goberno de facer público un memorando de entendemento, e reclamar a construción do forno de cocción de ánodos con financiamento público. A polémica creouse cando o PP condicionou o seu apoio á moción á aprobación de parques eólicos paralizados, acusando ao alcalde de antepor os intereses empresariais aos sociais.

## Xove encherase de cor e tradición na súa Festa das Flores o 17 de maio

O vindeiro 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas, o municipio de Xove encherase de cor e tradición coa celebración da popular Festa das Flores - Fillas de María, organizada polo Concello en colaboración coa Asociación de Festexos Montevelle.

A festa arrincará ás 10:30 horas cun mercado tradicional e demostración de oficios antigos. Ás 11:30 horas, os sons da charanga NBA e da agrupación cultural Saíñas porán ritmo ao pasacalles. Xa ao mediodía, ás 13:00 horas, terá lugar un dos actos centrais da xornada: a misa coa tradicional ofrenda floral á Virxe.

A música continuará durante o vermú cunha actuación do grupo Fénix. Durante todo o día, haberá obradoiros infantís sobre temática floral e, a partir das 17:00 h, inchables para os máis pequenos.

A programación da tarde inclúe un obradoiro de cerámica (de 17:00 a 18:30 h), e a actuación do mago Karirrollo (de 18:00 a 19:00 h). Tamén se poderá gozar do folclore local co grupo Xoaniñas, da parroquia de Saíñas.

O día rematará por todo o alto cunha gran verbena a partir das 22:00 h, a cargo do grupo Fénix e a discoteca móbil Conxuro.



**GANDO.** A parroquia de Lago acollerá o domingo 18 de maio unha das citas máis emblemáticas do calendario rural galego: a 27ª edición da Feira Nacional de Gando Cabalar, organizada pola Asociación Cabalar Lago de Xove co apoio do Concello. A feira, que dará comezo ás 9:30 da mañá coa apertura do recinto feiral para a chegada dos animais e a recepción dos participantes, reunirá a amantes do mundo ecuestre de toda Galicia, convertendo Lago nun punto de encontro de tradición, habilidade e paixón polos cabalos.

Ao longo do día, sucederanse diversas probas de destreza e velocidade, como serradas, chapeadas, xogo de barrís, ou o esperado concurso de galope, tanto en andadura como en velocidade. As competicións comezarán ás 11:00 horas e prolongaranse ata as 19:30, momento no que se celebrará o sorteo dun poldro e terá lugar a entrega de premios.

## O PSdeG acusa ao alcalde de parálise municipal tras 17 anos

O grupo municipal do PSdeG-PSOE en Xove vén de lanzar unha dura crítica ao alcalde, Demetrio Salgueiro, ao que acusan de “falta total de xestión” tras case dúas décadas á fronte do Concello. Segundo os socialistas, Salgueiro non foi capaz de dar resposta ás necesidades máis básicas da veciñanza, e tampouco ofreceu un proxecto sólido de futuro para o municipio.

A formación destaca a falta de melloras na rede viaria e considera “inxustificable” que o rexedor se estea a expresar a posibilidade de aplicar un expediente de regulación de emprego (ERE) ao persoal municipal, nun contexto que describen como de desorde orzamentaria e ausencia de planificación.

Desde o PSdeG sinalan que moitas das propostas que agora o goberno local presenta como novidades xa foran defendidas polo grupo socialista e foron rexeitadas no seu momento. Entre elas, mencionan a posta en marcha dun polígono industrial e a recuperación do Portiño de Morás, iniciativas incluídas nos orzamentos alternativos presentados polo PSdeG a comezos de 2024. “É un contrasentido



que agora se saquen da manga os mesmos proxectos que antes descartaron sen explicación”, afirman.

No eido das infraestruturas, os socialistas tamén critican que o alcalde leve anos lamentándose dun convenio de estradas proposto por el mesmo e que nunca activou. “Foi o goberno da Deputación de Lugo, con José Tomé á fronte, quen asumiu o compromiso de mellorar as vías do municipio, algo esencial para garantir unha mobilidade segura e digna”, apuntan desde o grupo local.

A proposta dun ERE para o cadro de persoal municipal é outro dos puntos que máis preocupa a xente nas filas socialistas. Nun concello de pouco máis

de 3.500 habitantes, con cinco cargos con soldo e máis de tres millóns de euros destinados a mantemento, consideran que “hai marxe suficiente para revisar e reorganizar o gasto sen recorrer a recortes no persoal”. Finalmente, o PSdeG de Xove rexeita as acusacións de Salgueiro á Deputación de Lugo por suposta discriminación partidista. Lembran que municipios gobernados polo Partido Popular, como Cervo, tamén reciben investimentos provinciais, polo que rexeitan calquera acusación de sectarismo. “O problema non está na cor política das institucións, senón na falta de vontade e capacidade do goberno local para traballar polo ben común”, conclúen.

# Familias e Concello esixen á Xunta unha reforma urxente no colexio

O CEIP Plurilingüe da Pontenova leva anos arrastrando graves problemas estruturais que afectan directamente á comunidade educativa. A caída parcial do teito da aula de 6º de Primaria o pasado decembro puxo de manifesto a urxencia dunha intervención que, segundo denuncian tanto a ANPA como o Concello, segue sen producirse catro meses despois.

O alcalde da Pontenova, Darío Campos, explicou que “as competencias son da Xunta de Galicia, porque non se trata dun simple mantemento, senón de acometer unha reforma estrutural. É un colexio con case cincuenta anos de historia, no que apenas se fixeron melloras significativas, máis aló dalgúns labores de mantemento puntuais”.

Campos subliñou que a situación do centro non é a máis axeitada para o alumnado, xa que non cumpre moitas das medidas de accesibilidade e presenta un importante deterioro estrutural derivado do paso dos anos. “Isto non é unha cuestión de darlle un lavado de cara, senón de abordar unha reforma integral. O Concello non ten competencias para asumir estas obras, polo que debe



ser a Xunta quen actúe”, insistiu. Desde a ANPA, a súa presidenta Iria Bermúdez lembra que ademais do incidente do teito, “desde hai anos existen filtracións no comedor que deterioraron as paredes”. Tras o desprendemento na aula de sexto, o alumnado foi trasladado a outra clase próxima á biblioteca, “pero é unha solución provisional que se está prolongando demasiado no tempo”.

A falta de actuación levou á ANPA a recoller máis de 400 sinaturas, xa entregadas na Xefatura Territorial de Educación en Lugo, esixindo unha resposta e solucións inmediatas. “Non pedimos un colexio bonito,

senón un espazo seguro e saudable para os nosos cativos”, reivindica Bermúdez.

O rexedor amosou o seu apoio ás reivindicacións das familias: “A ANPA conta con todo o noso respaldo para reclamar á Xunta as reformas necesarias, porque a situación actual mesmo pode chegar a ser perigosa para os nenos e nenas”.

O centro conta actualmente con máis de cen alumnos matriculados e, segundo o alcalde, “leva anos medrando en número de estudantes”, polo que urxe unha intervención que garanta a seguridade e o benestar de toda a comunidade educativa.

# A vila colgou o cartel de “completo” coa súa festa máis emblemática

A Pontenova viviu este 1 de maio unha xornada inesquecible coa celebración da súa XLV Festa da Troita, unha cita emblemática recoñecida como Festa de Interese Turístico Galego e distinguida en 2022 como Mellor Evento Deportivo de España. O deputado de Medio Ambiente, Carlos López López, acompañado polo alcalde Darío Campos e membros da Corporación municipal, destacou o impacto económico da festa, que consegue cada ano colgar o cartel de “completo” nos establecementos hostaleiros da Mariña e de toda a provincia.

Durante dous días, a vila converteuse nun epicentro de actividade con exhibicións, homenaxes, competicións de pesca e actuacións musicais. O martes 30 de abril arrincou cunha impresionante demostración en directo do escultor Eugenio Linares, seguida dunha exposición de materiais de pesca na Casa da Cultura. Pola tarde, inaugurouse unha nova homenaxe no Paseo do Pes-



cador, visitouse o Museo da Pesca e entregáronse as Troitas de Ouro, antes do pregón a cargo de Miguel Ángel Revilla e da apertura da caseta de degustación. A noite pechouse coa verbena das orquestras Gran Parada e Grupo Beatriz.

O 1 de maio comezou cedo coa concentración de pescadores e os concursos de lance, salmón e mosca. A exhibición de pesca a mosca contou coa presenza de campións mundiais como Pablo Castro, Said Yahiaoui e Fran Llamas, xunto coa destacada pes-

cadora Raquel Cabeza. A sesión vermú, amenizada por Salsarena, deu paso pola tarde ao Campionato de Billarda e á entrega de trofeos.

A festa incluíu tamén emotivas homenaxes a pescadores e persoas vinculadas ao evento, así como o recoñecemento coas Troitas de Ouro a figuras e entidades destacadas do mundo da pesca e do audiovisual.

A Pontenova reafirma con esta edición a súa aposta por unha festa que enraíza tradición, deporte e cultura, atraendo cada ano milleiros de visitantes.

# Nova dotación para o GES da Pontenova cunha autobomba

A Pontenova conta desde cunha nova autobomba rural pesada para reforzar a resposta ante situacións de emerxencia no municipio e nos concellos limítrofes. Este equipamento, valorado en 270.000 euros e cofinanciado a través dos fondos europeos Feder, permitirá mellorar notablemente a capacidade de actuación do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) con sede na vila. A autobomba conta cunha cisterna de 3.500 litros, bomba de auga de alta e baixa presión, e carrete de primeiro socorro con manguera e lanza de alta presión, entre outras prestacións técnicas.

A incorporación deste vehículo forma parte dun plan de renovación de medios que beneficia tamén a outros GES de Galicia,

con investimentos que superan os 1,7 millóns de euros. No caso da provincia de Lugo, ademais da Pontenova, veranse beneficiados concellos como A Pastoriza, Meira, Riotorto, Lourenzá e Trabada.

**PUNTO LIMPO.** O Concello vén de anunciar a posta en marcha do punto limpo móbil para a recollida selectiva de residuos, un servizo itinerante que percorrerá distintas parroquias do municipio entre maio de 2025 e febreiro de 2026. O calendario establece visitas mensuais ás diferentes zonas, comezando en maio na explanada do pavillón de Recende. En xuño, será a quenda de Vilaouruz, no campo da festa, mentres que en xullo o punto limpo instalarase en Conforto, ao carón da igrexa.

## ASGADeD



A Asociación en Defensa do Sistema Público da Dependencia e Discapacidade mostrou o seu apoio ás persoas usuarias da vivenda comunitaria na súa loita por un servizo de alimentación digno e de calidade. Unha delegación da entidade acompañou os residentes nun acto de protesta no que, unha vez máis, se puxo de manifesto a situación que padecen: alimentos en mal estado, queimados, crus ou elaborados con até dúas semanas de antelación.

# Saldoira estrea a súa I Festa do Ovo Frito con Chourizo

A parroquia de Saldoira acollerá o vindeiro sábado 17 de maio a primeira edición da súa “Festa do Ovo Frito con Chourizo”, unha nova proposta gastronómica e lúdica impulsada pola Comisión de Festas de San Pedro da Ribeira.

A cita coincide coa celebración do Día das Letras Galegas, o que engade un compoñente cultural á festa.

O evento arrancará ás 22:00 horas cunha cea popular na que os

asistentes poderán degustar un prato tradicional composto por dous ovos fritos, un chourizo, patacas, pan, sobremesa, bebida e café. Todo por un prezo popular de 12 euros.

Tras a cea, a festa continuará con música e baile “ata que o corpo aguante”, converténdose nun punto de encontro para veciñanza e visitantes nunha noite que promete boa comida, ambiente festivo e celebración da cultura galega.

## A pista de pádel reabre as súas portas tras as tarefas de mantemento



A pista de pádel municipal de Alfoz volve estar dispoñible desde este mesmo luns, tras concluírse os traballos de mellora e posta a punto da instalación. O Concello agradeceu a paciencia da cidadanía durante os días de peche e animou a todas as persoas interesadas a facer uso deste espazo deportivo, situado no corazón do municipio. Desde o goberno local sinalan que “era necesario realizar pequenas intervencións para garantir o bo estado da pista e ofrecer un servizo axeitado e seguro aos usuarios”. Unha vez finalizadas as actuacións de mantemento, as persoas interesadas poden volver facer uso da pista reservando

a través das canles habituais, tal e como se viña facendo ata o de agora. O executivo municipal destaca a importancia de manter en bo estado as instalacións deportivas como ferramenta para fomentar hábitos saudables e facilitar espazos de encontro para a veciñanza. “A pista de pádel é unha das instalacións máis demandadas, e sabemos que moitas persoas estaban agardando a súa reapertura”, explican. Dende o Concello anímase a facer uso da infraestrutura e lembran que o deporte “non só contribúe á saúde física e mental, senón tamén á convivencia e dinamización social do municipio”.

## O Trece convértese en punto de encontro o vindeiro 17 de maio

O vindeiro sábado 17 de maio, a parroquia de Carballido en Alfoz, converterase nun punto de encontro para veciñanza e visitantes coa celebración da I Andaina e Xantar Popular do Trece, organizada pola Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido (AVSS), coa colaboración do Concello de Alfoz. A xornada comezará ás 11:00 horas cunha andaina de dificultade baixa, con saída e chegada no Lugar do Trece. Ás 14:00 horas, a sesión vermú poñerá a nota musical co dúo A Mi Manera Music & Karaoke, que tamén ofrecerá karaoke aberto para quen desexe participar. O xantar popular, cuberto con carpa, comezará ás 15:00 h, cun menú que inclúe entrantes, lacón de porco celta asado en forno de leña, sobremesa, café, chupo e bebidas. Todo iso a un prezo de 20 euros para maiores de 10 anos, 10 euros para nenas e nenos de entre 5 e 9 anos, e de balde para menores de 4. A partir das 16:30 horas, o ambiente continuarase coa actuación en directo de Mario Botella, cantautor que traerá versións de clásicos do pop e rock dos 80 e 90, seguido novamente polo karaoke participativo. As entradas poden adquirirse na Panadería La Concepción ou a través de calquera membro da directiva da asociación, cunha data límite marcada no 12 de maio e aforo limitado. Non é preciso participar



na andaina para poder asistir ao xantar.

**FEIRA DO TRECE.** O vindeiro sábado 14 de xuño, o Lugar do Trece, en Carballido, acollerá unha nova edición da Feira do Trece, unha cita xa consolidada no calendario festivo da comarca que combina tradición, lecer, exhibicións e boa comida. Organizada pola Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, a feira abrirá as súas portas ás 10:00 horas cun espazo dedicado á exposición de gando, maquinaria, produtos locais, cereixas, alimentación e artesanía. Ao longo da xornada, haberá exhibicións caninas a cargo de Paco Lobo, actuacións de música tradicional, sesión vermú con Dúo Belinda e animación musical da Discomóvil Conxuro. Un dos pratos fortes será o xantar

con menú típico, servido baixo carpa, precedido da entrega de premios aos mellores exemplares de gando e aos gañadores dos concursos previstos. Entre os galardóns haberá distincións ao mellor carro, mellor posto de montura ou mellor egua. Tamén destaca no programa unha proba de andadura puntuable para o Campionato Galego da Federación Hípica Galega, que achegará ata Alfoz a xinetes e amazonas de toda Galicia. Pola tarde, continuarase coas actividades para os máis pequenos, como o taller infantil de lanzamento de frisbee, e unha nova exhibición canina. A feira rematará pola noite coa verbena a cargo do Dúo Belinda e Conxuro Discomóvil, e un espectacular espectáculo de talla en madeira con motoserra a cargo de Yosi.


## A Asociación de Veciños de Mor organiza unha excursión

A Asociación de Veciños de Mor, en Alfoz, vén de anunciar unha excursión aberta a toda a veciñanza e ao público interesado, que se celebrará o domingo 25 de maio. O obxectivo é ofrecer unha xornada de lecer cun compoñente cultural e natural, percorrendo diferentes puntos de interese da zona dos Oscos, xa en territorio asturiano. O itinerario inclúe saída en autobús pola mañá desde Alfoz, con primeira parada na Casa Natal do Marqués de Sargadelos, situada en Santa Eulalia de Oscos. A continuación, está prevista unha visita guiada ao Mazo de Mazonovo, un conxunto etnográfico que amosa o funcionamento tradicional dos fornos e mazos hidráulicos. A mediodía, os participantes compartirán unha comida no Restaurante Casa Pedro, tamén

en Santa Eulalia. Xa pola tarde, a excursión continuará cun paseo ata a coñecida fervenza de Morlongo, en Vilanova de Oscos. Trátase dunha camiñada de dificultade baixa, polo que é apta para persoas de todas as idades. O prezo da actividade varía segundo a vinculación coa asociación: 35 euros para persoas socias, 45 euros para non socias e 20 euros para nenos e nenas de ata 12 anos. Este importe inclúe o transporte en autobús, as entradas ás visitas programadas e a comida. A organización lembra que as prazas son limitadas, polo que se recomenda facer a reserva canto antes. As persoas interesadas poden contactar con María José no número 657 10 95 92. O prazo para anotarse remata o domingo 18 de maio.

## Alfoz recibe 30.000 euros para mellorar a sinalización turística

O Concello vén de obter unha subvención da Axencia de Turismo de Galicia destinada á mellora da sinalización turística do municipio. A axuda concédese ao abeiro da Resolución da Dirección de Turismo de Galicia do 7 de febreiro de 2025, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 35 do 20 de febreiro), dentro do programa de subvencións dirixido a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas. O proxecto presentado polo Concello, baixo o título “Melloras da sinalización turística do concello”, conta cun orzamento subvencionable de 30.007,01 euros. A Axencia de Turismo de Galicia concedeu unha subvención de



30.000 euros, o que supón o 100 % do financiamento solicitado. Esta actuación permitirá renovar e reforzar a sinalización de recursos turísticos en distintos puntos do municipio, co obxectivo de mellorar a experiencia das persoas visitantes e poñer en valor o patrimonio natural, histórico e

cultural de Alfoz. A alcaldesa, Efigenia Maseda Paz, destacou que “esta subvención supón un paso importante para continuar traballando na promoción turística do noso concello, facendo máis accesible e visible a nosa riqueza patrimonial e paisaxística”. **TEATRO.** O Concello convida a toda a veciñanza a participar nunha tarde chea de ilusión, contos e celebración coa representación do espectáculo infantil “O conto de Barriga Verde”, a cargo do coñecido actor e humorista Fran Rei. A cita será o sábado 24 de maio ás 19:30 horas na Casa da Cultura, e está dirixida tanto a público infantil como familiar.

# Luz verde ao orzamento con acusacións de reparto “a dedo”

O Concello do Valadouro contará este ano cun orzamento de 3.178.000 euros, logo de que o pleno extraordinario do pasado 15 de abril dese luz verde ás contas propostas polo grupo de goberno. A aprobación foi posible grazas á concelleira de Udival, que apoiou co seu voto ao equipo do PP, formado por catro edís, fronte á negativa do BNG e do PSOE, que sumaron catro votos en contra.

As cifras aprobadas delimitan como se repartirán os fondos públicos municipais ao longo deste exercicio. Case un millón de euros (994.132) reservárase para pagar ao persoal municipal, mentres que os gastos en bens e servizos correntes alcanzan os 1.471.160 euros, converténdose no capítulo máis voluminoso. As inversións reais, pola súa banda, contarán cunha dotación de 515.863 euros.

No tocante aos ingresos, o Concello estima recadar arredor de 700.000 euros mediante impostos directos, e unha cantidade moito menor a través de tributos indirectos. A isto engádense 474.552 euros procedentes de taxas municipais e outros ingresos, así como transferencias externas, que suporán preto de dous millóns (1,49 millóns en transferencias correntes e 499.206 en transferencias de capital).

O capítulo de investimentos inclúe actuacións repartidas polo termo municipal. Entre elas destacan a renovación do alumeado público



no núcleo de Ferreira, cun custo previsto de 50.885 euros; o acondicionamento dos accesos ao barrio de Pardellas, que suporá un gasto de 84.344 euros; e a mellora dos camiños e accesos en Cabezán, cun investimento que supera os 130.000 euros.

**SUBVENCIONS.** O Grupo Municipal do BNG no Valadouro vén de criticar a aprobación dos orzamentos municipais presentados polo Partido Popular, co apoio de Udival, nos que aseguran que seis asociacións do concello quedaron excluídas das subvencións previstas para o presente exercicio.

Segundo explicou o concelleiro nacionalista Eliseo Teijeiro, nos orzamentos do ano anterior, cando o BNG formaba parte do goberno, destináranse 70.000 euros a subvencións para asociacións, repartidos “sen distincións nin favoritismos, con criterios claros e equitativos”.

Pola contra, nas contas aprobadas este ano, só dúas asociacións aparecen nomeadas como beneficiarias dunha achega económica, mentres que outras seis, con actividade consolidada nas súas parroquias, foron excluídas.

Teijeiro acusou ao novo executivo do PP de retomar “as prácticas de reparto a dedo, sen transparencia nin igualdade de trato”, e lamentou que se prescindira da concorrencia competitiva como mecanismo xusto para distribuír os recursos públicos entre o tecido asociativo do concello.

Os nacionalistas tamén puxeron o foco no apartado de investimentos incluído nos orzamentos, que ascende a 515.000 euros. Segundo sinalaron, máis do 60 % desa contía corresponde a actuacións que xa foran tramitadas e previstas polo anterior goberno local, polo que critican que o PP “intente atribuírse como propia unha xestión herdada”.

# O BNG denuncia a proliferación de maleza nas beirarrúas da vila

O BNG de Alfoz-Valadouro chama a atención sobre o crecemento descontrolado de herbas e maleza nas beirarrúas de distintas rúas do centro do Valadouro, como a avenida de Viveiro ou a rúa Ramón Canoura. Segundo o grupo nacionalista, trátase dunha situación que reflicte unha clara falta de mantemento dos espazos públicos por parte do goberno municipal.

Desde a formación destacan que as herbas invaden os bordos das beirarrúas, dificultando o paso e ofrecendo unha imaxe de abandono que, din, “non se corresponde cun concello que debe coidar da súa contorna urbana”. Tamén lembran que esta situación pode de-



rivar en problemas de seguridade e salubridade, especialmente nas épocas máis húmidas.

O BNG insta ao executivo local a poñer en marcha un plan de lim-

peza específico para o control da vexetación nas beirarrúas, garantindo así un espazo público coidado, accesible e seguro para toda a veciñanza.

## O Festival da Terceira Idade será o vindeiro 25 de maio

O Concello do Valadouro prepara unha nova edición do “Festival da Terceira Idade”, que terá lugar o domingo 25 de maio. A xornada está pensada para as persoas maiores de 65 anos ou pensionistas que residan no municipio, co obxectivo de ofrecerlles un espazo de encontro, convivencia e celebración. Os participantes poderán acudir acompañados dos seus cónxuxes.

As inscricións estarán abertas nas oficinas municipais ata o 20 de maio, en horario de 10:00 a 14:00 horas. Desde o consistorio lembran a importancia de formalizar a inscrición dentro deste prazo para garantir a correcta organización do evento, que é xa unha cita tradicional no calendario social do municipio.

## O SEVA rende homenaxe ao polifacético sacerdote José Martínez Cobo no Caderno 16

Foi presentado en Alfoz o Caderno 16 do Seminario de Estudos do Valadouro (SEVA), dedicado á figura do sacerdote José Martínez Cobo, nado en Alfoz arredor do ano 1870.

Descrito como un “profeta na súa terra”, Martínez Cobo destacou pola súa intensa actividade intelectual, pastoral e social. Gañou sona como historiador autodidacta, orador apaixonado, crítico das inxustizas e firme defensor dos dereitos dos seus fregueses fronte ao poder establecido. Non lle faltaron tampouco apelativos polos seus longos e entregados sermóns.

A súa pegada deixou rastro en múltiples ámbitos. Foi párroco en Santa María de Bacoí (Alfoz) e Santo Estevo de Moucide (O Valadouro), parroquias unidas no exercicio. Representou tamén en Cuba á sociedade de fillos do Valadouro emigrados, e en 1912 publicou un interesante folleto



titulado Apuntamentos históricos do Val, editado na imprenta Mancebo de Mondoñedo.

Nesta obra, reflexionou sobre a súa proposta de crear unha Escola Agrícola no val, a figura do Mariscal Pardo de Cela, a importancia do mercado de gando de Ferreira, as igrexas parroquiais do Val de Ouro e o carácter da xente da comarca.

## O Cadramón celebra as festas de Santa Filomena cunha xornada chea de tradición e música

A parroquia de O Cadramón prepárase para vivir unha xornada festiva moi especial o vindeiro 7 de xuño, coa celebración das Festas na Honra de Santa Filomena. A programación desenvolverase nun entorno único, no que a capela de Santa Filomena será o epicentro das actividades.

A xornada comezará cunha misa e unha tradicional procesión polas inmediacións da capela, á que seguirán unha animada sesión vermú e un xantar popular pensado para reunir veciñanza e visitantes. Pola tarde, a música tradicional será protagonista, dando paso á gran verbena que porá

o broche de ouro a esta celebración. O evento está organizado pola Asociación Veciñal Santa Filomena do Cadramón, coa colaboración do CMVMC do Cadramón e o apoio da Deputación de Lugo a través da súa área de Cultura. A animación musical correrá a cargo de Seiramar Espectáculos Musicais, garantindo diversión para todas as idades.

Desde a organización convidan a todo o mundo a achegarse e desfrutar desta festa nunha contorna privilexiada, cargada de historia e tradición.

lourenzá

## O PP alerta da delicada situación económica do Concello

Os concelleiros do Partido Popular insistiron na “delicada” situación económica pola que atravesamos o Concello, unha problemática que tamén foi advertida pola secretaria interventora municipal nun informe no que “recomenda a suba de taxas e impostos para paliar o déficit que presentan as arcas municipais”.

Os concelleiros populares explicaron que, segundo o informe da secretaria interventora, un dos resultados máis relevantes fai referencia á liquidación do orzamento do ano 2024, que sinala que “o Concello atópase na tesitura de ter que adoptar medidas para a redución e contención do gasto corrente que non sexa imprescindible para o mantemento dos servizos básicos municipais, ou ben

ao incremento dos ingresos correntes de libre disposición, posto que, como se poñen de manifesto, estes ingresos correntes chegan a duras penas para facer fronte aos gastos correntes”.

No informe tamén se recollen varias irregularidades realizadas polo equipo de goberno, especialmente nas tramitacións de contratos menores. “Dentro das observacións realizadas, as máis relevantes refírense a determinados servizos prestados e subministracións realizados que superan o ano previsto para a contratación menor, aos contratos menores que non se tramitaron conforme á normativa e ao exercicio de competencias impropias”, advirte a secretaria interventora.

## A Xunta de Galicia inviste en mobilidade e lecer infantil

O Concello realizou melloras significativas nas súas infraestruturas públicas grazas a un investimento de 135.000 euros da Xunta de Galicia. O delegado territorial en Lugo destacou durante a súa visita a nova área de autocaravanas no Ranchito, financiada con 30.000 euros a través do programa Turismo de Galicia. A instalación conta con catro prazas, servizos básicos e mobiliario urbano. Ademais, a

Consellería do Medio Rural acondicionou 2,6 km de camiños en Telleira, Souto Vello e O Chantado cun orzamento de case 69.000 euros, mediante reparacións, novo pavimento, limpeza de gabias e sinalización. A través da Consellería de Presidencia reformáronse os parques infantís da Gracia e Santo Tomé cunha achega de 36.100 euros, renovando pavimentos e xogos para garantir máis seguridade.

## Inquietude veciñal en Bordón e Tiagonce pola falta de alumeado



A veciñanza dos núcleos de Bordón e Tiagonce manifestou a súa preocupación pola escasa iluminación pública que afecta estas zonas, o que xera sensación de inseguridade nas noites e dificulta a vida cotiá. Ademais, sinalan a presenza de árbores que medran moi preto das casas, unha situación que consideran perigosa, especialmente en época de seca, ao poder favorecer incendios.

Os residentes insisten en que a súa demanda non ten cor política e non vai dirixida contra ningunha persoa nin formación, senón que busca un trato equitativo para todos os barrios do concello. “Non queremos confrontacións, só pedimos que se atendan estas cuestións básicas que afectan á nosa seguridade e calidade de vida”, explican. Dende os barrios reclaman unha actuación urxente.

## O PP de Trabada alerta sobre a situación na residencia e pide máis transparencia na xestión

O deputado provincial e voceiro do PP en Trabada, José María Fernández, puxo sobre a mesa as preocupacións do seu grupo respecto á situación da residencia de maiores. “Levamos tempo advertindo do malestar das familias dos residentes, e agora demóstrase que tiñamos razón”, afirmou.

Dende o PP denuncian que tanto a Deputación como o Concello de Trabada “levaron meses facendo ouvidos xordos ante esta situación” e instan a que se garanta o cumprimento do prego de condicións da licitación e do convenio colectivo das traballadoras do centro.

“É necesario abrir as portas á transparencia e deixar de ocultar unha realidade que cada vez é máis evidente”, asegurou Fernández, quen tamén acusou ao goberno provincial de PSOE e BNG de mentir no Pleno da Deputación. Segundo explica, o

deputado Pablo Rivera “intentou tapar o tema cando se lle preguntou directamente”.

Fernández tamén lembra que o seu grupo trasladou esta problemática aos Plenos municipais, onde “non fomos tomados en serio”. “O alcalde limitouse a acusarnos de mentir, no canto de investigar a fondo as deficiencias e buscar solucións”, criticou.

**DEPUTACIÓN.** O ente provincial saíu ao paso das críticas cun comunicado claro e rotundo, no que rexeita calquera insinuación que cuestione a calidade da atención prestada ou a profesionalidade do persoal que traballa neste centro, considerado un referente no coidado das persoas maiores na provincia. Así, mantivo unha reunión informativa coas familias das persoas residentes no que se resolveron dúbidas, explicaron protocolos e reforzar a comunicación.

## Aberto o prazo de inscrición para o campamento de verán

O Concello abriu o prazo de inscrición para os seus campamentos de verán 2025, unha iniciativa xa consolidada como ferramenta de apoio á conciliación familiar. A principal novidade deste ano é a posta en marcha dun campamento xuvenil específico para mozos de secundaria, ampliando así a cobertura a novos tramos de idade. O campamento infantil, dirixido a menores nados entre 2013 e 2021, desenvolverase do 23 de xuño ao 5 de setembro en horario de 10:00 a 14:00 horas. O novo campamento xuvenil, orientado a rapaces e rapazas nados entre 2008 e 2012, terá lugar do 1 de xullo ao 31 de agosto nas mesmas franxas horarias.

As prazas están abertas ata o 6 de xuño e priorizaranse os participantes empadroados. Ademais, nas vindeiras semanas, abrirase tamén a inscrición para os programas de conciliación durante o curso escolar: Madrugadores, Ludiseráns e o novo servizo Miudiños.

ourol

## O Festival Aturuxo en Bravos regresa con forza e compromiso

Bravos xa se prepara para recibir unha nova edición do Festival Aturuxo, que celebrará os días 18 e 19 de xullo a súa décimo terceira edición.

As primeiras confirmacións do cartel avanzan unha programación de calidade, chea de enerxía e compromiso. A primeira en anunciarse foi Zeltia Irevire, artista que crea un estilo propio ao que chama folk tribal, onde os sons tradicionais danse a man con texturas electrónicas.

Outra das grandes artistas confirmadas é Belém Tajés, unha das voces máis recoñecidas da escena galega actual. Tamén confirmaron a O Sonoro Maxín, unha banda formada por músicos de Lamatumbá ou Mutenrohi, e que leva máis de 15 anos enriba dos escenarios.

Completa esta primeira tanda de artistas Filophóbicas, un trío que leva desde 2016 facendo tremer o panorama alternativo galego con letras afiadas, retrans e unha posta en escena chea de potencia.

Desde a organización do festival destacan que esta nova edición manterá o espírito próximo que define o Aturuxo: un evento para todos os públicos, onde a música é só o comezo dunha experiencia que aposta pola cultura feita desde o territorio, con raíz e sen renunciar ao futuro.

## Ourol organizará unha viaxe a Madrid para participar no Encontro de San Pantaleón



O Concello vén de confirmar a súa participación no tradicional Encontro de Pobos co Nome de San Pantaleón, que se celebrará na capital española os próximos días 24 e 25 de maio. Esta cita, que cada ano reúne a parroquias de toda España que comparten tanto o nome como a devoción ao santo, convoca este ano a cinco localidades: San Pantaleón de Losa e San Pantaleón de Páramo (situadas en Burgos), San Pantaleón de Aras (en Cantabria), San Pantaleón de Cabanas (en Ourol) e San Pantaleón das Viñas (en Paderne). Este encontro, que ten un carácter principalmente de confraternización e irmandade,

converteuse nun evento clave para as parroquias participantes, chegando nas súas últimas edicións a reunir arredor de 300 persoas.

A cita promete ser unha oportunidade única para estreitar lazos entre as parroquias e compartir experiencias, ademais de celebrar a devoción común ao patrón San Pantaleón.

Ademais, este encontro servirá para visibilizar e poñer en valor a importancia das pequenas localidades que, a pesar de compartir o nome do santo, teñen identidades propias, pero que a través desta xuntanza poderán compartirse e afondar na súa tradición común.

# O Concello impulsa a mellora sostible do complexo deportivo

O goberno local vén de obter unha nova achega económica de 60.000 euros a través do programa de Axudas para a aplicación de solucións baseadas na natureza, orientado á prevención de riscos asociados ao cambio climático en contornos urbanos e periurbanos.

Esta subvención permitirá acometer unha mellora integral do complexo deportivo municipal, cun investimento total de 75.000 euros, dos cales 15.000 serán asumidos con fondos propios municipais.

O proxecto inclúe a instalación de pérgolas con cuberta vexetal, que proporcionarán sombra e zonas de descanso para as persoas usuarias, así como a creación dun peche natural para o campo de bolos tradicionais, unha actuación en consonancia co compromiso do Concello coa integración paisaxística e o respecto polo medio ambiente.

O alcalde, Rubén García, destacou que “esta intervención é unha mostra máis do noso compromiso coa creación de espazos públicos de calidade, sostíbeis e pensados para o benestar da veciñanza”.

Estas melloras súmanse ás actuacións que comezarán nas próximas semanas, entre as que se inclúen a



construción dun circuíto de bicicletas pump track e a instalación dun novo tobogán infantil, ampliando así as alternativas de lecer e deporte para os máis pequenos.

Desde o Concello subliñan que seguen traballando na busca de novas subvencións que permitan continuar coa transformación do municipio. “

**PAVILLÓN.** O Concello tamén solicitou unha nova subvención para a substitución da cuberta das gradás, da zona de acceso e na do bar do pavillón municipal de Trabada.

Rubén Freije explica que “trala actuación de substitución da cuberta principal do pavillón, desde o Con-

cello elaboramos un novo proxecto para realizar o cambio da cuberta das gradás, do acceso principal e do bar. O custo total deste novo proxecto ascende a 60.000 euros”

O pavillón municipal de Trabada conta cunha ampla actividade durante todo o ano, acollendo a clase de ximnasia por parte do alumnado do colexio, a práctica deportiva do Clube Trabada Futsal, adestramentos de patinaxe, actividades da Asociación Xuvenil de Trabada, así como o desenvolvemento de campamentos, programas de conciliación e outras actividades organizadas por diferentes asociacións e clubs coa colaboración do Concello de Trabada.

# Ampliado o Servizo de Axuda no Fogar ante o aumento da demanda

O Concello anunciou a reapertura da bolsa de contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) co obxectivo de incorporar novo persoal e reforzar un dos servizos sociais máis esenciais do municipio. A decisión responde ao incremento progresivo da demanda, especialmente entre a poboación maior.

O alcalde de Trabada, Rubén García, explicou que “reabrimos a bolsa do SAF no día de hoxe e o prazo para presentar instancias estará aberto ata o vindeiro mércores, 16 de abril”. Segundo indicou, as persoas interesadas poden tramitar a súa solicitude tanto presencialmente nas oficinas municipais como a través da sede electrónica do Concello.

O rexedor puxo en valor a importancia estratéxica deste servizo para a veciñanza: “Cada vez prestamos atención a máis persoas maiores e temos claro que o SAF é un dos piares do noso sistema de cuidados. É un servizo prioritario, porque permite que moitas persoas maiores poidan continuar vivindo nos seus fogares, mantendo a súa autonomía e contando cun apoio profesional de calidade”.



García destacou tamén que o compromiso do goberno local pasa por seguir consolidando e ampliando este servizo: “O noso obxectivo é seguir medrando de maneira sostida, incorporando máis traballadores e traballadoras para poder dar resposta ao aumento das necesidades. O SAF é unha ferramenta clave para garantir a calidade de vida da nosa xente e para fixar poboación no rural”.

Con esta medida, o Concello de Trabada reafirma a súa aposta polos servizos sociais de proximidade.

## Valboa prepárase para celebrar San Fernando

O Concello retoma un ano máis a tradicional celebración de San Fernando, unha das festas máis emblemáticas do municipio, que terá lugar o vindeiro 30 de maio na capela situada en Valboa. A cita busca manter vivas as raíces culturais da zona, combinando actos relixiosos, gastronomía e espírito de convivencia.

A xornada comezará ás 12:00 horas cunha misa solemne na capela de San Fernando. A continuación, celebrarase unha comida campestre baixo carpa, cun menú que incluírá empanada, croquetas, xamón cocido, paella, sobremesa con torta de Santiago, ademais de bebidas e café. O prezo será de 22 euros para adultos e 12 para nenos e nenas.

Como parte da tradición, o Concello habilitará un espazo de estacionamento para cabalos, co fin de recuperar o costume de acudir á romaría a cabalo, como se facía antigamente. As entradas poderán adquirirse ata o luns 26 de maio nos locais colaboradores: o Mesón Camiño Norte, a Taberna da Curuxeira e o Bar O Porfirio.

## Sante lánzase á aventura co seu I Descenso de Carrilanas

Trabada acollerá o vindeiro sábado 24 de maio o I Descenso de Carrilanas de Sante, un evento que promete converterse nunha cita obrigada para os amantes da velocidade sobre rodas sen motor. A organización, a cargo da Asociación de Veciños San Xulián de Sante, xa ten abertas as inscricións —que permanecerán dispoñibles ata o 21 de maio ás 23:59 horas—.

A xornada arrancará ás 11:30 horas coas verificacións técnicas e administrativas e continuará pola tarde cos remotes e os adestramentos oficiais a partir das 16:00 horas. A primeira e a segunda baixada oficiais seguirán consecutivamente, rematando coa entrega de premios prevista para as 20:40 horas.

Ademais da competición, os asistentes poderán gozar dunha gran paella sen glute ás 13:30 horas. O menú inclúe paella mixta, pan, bebida e sobremesa. As entradas xa están á venda cun prezo de 18 euros para socios e



participantes e 20 euros para o resto, sendo gratuíta para nenos ata seis anos.

A proba é puntuable para a Copa de Galicia e esixe, no caso dos menores de idade, o envío previo dunha autorización específica ao correo da organización. A cita promete emoción, ambiente festivo e moito deporte popular nas rúas de Sante.

## A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil recibiu un novo remolque para emerxencias



A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Trabada ven de acadar un remolque para a atención de emerxencias. O alcalde Rubén García Freije e varios membros da Agrupación de voluntarios desprazáronse ata a Sede da Axencia Galega de Emerxencias para efectuar a recollida do novo remolque para emerxencias.

O alcalde destacou: “grazas a xestión desde o Concello de Trabada e a boa labor dos membros da Agrupación de Voluntarios de

Protección Civil de Trabada podemos acadar este novo equipamento para a atención de emerxencias”

Ademais destacou o traballo da Agrupación de Voluntarios: “A súa labor é fundamental en calquera emerxencia que ocorre no noso concello, e así se ve reflexado o seu bo traballo e servizo que prestan, acadando unha alta puntuación na orde da subvención e así ser beneficiarios deste novo equipamento”

vegadeo

# Instalan un tanque de tormentas para evitar vertidos ao Suarón

A viceconselleira de Medio Ambiente, Susana Madera, xunto coa directora xeral da Auga, Vanesa Mateo, e o alcalde de Vegadeo, César Álvarez, visitaron hoxe os traballos que se están a realizar na primeira fase do saneamento dos ríos Monjardín e Suarón, unha actuación clave para mellorar a rede de augas residuais do municipio.

Esta intervención, cofinanciada a través dos fondos FEDER, conta cun orzamento de 390.830 euros e permitirá eliminar os vertidos ao río Suarón procedentes do colector da rúa Palacio.

Xa se executaron avances significativos na preparación dos terreos. O proxecto contempla a instalación dunha estación de bombeo cun tanque de tormentas, destinada a reter as primeiras augas pluviais e regular o caudal cara ao pozo, e situarase preto do punto de vertido, nun espazo



axardinado en zona urbana, augas arriba da ponte da N-634. A canalización que parte do pozo estenderase uns 300 metros, discorrendo polo muro exterior do río e baixo as beirarrúas da avenida de Asturias, ata chegar á planta de pretratamento de Vegadeo. Dende alí, as augas residuais serán impulsadas cara á EDAR do Eo, en funcionamento dende hai

anos. Esta fase complementa unha intervención anterior xa en servizo, que consistiu na prolongación do colector de saneamento xunto á Casa do Concello ata a rede municipal, pasando por baixo do parque infantil de El Medall, cun investimento de 120.987 euros, e que eliminou outro foco de vertido ao Suarón.

## María del Mar Rodríguez, elixida Vegadense do Ano

A Asociación Amigos de Vegadeo e o Concello acordaron conceder o premio Vegadense do Ano á enfermeira María del Mar Rodríguez, natural da parroquia de Santalla de Vilaousende. O recoñecemento entregaráselle o vindeiro 7 de agosto, no Auditorio Félix Menéndez da Casa da Cultura, nun acto no que recibirá unha reprodución da famosa xoia castrexa prerromana coñecida como a Diadema de Vegadeo.

Tras completar os seus estudos de Enfermaría en Lugo, María del Mar comezou a súa traxectoria profesional nas localidades lucenses de Paradela e Sarria. Máis tarde, pasou por Vilalba durante un breve período antes de asentarse definitivamente en Vegadeo.

O xurado encargado de outorgar esta distinción estivo composto por Juan Antolín Rato; Juana Conde Fernández e Julio Rodríguez Llano (que emitiron un voto conxunto); José Antonio Fernández Riesgo; María Luz Rodríguez; e Juan Riveras Díaz, que tamén actuou como secretario. No documento oficial recóllense os argumentos que sustentan a elección de Mari Mar, unha candidatura proposta pola Peña Sportinguista de Vegadeo, e que destaca “o seu compromiso coa sanidade local e a súa implicación coa comunidade”.

## O IES Elisa e Luis Villamil acolle un ciclo de charlas



O IES Elisa e Luis Villamil de Vegadeo organiza unha serie de actividades dirixidas a pais, nais, avós e coidadores, co obxectivo de promover a reflexión e a aprendizaxe sobre diversos aspectos relacionados coa educación e o benestar das familias.

As charlas cubrirán temas como a autonomía dos rapaces/as, a relación entre pais e fillos/as na adolescencia, o uso saudable das novas tecnoloxías e as necesidades educativas de nenos/as con discapacidade.

O calendario das actividades, que se celebrarán en horario de tarde, xa comezou en abril e seguirá o día 15 de 17:00 a 18:30: ‘Adolescencia e uso saudable de tecnoloxías’ a cargo de Juan García Álvarez de Toledo, consultor de estratexia dixital en GAM e formador en compe-

tencias dixitais e ciberseguridade, e despois o xoves 29 de maio de 19:00 a 20:30: ‘Afrontamos as necesidades educativas de @s nos@s fillos/as. Superheroes en educación. Un pasito máis cerca da inclusión’ a cargo de Carlos García Junco, mestre de PT e AL, profesor de Universidade e adestrador do Real Oviedo Genuine.

As sesións son gratuítas, pero requiren inscrición previa. Ademais, todos os asistentes poderán participar no sorteo dun fantástico premio para gozar en familia. As inscricións poden facerse no propio instituto ou no Concello de Vegadeo.

Para máis información, as persoas interesadas poden contactar co IES Elisa e Luis Villamil no teléfono 985 634 377 ou co Concello de Vegadeo no teléfono 985 634 022.

# PSdeG e BNG rexeitan a suba do 30 % na taxa do lixo e denuncian as deficiencias



O anuncio da suba do 30% na taxa do lixo no Vicedo provocou unha forte resposta dos grupos da oposición. Tanto o PSdeG como o BNG manifestaron o seu rexeitamento á medida, aprobada no Pleno extraordinario do 11 de abril, coincidindo coa luz verde aos orzamentos municipais para 2025.

Desde o PSdeG cualifican o incremento de “precipitado” e derivado dunha mala xestión que arrastra un déficit superior aos 117.000 euros. “Non se poden pagar máis impostos por recibir o mesmo servizo”, sinalan, apostando por unha suba progresiva que non castigue ás economías familiares. Ademais, critican o estado de abandono dos contedores, especialmente nas parroquias, onde aseguran que non se limpan nunca. Pola súa banda, o BNG denuncia que o aumento responde ao encarecemento do canon de Sogama, pero que o goberno local non puxo medios para fomentar unha

reciclaxe eficaz. “Fálase dunha redución do custo se se recicla ben, pero iso é inviable sen contedores nin medios adecuados”, advertiu o seu portavoz. Aluden á escaseza de recipientes para plástico e cartón, a falta de soportes para os colectores e unha limpeza insuficiente.

Ambas formacións coinciden en que “a veciñanza non pode seguir asumindo custes crecente por un servizo deficiente” e comprométese a seguir vixiando a xestión municipal.

CASA DO POBO. O PSdeG dará un paso importante na súa traxectoria política coa apertura da súa nova Casa do Pobo, un espazo pensado para fomentar o encontro, o diálogo e a implicación cidadá. A inauguración terá lugar o sábado 31 de maio, ás 18:00 horas, na Travesía da Mariña número 63 (baixo), nas antigas instalacións da farmacia.

## A Deputación anuncia 331.000 euros para renovar vías provinciais estratéxicas

O Vicedo contará cun importante impulso para mellorar as súas infraestruturas viarias grazas a un novo paquete de actuacións anunciado pola Deputación de Lugo. En total, serán 331.781,78 euros os que se destinarán á reparación de dous tramos clave da rede provincial: a estrada LU-P-6401, que une Suegos con Falcoeira, e a LU-P-6402, que conecta o centro do municipio coa Cruz de Pardiñeira e o Cristo de Portapena.

Este investimento forma parte dun segundo plan provincial de mellora de vías, dotado con 3,5 millóns de euros, que permitirá actuar en máis de 120 quilómetros de estradas

en toda a provincia. O anuncio foi realizado polo presidente da Deputación quen subliñou a importancia de manter en bo estado a rede viaria para garantir a seguridade e a calidade de vida da veciñanza no rural.

Desde o grupo socialista no Vicedo lembran que esta actuación foi unha das prioridades trasladadas ao organismo provincial nunha reunión mantida a comezos de ano. “É unha moi boa nova para o noso concello”, sinalan, “porque permitirá mellorar a mobilidade, facilitar os desprazamentos cotiáns e, en definitiva, seguir avanzando na cohesión do territorio”.

# Cabalos á beira do mar: 11 anos de paixón ecuestre no Vicedo

A Asociación de Cabaleiros Rías Altas celebra máis dunha década de rutas, amizades e tradicións a cabalo pola costa mariñá

Por Ana Somoza

Hai once anos, un pequeno grupo de amigos do Vicedo, unidos pola súa paixón común polos cabalos, decidiu dar un paso adiante. “Naquel momento non había no pobo ningún colectivo así”, lembra Alejandro, presidente da Asociación de Cabaleiros Rías Altas. Aquela inqueda compartida acabou tomando forma nunha entidade que hoxe suma 25 socios, repartidos entre o Vicedo, Viveiro, Ortigueira e Loiba. “Somos xente de diferentes sitios, pero co mesmo espírito: o amor polos cabalos e pola natureza”, resume con entusiasmo. O obxectivo da asociación mantense fiel ao espírito co que naceu: “Facer rutas ecuestres, xuntarnos, pasear e confraternizar entre nós”. Sen grandes pretensións, pero cunha clara intención de gozar da compañía dos animais e da contorna. “Non se trata só de montar, senón de compar-

boracións con outros colectivos e eventos da comarca. Un dos máis singulares é a súa participación na Romaxe Vikinga do Vicedo, onde se unen á Hípica Celta para recrear a batalla. “É unha experiencia ben distinta, pero tamén moi divertida. Participamos caracterizados, e os cabalos danlle un toque especial ao evento”, explica. Tamén teñen presenza en feiras e encontros equinos, como a feira de Xove. E mesmo se atreveron co Camiño de Santiago... ata en tres ocasións. “Foi unha experiencia increíble”, conta Alejandro. A asociación está formada por homes e mulleres de distintas idades. A maioría teñen experiencia previa co mundo ecuestre, pero tamén hai quen comezou de cero. O propio Alejandro recoñece que non tivo contacto cos cabalos ata ben entrada a idade adulta. “Eu comecei moi tarde. Nunca hou-

comezou a montar con 4 anos, e o maior con 11. Agora xa é parte da nosa vida”, di sorrindo.

**CONEXIÓN ANIMAL.** Para el, a relación cos cabalos vai moito máis alá do deporte. “Son animais moi nobres. Dá gusto compartir tempo con eles. Pasear pola praia no inverno, ver como interactúan, coidalos... Non é só montar, é todo o que implica esa relación diaria”. Insiste en que a verdadeira paixón está no día a día, no coidado e na conexión que se establece cos animais. “Aprendes moitísimo deles. Son intelixentes e danche unha paz que custa atopar noutras cousas”.

**RUTAS ESPECIAIS.** Un dos momentos máis esperados do ano para a asociación é a súa propia ruta cabalar, que se celebra sempre en xuño. Este ano, terá lugar o día 7 e reunirá a xinetes de toda a comarca e mesmo doutros puntos de Galicia. “É un día de festa, de reencontros, de compartir. Xúntanse asociacións amigas como a de Medela, a de Viveiro e outras moitas da Mariña”, adianta Alejandro. O percorrido, pensado para ser accesible a todo tipo de xinetes, é tamén unha homenaxe á paisaxe costeira do Vicedo. “Saímos arredor das dez da mañá dende a Casa da Cultura. Pasamos pola praia de Xilloi, subimos polas Laxes, e chegamos ata San Román, onde facemos unha pequena parada para tomar uns pinchos”. Logo, o grupo retorna polo interior da vila ata o punto de partida, onde lles espera un xantar con música ou espectáculo incluído. “Sempre buscamos que a xornada remate cun bo sabor de boca”, explica. A ruta está aberta tanto a adultos como a nenos, sen necesidade de experiencia previa. “É sinxela, pensada para que todo o mundo poida participar. Iso si, hai que ter un mínimo de coidado e saber levar o cabalo con respecto”, advirte. A preparación para unha saída como esta comeza cedo. “Pola mañá, o primeiro é cepillar ao cabalo e aparelalo: colocar a cadeira e a cabezada. O xinete ten que vestir roupa cómoda, nada que incomode ao montar”, indica Alejandro. Esa rutina, aparentemente sinxela, é parte do ritual que fortalece o vínculo entre o animal e quen o monta. A resposta da xente á ruta cabalar é sempre moi positiva. “Adoitamos ter arredor de 80 xinetes. E hai quen vén de bastante



lonxe: lembro participantes de Ferrol, e mesmo de Curtis”, afirma. Tamén quere destacar a colaboración dos locais do pobo: “Sempre hai negocios que nos botan unha man, e iso hai que agradecerlo”.

**ESTILO DE VIDA.** Co paso dos anos, a Asociación de Cabaleiros Rías Altas consolidouse como un referente na comarca. A súa presenza en eventos, a súa implicación no tecido social e, sobre todo, a súa constancia, fixeron que moitos veciños vexan no colectivo un elemento máis do patrimonio local.

A el emocionalle especialmente ver como os máis pequenos se involucran. “Cando ves un neno ou unha nena sorrindo sobre un cabalo, sabes que estás facendo algo ben”, di. Porque, como insiste, “non se trata só de montar, senón de transmitir valores: respecto polos animais, amor pola natureza, compañeirismo”. O espírito que guía á asociación é, sobre todo, o de compartir. Compartir tempo, experiencias, aprendizaxes e natureza. “Este mundo engancha”, admite Alejandro. “Cando o probas, é difícil deixalo. Porque non é só un deporte, é un estilo de vida”.



tir momentos, de vivir experiencias xuntas”, apunta Alejandro.

**ESPÍRITO COLECTIVO.** Aínda que as rutas a cabalo son a actividade principal, a asociación non se limita a elas. Ao longo dos anos foron tecendo unha rede de cola-

bo cabalos na casa. Pero un día, estando co meu fillo na Feira das Maulas de Galdo, comezamos a falar deles... e acabamos mercando un cabalo para el”. E así, como quen non quere a cousa, a familia acabou con catro cabalos: un para cada membro. “O pequeno

## O Vicedo prepárase para a X Ruta Cabalar

O próximo 7 de xuño, O Vicedo converterase nun punto de encontro para amantes do mundo ecuestre coa celebración da décima edición da Ruta Cabalar, organizada pola Asociación de Cabaleiros Rías Altas. A saída terá lugar ás 10:00 da mañá desde o Mesón O Remo, situado na Casa da Cultura. Esta ruta, xa consolidada no calendario de eventos do municipio, combina natureza, tradición e convivencia, ofrecendo unha oportunidade única para gozar dun paseo a cabalo polos fermosos paraxes do concello. As persoas interesadas en participar poden inscribirse ata o día 4 de xuño a través dos teléfonos de contacto de Alejandro

(677 452 735) e Óscar (652 399 628). O prezo do xantar é de 25 euros para adultos e 10 euros para nenos e nenas de ata 13 anos. A comida celebrarase ás 15:00 horas e estará amenizada por un dúo musical. A organización lembra que cada xinete será responsable dos danos ocasionados polo seu cabalo durante a actividade. O evento conta coa colaboración do Concello do Vicedo e varios establecementos da zona, como o Restaurante Area Grande, O Remo, A Bodeguita del Puerto, entre outros, que apoian esta celebración que une deporte, cultura e gastronomía.

riotorto

Avanzan as obras de mellora da estrada entre Riotorto e Meira



A Deputación de Lugo avanza nas obras de mellora da estrada provincial LU-P-4404, que une Meira e Riotorto desde Riocabo ás Rodrigas. Uns traballos nos que a institución provincial inviste preto de 200.000 euros para acondicionar os tres últimos quilómetros da vía. Xa comezaron coa extensión do aglomerado tras acometer a limpeza de cunetas e a mellora da drenaxe. As obras afectan concretamente ao treito comprendido entre o

quilómetro 15 e o 18,03, no concello de Riotorto, no tramo que vai desde a parroquia de Santa Marta de Meilán, no lugar de Espasande de Arriba, ata a capital do municipio, As Rodrigas. Comezaron os traballos coa reapertura de cunetas, eliminando a vexetación e as acumulacións de terra. E xa se fixeron as tarefas de extensión do firme con aglomerado en quente e faltará o pintado da vía mediante marcas reflexivas brancas e a reposición da sinalización vertical.

O legado dos ferreiros reviviu entre martelos e bigornas



O corazón do ferro volveu latexar con forza en Riotorto, que se converteu, unha vez máis, nunha homenaxe viva aos ferreiros e á súa arte ancestral. A Feira do Ferro, que cada ano se celebra con maior intensidade, transformou a vila nun escenario de lume, forxa e memoria, onde centos de persoas se achegaron para descubrir –ou redescubrir– un oficio que forma parte do ADN cultural e económico desta terra.

Durante toda a xornada, as rúas enchéronse de visitantes que seguiron as demostracións de forxa en vivo e os postos artesanais. A presenza de recoñecidos ferreiros, tanto galegos coma doutros puntos de España, serviu para amosar non só a mestría do oficio, senón tamén a súa capacidade de adaptación aos tempos modernos. Os asistentes puideron admirar como o pasado e o presente se entrelazan entre faíscas e martelos.

Expoñen ao público o proxecto para facer dúas pontes

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico ten en exposición pública o proxecto de ensanche e mellora da seguridade e da contorna en dúas pontes de vías municipais en Riotorto, que afecta ás marxes e dominio público hidráulico do rego do Machín e do río de Ferreiravella. As obras inclúen a reconstrución de dúas pontes, situadas en Ferrería de Abaixo (sobre o rego do Machín) e en Carboeiro (sobre o río de Ferreiravella), e consisten principalmente na ampliación dos estribos, con execución de cimentación mediante zapata e muro de formigón armado; a construción do taboleiro sobre dúas vigas tamén de formigón armado, e a pavimentación da vía e instalación de barandas de seguridade. O expediente estará dispoñible no portal web da Confederación Hidrográfica do Cantábrico, na sección Informacións públicas e outros anuncios, así como nas oficinas do organismo para consulta presencial.

mondoñedo

A vila acolle a 11ª Xuntanza de Clásicos cun completo programa para amantes do motor

A cidade de Mondoñedo converterase o próximo sábado 21 de xuño de 2025 no punto de encontro para os apaixonados dos vehículos clásicos. A 11ª edición da Xuntanza de Clásicos, organizada pola Asociación Móvete Mondoñedo “Mira e Anda”, contará cun programa pensado para o desfrute de participantes e visitantes. A xornada arrincará ás 10:00 horas coa recepción e inscrición de vehículos, durante a cal se entregarán os tickets para a comida, ademais de pinchos e o sorteo de agasallos. Ás 12:00 horas iniciárase a ruta cos vehículos participantes, un paseo que permitirá admirar estas xoias sobre rodas en movemento. Xa ás 14:00 horas, os asistentes compartirán mesa no Restaurante Finca San Antonio, onde ao remate da comida se entregarán premios e se celebrará un novo sorteo de regalos. A inscrición ten un custo de 40 euros, e pode formalizarse a través dos teléfonos 636 496 439, 629 808 751 ou 605 372 045.

O barrio dos Muíños loce un mural que rende tributo á súa tradición artesá



O Concello vén de inaugurar un novo mural no barrio dos Muíños que afonda na memoria histórica e cultural desta zona emblemática da cidade. A autora da obra é Juana Page, unha artista de orixe ateniense que deixou a súa pegada en Mondoñedo cunha pintura que durante séculos deu vida ao barrio. A intervención artística centra a súa atención en oficios tradicionais como a fiaduría e a olería, actividades que foron sinal de identidade dos Muíños e que, a través desta iniciativa, recuperan visibilidade e recoñecemento. O mural é un percorrido visual pola herdanza artesanal que marcou a historia e

o carácter da veciñanza. O Concello, que colaborou activamente no proxecto, quixo expresar o seu agradecemento á muralista pola súa implicación e xenerosidade ao realizar a obra de forma desinteresada. Tamén recoñeceu a participación de dous mozos mindonienses, Ilduara e Diego, que botaron unha man no proceso de creación, así como o apoio do resto dos veciños e veciñas que achegaron datos e recursos para dar forma á proposta. Desde o goberno municipal destacan que esta obra súmase aos atractivos culturais do municipio e serve como novo reclamo para achegarse ao barrio dos Muíños.

Vaise mellorar a accesibilidade na zona de Os Castros

O barrio de Os Castros experimentará nas vindeiras semanas unha importante transformación grazas ao impulso conxunto da Xunta de Galicia e do Concello. Ambas administracións veñen de acordar a sinatura dun convenio para acometer obras de mellora da accesibilidade e posta en valor desta zona da cidade, cun investimento total que supera os 314.000 euros. O plan contempla a mellora do acceso a Os Castros desde a rúa Rocha de Vélez, habilitando un percorrido de sentido único que permita a circulación tanto de vehículos como de peóns con maior seguridade. Trátase dunha reordenación integral do espazo público que busca facilitar a mobilidade e ofrecer un contorno máis amable para a veciñanza. A actuación incluírá tamén a reparación dos muros parcialmente derrubados na contorna da antiga N-634, que serán aliñados para garantir a estabilidade e mellorar a estética da zona. Deste xeito, preténdese recuperar un espazo urbano de gran valor patrimonial e social, que levaba anos precisando unha intervención decidida. PAVILLÓN. O conselleiro de Educa-

ción, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, anunciou as obras de renovación da cuberta do edificio principal do CEIP Plurilingüe Álvaro Cunqueiro Mora. A intervención conta cun orzamento de 453.629 euros e busca mellorar as condicións térmicas e enerxéticas do colexio. Os traballos consistirán na substitución da actual cuberta por unha nova estrutura portante de madeira lixeira, que estará revestida cunha lámina impermeable e transpirable e cuberta de lousa. O deseño manterá a estética do tellado actual, con forma a catro augas, e abarcará unha superficie total de 1.454 metros cadrados. Ademais, renovarase o sistema de evacuación de augas pluviais, instalando novos canlóns e baixantes de aceiro prelacado en ton escuro. A execución das obras terá unha duración de tres meses a partir da formalización do contrato, e prevese que estean finalizadas a tempo para o inicio do vindeiro curso escolar. O conselleiro salientou que esta actuación “contribuirá de maneira directa ao benestar da comunidade educativa, ao mellorar o confort térmico nas aulas e incrementar a eficiencia enerxética do edificio”.

## A OPOSICIÓN FALA

# Riotorto

## A xornalista, de Vilarquide, na parroquia de Galegos, ofrece á veciñanza vontade e coñecemento político

**“O esencial para Riotorto é garantir servizos públicos con recursos suficientes e que a residencia financiada con diñeiro público non acabe en mans privadas”**

**“O goberno do BNG foi un goberno que puxo en marcha iniciativas innovadoras como a Rede de Dinamización Local e mantivemos a gratuidade do SAF fronte aos recortes”**

A oposición en Riotorto non se entende sen a figura de Vanesa Gómez Lourido, actual concelleira do BNG e referente dun grupo que mantén unha actividade constante de fiscalización e proposta, malia as dificultades. “O papel da oposición debe ser sempre o de fiscalizar a acción do goberno e facer propostas que melloren a vida das veciñas e veciños”, defende. E engade: “Tamén temos que estar aí para defender os intereses de Riotorto diante doutras administracións cando os problemas que nos afectan superan o ámbito local”. Gómez Lourido fala con paixón e convencemento dun traballo que non considera un sacrificio. “Sempre tiven unha vontade de participación política moi forte e unha identificación co BNG desde moza. O meu traballo permíteme desenvolver esta tarefa, así que non podo dicir que me supoña un sacrificio persoal”.

### TRAXECTORIA

A súa traxectoria política comezou hai anos, como suplente na candidatura do BNG no ano 2007. Desde aquela, estivo sempre vinculada á actividade da organización local. “Na universidade reafirmei as miñas ideas: a defensa dos servizos públicos, da lingua e da cultura, a capacidade para decidir sobre os nosos recursos, a igualdade... Todo iso fíxome comprometerme máis co proxecto do BNG”. Actualmente, Gómez Lourido comparte representación na corporación con outros dous membros do BNG, Luís Fernández e María Campo.

### A LEMBRANZA

Lembra con orgullo a etapa de goberno do BNG entre 2007 e 2015, con Federico Gutiérrez Estoa como alcalde. “Puxéronse en marcha iniciativas moi innovadoras para a época. A Rede de Dinamización Local, por exemplo, permitiu rehabilitar escolas unitarias das parroquias e convertelas en centros de participación veciñal. Tamén se impulsaron mercados



estacionais, actividades culturais e servizos como podoloxía ou fisioterapia”. Di que, mesmo no contexto da crise de 2008, aquel goberno “defendeu os servizos públicos fronte aos recortes impostos polo PP dende a Xunta e dende Madrid, mantendo por exemplo a gratuidade do Servizo de Axuda no Fogar”.

### OBXECTIVOS

Sobre os obxectivos políticos Vanesa é clara: “Queremos gobernar. A oposición é necesaria para fiscalizar, para propoñer, para representar outras voces... pero para facer os cambios reais que

a Xunta asuma as súas responsabilidades. Unha residencia feita con fondos públicos non pode acabar converténdose nun negocio privado”. Outra das preocupacións do BNG é a inacción do goberno local ante o tecido económico. “Enterraron o proxecto do polígono industrial e non ofreceron ningunha alternativa. No comercio e hostalería, pechou un terzo dos negocios. E mentres o Concello gasta miles de euros en comidas ou actividades, contrata todo con empresas de fóra”. Tamén critica a falta de impulso cultural: “Unha axenda cultural e lúdica dende o Concello podería dinamizar Riotorto. Pero nin se-

provinciais e ao Parlamento galego, o que permitiu reverter parcialmente esta situación. “Conseguimos que asignasen un médico, aínda que sexa con prórroga de xubilación. É unha solución parcial e provisional, pero un tempo gañado para seguir defendendo un servizo básico, a pesar do goberno local, que estivo todo o tempo lavándolle a cara á Xunta”.

### RELACIÓNS CO GOBERNO

As relacións co equipo de goberno defíneas como “moi difíciles”. Asegura que o alcalde “se nega a incluír as mocións do BNG na orde do día dos plenos” e que moitas propostas “quedan nun caixón”. Entre elas, a petición para debater sobre a xestión da residencia ou as iniciativas para apoiar ao comercio local. No último pleno, relata, “retiráronnos a palabra por lembrar que, tras a substitución da única concelleira do goberno por un home, Riotorto quedará cun goberno sen ningunha muller, unha anomalía democrática total que mostra o desinterese do PP pola igualdade”. Tamén denuncia o uso partidista das redes sociais do Concello: “O goberno local utilízase como se fosen unha conta do seu partido. Só publica mensaxes para criticar ao BNG ou para atacarnos persoalmente aos concelleiros”. Asegura que este tipo de actitudes non se limitan á oposición: “Actúan igual con calquera persoa ou colectivo que non estea baixo o seu control”.

A pesar de todo, Vanesa Gómez Lourido mantén intacto o entusiasmo por continuar traballando por Riotorto. “Estar en contacto coas veciñas e veciños, coñecer mellor o concello, propoñer alternativas... iso é o máis valioso do noso labor. E facémolo porque cremos nun futuro mellor para Riotorto. Un futuro que pasa por un goberno que pense na xente, que defenda os servizos públicos e que crea nas potencialidades deste territorio”.



o Concello precisa, hai que estar no goberno ou, polo menos, ter forza suficiente para condicionar as decisións”. Nese sentido, sinala que o BNG estaría disposto a pactar con outras forzas, pero sempre “en función das propostas políticas, do contexto e con forzas progresistas”. As principais necesidades do municipio, di, pasan por manter os servizos públicos básicos cunha dotación suficiente de persoal e recursos. “Estamos moi pendentes da situación do centro de saúde, e tamén do futuro da residencia de maiores que se está a construír. Para nós é fundamental que sexa de xestión pública e que

quera se preocupan por manter aberta a ruta do Ferro ou o mazo da Fraga na Semana Santa, cando celebramos a Feira da Artesanía, o maior escaparate do municipio”. A situación actual do centro de saúde é outro dos temas que máis preocupan ao grupo nacionalista. “Levamos cinco anos de recortes na atención médica. A situación máis grave vivíuse entre decembro e marzo, cando nos quedamos sen médico a xornada completa”. Conta que foi a mobilización veciñal, con concentracións e recollida de sinaturas, xunto coas iniciativas levadas aos plenos municipais,

MAR

Galicia reivindica o seu litoral como motor económico a través do turismo mariñeiro



O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, participou en Burela na apertura da xornada da Rede de Turismo Pesqueiro de España, un evento organizado pola Fundación Expomar co obxectivo de poñer en valor o patrimonio cultural e mariñeiro das comunidades costeiras. A iniciativa diríxese a profesionais do ámbito pesqueiro, náutico, hostaleiro e turístico, e busca promover o litoral como motor económico e social. Villares destacou a capacidade das zonas costeiras galegas para xerar riqueza e atraer visitantes, subliñando que o mar é unha fonte de identidade, cultura e futuro para Galicia. O encontro contou con relatorios centrados nas oportunidades do turismo vinculado ao mar, así como cun espazo de diálogo no que se debateron ideas e propostas para avanzar cara a un modelo turístico sostible e respectuoso coa identidade mariñeira.

A parte máis lúdica da xornada chegou coa actuación musical A música do noso mar, a cargo da Fundación Legar. O espectáculo, ofreceu un repertorio baseado na tradición oral e musical das xentes do mar, evocando a súa vida e cultura a través da música. Como broche final, os asistentes puideron participar nunha degustación de produtos do mar, con especial protagonismo para os alimentos procedentes da costa cantábrica e atlántica galega. A xornada enmárcase nas actividades impulsadas pola Rede de Turismo Pesqueiro de España, un proxecto financiado co apoio dos fondos europeos do programa de recuperación Next Generation. Nesta rede participa activamente a Fundación Expomar, mentres que a coordinación corre a cargo do Consorcio de Turismo Sostible da Costa Occidental de Huelva.

A Xunta prepara un bono de 50 euros para mercar peixe fresco en prazas e pescadarías

O peixe volverá ocupar un lugar central nas mesas galegas grazas á nova proposta da Xunta de Galicia, que está a piques de poñer en marcha un bono de 50 euros por persoa para incentivar a compra de peixe fresco en pescadarías locais. A medida pretende reforzar a alimentación saudable entre a poboación e dinamizar un sector fundamental tanto para a economía como para a cultura galega. A iniciativa funcionará cun modelo semanal de axuda de 5 euros, acumulables no caso de non seren utilizados. Deste xeito, os consumidores poderán organizar as súas compras ao seu ritmo, sen perder dereitos adquiridos, e contribuír a manter un fluxo cons-

tante de clientela nos puntos de venda de proximidade. Nun contexto de descenso do consumo de peixe a nivel estatal, Galicia mantivo mellores cifras ca outras comunidades, pero dende o goberno autonómico insisten na necesidade de reforzar o consumo dun produto tan vinculado á dieta atlántica e aos beneficios nutricionais. O bono será tamén un respiro para o sector pesqueiro, que representa máis de 50.000 empregos no país e é clave en moitas localidades costeiras. A Xunta prevé activar o programa antes do verán, consolidando así o seu compromiso co consumo responsable e a economía local.

A Ribeira de Foz reclama solucións urxentes da bocana do porto

A Asociación Cívico-Cultural A Ribeira de Foz logrou un primeiro avance na súa longa loita pola mellora das condicións de acceso ao porto da vila. Nos últimos días, a entidade recibiu unha notificación oficial da Xunta de Galicia na que se admite a súa queixa pola escasa profundidade da canle de entrada ao porto, unha situación que leva tempo xerando serios problemas de operatividade para embarcacións tanto profesionais como recreativas. Segundo recolle a comunicación da administración autonómica, a Consellería do Mar encargará á súa Secretaría Xeral Técnica a elaboración dun informe técnico para avaliar o estado da canle de acceso. A Xunta comprométese ademais a trasladar á asociación o contido dese informe unha vez que estea finalizado, o que supón un paso importante tras meses de xestións e denuncias públicas por parte da entidade focega. A problemática, que a asociación cualifica de “grave e persistente”, vén afectando de maneira directa ao normal funcionamento do porto, especialmente durante



as baixamares, cando a falta de calado fai imposible a entrada ou saída de embarcacións. Esta situación, segundo denuncian desde A Ribeira, supón non só un risco para as persoas e bens, senón tamén unha merma inxustificable da funcionalidade dunha infraestrutura clave para a economía e a vida social da vila. Cómpre lembrar que a Valedora do Pobo arquivara unha primeira queixa presentada pola asociación, alegando falta de indicios suficientes de irregularidade administrativa. Porén, a entidade decidiu insistir, apelando tamén á Lei de Taxas Portuarias de 2025, que contempla unha bonificación do 50 % na tarifa

X5 para aquelas prazas de atraque con menos dun metro de calado durante a baixamar viva equinoccial (BMVE). A Ribeira de Foz considera que esta redución debe aplicarse tamén no porto local, xa que a situación actual impide o uso efectivo dos atraques durante varias horas ao día. Desde a asociación insisten en que o problema require unha solución inmediata e que non cesarán na súa reclamación ata que se acometa un dragado urxente da canle. Reiteran que o porto de Foz, cun uso mixto que combina actividade pesqueira, náutica e recreativa, precisa garantir unha operatividade plena durante todo o ciclo de mareas.

Capitán Mareas bota a andar en para achegar o mar aos escolares

A lonxa de Burela foi o punto de partida do proxecto educativo Capitán Mareas, unha iniciativa destinada a achegar aos escolares galegos e asturianos ao mundo da pesca e aos beneficios dunha dieta saudable baseada en produtos do mar. O conselleiro Alfonso Villares participou no primeiro dos obradoiros, que contou coa presenza de 25 alumnos de sexto de primaria do CEIP de Cervo. Durante a xornada, os escolares tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man o funcionamento da lonxa, escoitar os testemuños do patrón maior e das mariscadoras locais, e descubrir as artes de pesca tradicionais, así como os produtos mariños máis característicos segundo a época do ano. O obxectivo: aprender a valorar o traballo do sector e incorporar o peixe e o



marisco ás súas rutinas alimentarias. A iniciativa contempla a realización de dez obradoiros formativos en distintas lonxas ata finais de maio. O alumnado participante aprenderá tamén a deseñar menús semanais equilibrados a partir dos produtos da súa contorna e elaborará re-

ceitas saudables guiado polos chefs galegos Lolo Mosteiro e Paula Martínez, do restaurante A Artesa da Moza Crecha. Capitán Mareas conta co apoio dos GALP da Mariña-Ortegal, Costa da Morte, Ártabro Norte, entre outros, así como das confrarías de pescadores implicadas.

# DEPUTACIÓN

## Tomé anuncia un segundo paquete de obras para 120 quilómetros de estradas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, avanzou no Pazo de San Marcos a posta en marcha do segundo paquete de actuacións que se acometerán na rede viaria provincial cun investimento de 3,5 millóns de euros. “Neste caso serán un total de 16 proxectos que servirán para arranxar, mellorar e acondicionar máis de 120 quilómetros de estradas da nosa provincia ao seu paso por 20 concellos”, detallou Tomé Roca.

“Sabedes que temos un compromiso moi importante coa mobilidade. Non son palabras, son feitos”, valorou o mandatario provincial. Recordou que ese compromiso tradúcese en 27 millóns de euros -máis do 21%- dos Orzamentos 2025 destinados a conservar, manter e mellorar a rede viaria da provincia, “a máis extensa de toda España, temos que recordalo, con 4.217 quilómetros de lonxitude e tres veces maior que a da Xunta de Galicia na provincia de Lugo”.

Este novo investimento, que se enmarca no Plan de mellora das estradas 2025, súmase ao primeiro paquete de obras para acadar un investimento conxunto que supera os 15 millóns de euros para acondicionar 400 quilómetros de vías por todo o territorio lucense.

Destacou o presidente que dos 80 proxectos iniciais, a institución provincial xa ten en proceso de contra-

tación o 65 % das obras e que varias están en marcha. Puxo o exemplo das actuacións que está a acometer a Deputación na Avenida Infanta Elena en Lugo ou no Cinto Comarcal á altura do Corgo.

As novas actuacións serán “diversas en todas as comarcas da provincia. Traballamos como fixéramos xa no primeiro paquete, da man do equipo técnico da área de Vías e Obras da Deputación de Lugo para a análise e a diagnose das prioridades. Así establecemos novamente unha folla de ruta sobre as actuacións máis necesarias nas estradas provinciais que non ten que ver cos intereses partidistas nin persoais que si motivan a outras Administracións”.

“Dos 20 concellos polos que pasan as estradas que imos arranxar neste segundo paquete hai 10 gobernados polo PP”, apuntou José Tomé. E puxo algún exemplo das actuacións previstas pola Deputación:

Na Mariña, a Deputación mellorará seis estradas, nos concellos de Lourenzá, Mondoñedo, Riotorto, Trabada e O Vicedo. Neste último municipio a institución provincial actuará na LU-P-6401 e na LU-P-6402, que conectan entre si e que comunican no Vicedo varias parroquias como Suegos, Falcoeira -no límite provincial coa Coruña- e o Cristo de Portapena.

As comunicacións da Montaña mellorarán con catro novas actuacións



da Deputación nas estadas provinciais ao seu paso polos concellos de Ribeira de Piquín, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna ou Castroverde.

En Pedrafita, o presidente anunciou que a institución provincial investirá preto de 400.000 euros nun novo tramo da LU-P-1301 que conecta con Seoane do Courel polas parroquias de Hospital e Vilela. “Unha vía vital para as comunicacións da Montaña e na que levamos investido máis de 1M€ para o seu ensanche, drenaxe e mellora do firme en diferentes tramos”.

Na Terra Chá a Deputación mellorará estradas en Guitiriz e Castro de Rei. En Castro de Rei acondicionará a LU-P-1107, que é a estrada que conecta con Rábade desde a autonómica LU-115 á N-VI e que dá servizo a recursos importantes para a provincia como a Casa das Ínsuas.

“Tamén seguiremos mellorando o

Cinto Comarcal á altura do Corgo, como sabedes esta é unha vía moi extensa, con 131 quilómetros. Xa no paquete anterior reserváramos cinco proxectos á altura do Corgo, Castro de Rei, Castroverde e Begonte, varios deles xa en marcha”, explicou o presidente, que avanzou que grazas a este segundo paquete a Deputación investirá outros 150.000 euros para mellorar outro quilómetro e medio desta vía vital para as comunicacións da provincia.

Na Ribeira Sacra a Deputación acondicionará con cargo a este segundo paquete do Plan de mellora das estradas 2025, vías ao seu paso pola Pobra do Brollón e Sober. Puxo o presidente como exemplo a LU-P-5903, “melloraremos máis de seis quilómetros da estrada que une Sober e Doadé, unha vía importante para a comarca e para toda a provincia que dá servizo a veciños, turistas e bodegas”.

## Triplicarán as axudas ás asociacións das Reservas da Biosfera

A Deputación de Lugo triplicará este ano as axudas destinadas ao tecido asociativo das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses. Concretamente, achegará un total de 340.000 euros ás entidades e colectivos sen ánimo de lucro que traballan nestes territorios a través de diferentes convocatorias.

A entidade provincial sacou unha nova convocatoria de axudas para financiar investimentos e outra para actividades.

Serán 150.000 euros para investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. Concretamente, serán 100.000 euros para repartir en proxectos que se enmarquen na Reserva da Biosfera Terras do Miño e outros 50.000 euros para iniciativas que teñan que ver coa Reserva dos Ancares. Os solicitantes poderán recibir unha contía de entre 2.000 a 12.000 euros.

Ademais, refórzase economicamente a liña de axudas destinada a financiar as actividades impulsadas por estas entidades.

Este ano incrementase esta liña de axudas para as dúas Reservas nun 72 %, ata os 190.000 euros. Concretamente, serán 120.000 euros a repartir entre os colectivos que propoñan actividades para que se desenvolvan na Reserva da Biosfera Terras do Miño; e outros 70.000 euros para actividades que teñan lugar na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses.

## Lanzada unha aplicación gratuíta de emprego

A Deputación lanza a APP móbil gratuíta DeputaciónLugo Emprego, co obxectivo de facilitar o contacto entre persoas que buscan traballo e empresas que precisan incorporar persoal na provincia. A ferramenta está xa dispoñible e supón un avance na modernización dos servizos públicos de intermedación laboral que a institución ofrece a través da súa Axencia de Colocación.

A APP permite aos demandantes de emprego xestionar os seus perfís profesionais de forma áxil e acceder de maneira inmediata ás ofertas de traballo publicadas pola Axencia de Colocación. Ao mesmo tempo, esta ferramenta axuda ás empresas a axilizar a publicación das súas ofertas e mellorar os pro-

cesos de selección, adaptándoos mellor ás súas necesidades para atopar o persoal máis adecuado.

Esta aplicación tamén responde a dous dos grandes retos do mercado laboral: o desemprego e a falta de persoal cualificado nas empresas. Permite ás persoas atopar traballo en Lugo e facilita que as empresas cubran as súas vacantes con candidatos calificados, favorecendo a fixación de poboación no territorio. A APP xa está dispoñible para a súa descarga gratuíta tanto para iOS como para Android.

As persoas que buscan traballo poden rexistrarse facilmente, subir o seu CV e configurar o seu perfil profesional, recibindo alertas personalizadas.

## O Pleno demanda apoio para os afectados polos aranceis de Trump

O Pleno sacou tamén adiante unha moción do PSdeG para pedirlle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de medidas de apoio para os sectores máis afectados pola política arancelaria de Estados Unidos que inclúa a mobilización de fondos e a apertura de novos mercados. O texto saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG e os votos negativos do PP. Tomé Roca explicou antes do Pleno que “diante dunha situación para algúns sectores galegos que van ter dificultades, a Xunta non moveu ficha”, que o Estado puxo xa financiamento encima da mesa e que outros gobernos autonómicos tamén están actuando.

A Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, defendeu que esta iniciativa axudaría a paliar os efectos

dos sectores que se están a ver afectados, como o vinícola, agrogandeiro e industrial. Neste sentido Pleno deu luz verde a un texto que reclama á Xunta que deseñe un plan de medidas de apoio para os sectores afectados pola política de aranceis de Estados Unidos.

Ademais, o Pleno acordou por unanimidade a adhesión á rede de entidades locais Gandeiro-cárnica, impulsada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que permitirá á institución provincial reforzar a colaboración con outras entidades para impulsar iniciativas conxuntas coa finalidade de fortalecer o sector. O Goberno levou a Pleno esta proposta tendo en conta o papel “vital” da actividade gandeira e cárnica no desenvolvemento eco-

nómico, social e ambiental.

O grupo provincial do BNG denunciou “unha estafa en toda regra” da Xunta en relación coa redución das ratios das aulas, tras coñecerse unha instrución da Consellería de Educación para eludir o compromiso que o propio goberno do Partido Popular anunciou hai ano e medio como “histórico” para reducir o número de alumnas e alumnos por clase a 20 alumnxs, comezando por infantil.

O pleno tamén aprobou, a iniciativa do BNG e cos votos do goberno provincial, unha proposta de apoio á mobilización convocada pola Plataforma Queremos Galego para o vindeiro día 17 de maio de 2025 en Santiago de Compostela baixo o chamamento “Lingua viva xa! Paremos a emerxencia lingüística!

DEPORTES

A XI Media Maratón Ribadeo-As Catedrais terá un percorrido renovado

Ribadeo xa ten data para unha das súas citas deportivas máis esperadas: a XI Media Maratón Ribadeo-As Catedrais disputarase o vindeiro 13 de setembro cun trazado renovado debido ás obras na rúa Buenos Aires. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, sinalou que “este ano vémonos obrigados a introducir cambios nos dous primeiros quilómetros debido ás intervencións que se van acometer na rúa Buenos Aires”, explicou Silvent. A saída trasládase ao Parque de San Francisco, desde onde os corredores pasarán por Villafranca del Bierzo, Rodríguez Murias, San Roque, Virgen del Camino, Avenida de Galicia, José Vicente Pérez Martínez, Avenida de Asturias e estrada ata Vilavella, para continuar despois polo percorrido tradicional que conduce ata a emblemática praia das Catedrais. O edil destacou o impacto positivo que a media maratón ten na vila: “O ano pasado participaron máis de 660 atletas e este ano queremos superar esa cifra. Moitos deles veñen acompañados, o que dinamiza a hostalaría, o comercio e a vida social de Ribadeo”.

O Vicedo acollerá o 5º Trail-Andaina Fuciño do Porco-Caolín o día 18

O vindeiro 18 de maio de 2025, o concello de O Vicedo converterase no epicentro do trail galego coa celebración do 5º Trail-Andaina Fuciño do Porco-Caolín, un evento deportivo que combina a paixón pola natureza e o deporte ao aire libre. A proba contará con tres modalidades adaptadas a diferentes niveis de preparación: andaina de 15 km, trail curto de 15 km e trail longo de 24 km. O percorrido discorrerá por algunhas das paraxes máis fermosas da Mariña Lucense, incluíndo o emblemático Fuciño do Porco, un dos enclaves turísticos máis recoñecidos da comarca. O evento ten un compoñente emotivo especial, xa que se celebra como Memorial Natalia Sánchez Pulgar, en lembranza da corredora. A organización está a cargo do Concello de O Vicedo en colaboración coa Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e outras entidades deportivas.

As Guerreiras Laranxas fan dobrete: campioas da Copa da Raíña e da Copa Galicia



O Burela FS continúa escribindo páxinas de ouro no fútbol sala feminino tras conquistar dúas copas en poucos días. O equipo mariñán revalidou a súa sétima Copa da Raíña cunha vitoria por 2-3 fronte ao Melilla no Palacio dos Deportes de Cartagena. Antía Pérez abriu o marcador no minuto 23, e pese ao empate de Silvina no 28, o Burela respondeu con goles de Patricia Ortega e Carolina Pedreira, que sentenciaron o partido. O Melilla recortou distancias no 40 con gol de Bía Souza, pero xa era tarde. As Guerreiras xogaron os últimos 13

minutos en inferioridade pola expulsión de Emilly Marcondes, sen que iso impedise o triunfo. Pouco despois, as burelás tamén alzaron a Copa Galicia, impoñéndose ao Castro FSF nunha emocionante final decidida nos penaltis no Pavillón dos Deportes de Lugo. O evento, apoiado pola Deputación de Lugo, reuniu a dúas potencias do futsal galego. O vicepresidente provincial, Efrén Castro, destacou o alto nivel deportivo e o compromiso co deporte feminino. Con estes títulos, o Burela FS reafirma o seu dominio absoluto.

Dobre éxito para o Club de Piragüismo Altruán de Ribadeo en Banyoles e Verducido



O Club de Piragüismo Altruán segue sumando éxitos e nesta ocasión foi en dous escenarios moi afastados entre si. En Banyoles, na provincia de Xirona, Elena González e Manuela Lastra lograron o título de campioas de España de Maratón en K2 cadete, un triunfo que confirma a progresión das dúas deportistas e a aposta do club pola formación de alto nivel. Mentres tanto, en Verducido, Pontevedra, o club ribadense tamén deixou pegada na regata da Liga Galega Infantil. Carlota Pérez asinou unha gran actuación na categoría Muller Infantil B K1, conseguindo o segundo posto. Na mesma competición, Mateo López proclamouse vencedor en Home Infantil B K1, men-

tres que os seus compañeiros Anxo Dopico e Teo Gómez remataron no 18º e 42º posto, respectivamente. A categoría Muller Infantil A K1 tivo como protagonista a Judith Fraiz, que subiu ao terceiro chanzo do podio, e na categoría Home Infantil A K1 Martín Feijoo acadou o primeiro posto, completando outra xornada memorable para o club. Anxo Fernández, pola súa parte, foi 21º nesta mesma proba. Na clasificación por clubs, o Altruán logrou a sétima posición en Infantil Masculino e a décimo sexta en Infantil Feminino, confirmando o bo momento de forma da súa base deportiva e o seu papel como referente na formación de novos talentos.

O Club Bádminton Vegadeo segue facendo historia



O Club Bádminton Vegadeo continúa sumando éxitos e consolidando a súa posición como referente do bádminton base en España. A entidade asturiana vén de acadar unha nova fazaña: será o único club do país con catro xogadores convocados á concentración nacional sub-11 e sub-13, que se celebrará do 29 de maio ao 1 de xuño en La Roda, Albacete. O talento das súas promesas tamén brillou con luz propia no Máster Sub-13, tanto na categoría N1 como na N4, celebrado en San Lorenzo del Escorial.

Mateo Amor proclamouse campión en individual masculino sub-13 N4, mentres que Nadia Alonso asinou unha actuación estelar, levando o ouro tanto en individual como en dobres sub-13 N1. Pola súa banda, Eneko Rodríguez acadou a medalla de prata en dobres mixto. Tamén deixaron un gran sabor de boca Joel Alonso, Álvaro Seijo e Marta Santamarina. A nivel colectivo, o 12 de abril o club asinou unha xesta histórica ao proclamarse campión invicto da Liga Nacional de Clubes – Segunda Territorial.

A SD Burela fai historia co ascenso a Preferente tras 17 anos de espera



A SD Burela selou unha das páxinas máis brillantes da súa historia recente. Logo de 17 anos, o equipo regresa á Preferente tras impoñerse por 0-1 ao Chantada Atlético no campo de Sangoñedo. O tanto da vitoria chegou no minuto 67 grazas a Mauro Salgueiro, que asinou o gol que certificou o soñado ascenso a falta dunha xornada para rematar a competición. “Conseguímolos cun grupo humano excepcional”, manifestaron desde

o vestiario, nun agradecemento que fixeron extensivo aos xogadores, corpo técnico, canteira, familias, patrocinadores e toda a afección que acompañou ao equipo durante a tempada. O éxito non se limitou só ao primeiro equipo. Os veteranos da SD Burela tamén escribiron a súa propia fazaña proclamándose campións da liga provincial, completando así unha fin de semana inesquecible para o fútbol local.

COLABORACIONES

O Castelo de If

CULTURA



Rebeca Maseda

**D**urante a Semana Santa estiven visitando a Costa Azul e tiven a oportunidade de coñecer Marsella, unha cidade vibrante e cosmopolita na que, ao momento, podes percibir a actividade frenética do Vieux-Port coas xentes vendendo todo tipo de produtos. Paseando polas rúas -sen mirar o reloxo e sen Google Maps- chegei ata a Plage des Catalans, desde onde se pode divisar a Illa de If co seu Château, todo un mito literario.

O Castelo de If comezou a edificarse en 1529 por orde de Francisco I como a primeira fortaleza real de Marsella. Foi concibido para protexer un dos principais portos comerciais de Francia, onde fondeaba a flota de galeras reais, e tamén, para vixiar a cidade, anexionada ao estado francés en 1480. En 1591, a cidade, claramente partidaria da Liga Católica, negouse a recoñecer ao rei Enrique IV de Francia polas súas raíces

protestantes e deu acubillo ás tropas inimigas do Duque de Savoia. O alguacil de If, fiel ao Rei, fixo construír unha muralla coa axuda das tropas florentinas para protexer ao reino dun ataque. O enxeñeiro militar de Enrique IV, Raymond de Bonnefons, eleva a altura da muralla en 1604 e Vauban volve ampliála en 1701. En 1513 fai escala na illa un regalo ofrecido polo rei de Portugal ao papa León X: nada máis e nada menos que un rinoceronte, un animal xamais visto antes en Europa. Posteriormente, en 1844, Alexandre Dumas publica “O Conde de Monte-cristo”, cuxo protagonista, Edmond Dantès, foi encarcerado no Castelo de If. A novela convértese moi axiña nun éxito total e en 1880 o monumento ábrese ao público.

O seu emprazamento insular e a arquitectura do castelo imposibilitaban calquera intento de evasión e o gran número de prisioneiros e a falta de hixiene dificultaban a supervivencia. Con todo, a cambio dun dobrón ao día, algúns prisioneiros lograron ocupar estancias especiais. Un claro exemplo foi Mirabeau, futuro tribuno da Revolución, encarcerado en

If en cumprimento dunha Orde Real –“lettre de cachet”- solicitada polo seu propio pai para castigar a súa tendencia á libertinaxe, en fin, as “cousas de familia” son complexas... Aquí foi onde redactou o seu ensaio



sobre o despotismo, ademais de seducir á cantineira da prisión. Como vedes, sempre hai tempo a todo... O sistema do dobrón continuou utilizándose ata o século XIX. Un dos primeiros prisioneiros foi o cabaleiro Anselmo, acusado de com-

plot contra a monarquía en 1580. Despois de que se promulgase o Edicto de Fontainebleau en 1685, os protestantes comezaron a ser encarcerados. De feito, durante dous séculos, uns 3.500 protestantes vivi-

canteiros seguindo as ordes da guarnición. En 1852 estiveron encarcerados no Castelo 304 republicanos contrarios a Napoleón III antes do seu traslado a un campo de traballos forzados. Uns anos despois foi a quenda dos insurxentes de Marsella e os últimos prisioneiros serían os alemáns capturados durante a Primeira Guerra Mundial.

A brisa do mar emerxe do porto de Marsella, agancha polos seus barrios empolicados sobre os outeiros e expándese por prazas e balcóns, colmando a cidade dun aroma inconfundible: o aire do Mediterráneo. A este primeiro perfume súmaselle unha segunda fragancia, máis sutil pero ineludible, que Marsella ostenta xunto ao orgullo de ser a capital da Provenza francesa: o cheiro a lavanda. Máis aló do olfacto, a cidade esperta, a cada paso, os sentidos restantes. Coa súa exquisita gastronomía, o bulicio do centro histórico, a suavidade da area branca de Les Calanques ou a luz que namorou a pintores como Cézanne, Turner ou Signac e que alumou á filósofa Simone Weil nunha das etapas máis frutíferas da súa escritura.

TELÉFONOS DE INTERESE

|                                 |              |
|---------------------------------|--------------|
| <b>ALFOZ</b>                    |              |
| Concello:                       | 982 55 80 01 |
| Garda Civil:                    | 982 57 40 30 |
| Centro de Saúde:                | 982 55 86 97 |
| <b>BARREIROS</b>                |              |
| Concello:                       | 982 12 40 02 |
| Garda Civil:                    | 982 12 41 94 |
| Centro de Saúde (cita previa):  | 982 12 41 05 |
| <b>BURELA</b>                   |              |
| Concello:                       | 982 58 60 00 |
| Policia Local:                  | 982 58 62 11 |
| Garda Civil:                    | 982 58 57 05 |
| Centro de Saúde (cita previa):  | 982 58 51 29 |
| Hospital da Costa (centraliña): | 982 58 99 00 |
| Capitanía Marítima:             | 982 57 51 53 |
| <b>CERVO</b>                    |              |
| Concello:                       | 982 55 77 77 |
| Policia Local:                  | 615 52 10 52 |
| Garda Civil:                    | 982 58 57 05 |
| Centro de Saúde (cita previa):  | 982 55 75 25 |

|                                |              |
|--------------------------------|--------------|
| <b>FOZ</b>                     |              |
| Concello:                      | 982 14 00 27 |
| Policia Local:                 | 982 13 36 40 |
| Garda Civil:                   | 982 14 04 44 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 13 23 85 |
| Agencia Tributaria:            | 982 13 35 12 |
| <b>LOURENZÁ</b>                |              |
| Concello:                      | 982 12 10 06 |
| Garda Civil:                   | 982 52 19 05 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 12 20 29 |
| <b>MONDOÑEDO</b>               |              |
| Concello:                      | 982 52 40 03 |
| Policia Local:                 | 982 50 70 40 |
| Garda Civil :                  | 982 52 19 05 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 50 74 52 |

|                                |              |
|--------------------------------|--------------|
| <b>OUROL</b>                   |              |
| Concello:                      | 982 55 91 09 |
| Garda Civil:                   | 982 56 10 39 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 55 90 62 |
| <b>PONTENOVA, A</b>            |              |
| Concello:                      | 982 34 22 77 |
| Garda Civil:                   | 982 34 22 22 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 34 24 00 |
| <b>RIBADEO</b>                 |              |
| Concello:                      | 982 12 86 50 |
| Policia Local:                 | 982 12 86 50 |
| Garda Civil:                   | 982 12 80 48 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 13 01 43 |
| <b>RIORTORTO</b>               |              |
| Concello:                      | 982 34 62 22 |
| Garda Civil:                   | 982 34 22 22 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 34 66 63 |

|                                |                   |
|--------------------------------|-------------------|
| <b>TRABADA</b>                 |                   |
| Concello:                      | 982 13 50 11      |
| Garda Civil:                   | 982 34 22 22      |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 13 53 00      |
| <b>VALADOURO, O</b>            |                   |
| Concello:                      | 982 57 40 00      |
| Garda Civil:                   | 982 57 40 30      |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 57 43 12      |
| <b>VICEDO, O</b>               |                   |
| Concello:                      | 982 59 00 02      |
| Garda Civil:                   | 982 59 01 81      |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 59 03 51      |
| <b>VIVEIRO</b>                 |                   |
| Concello:                      | 982 56 01 28      |
| Policia Local:                 | 982 56 29 22      |
| Policia Nacional               | 982 56 17 11      |
| Policia Nacional cita DNI      | 060/ 982 57 06 62 |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 56 12 01      |
| <b>XOVE</b>                    |                   |
| Concello:                      | 982 59 20 01      |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 59 24 24      |

TELÉFONOS DE INTERESE

|                       |     |                      |     |
|-----------------------|-----|----------------------|-----|
| Emerxencias:          | 112 | Incendios Forestais: | 085 |
| Urxencias Sanitarias: | 061 | Garda Civil:         | 062 |



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións SL  
Dep. Legal: LU 5-2019  
ISSN 2660-4493

DE RUTA EN RUTA

# Mondoñedo: Ruta da Fraga Vella

Un percorrido pola natureza máis auténtica entre turbeiras, fragas e fauna silvestre no corazón da vila de Cunqueiro

Mondoñedo invita a descubrir este percorrido circular que atravesa os camiños e pistas de terra da ZEC Serra do Xistral, espazo protexido pola súa extraordinaria biodiversidade e o seu alto valor ecolóxico. Esta ruta parte das inmediacións das Penas da Merenda, moi preto do cemiterio de Estelo, e ofrece unha inmersión completa nunha das paraxes naturais máis auténticas de Galicia. A senda percorre unha extensa área montañosa pouco humanizada, onde a presenza de pequenas aldeas é moi escasa e o gando, especialmente cabalos e vacas, pasta en liberdade. A medida que avanzamos, adentráremosnos en paisaxes de gran beleza, onde se alternan fragas de carballos, piñeiros, acivros e bidueiros, creando un mosaico natural de gran interese ambiental. Un dos principais atractivos desta ruta son as turbeiras, ecosistemas húmidos que acumularon durante séculos grandes cantidades de materia orgánica en forma de turba. Estas zonas húmidas, únicas na Península Ibérica, son hábitats prio-

ritarios para a Rede Natura 2000. Grazas á súa singularidade, nas turbeiras do Xistral atopamos especies extraordinarias como a orballiña (*Drosera rotundifolia*), unha pequena planta insectívora que se alimenta de insectos para suplir a falta de nutrientes no solo. Pero a riqueza botánica non remata aquí. Ao longo do percorrido tamén podemos atopar especies de flora ameazada como a árnica (*Arnica montana*) ou os marteliños (*Pedicularis sylvatica*), así como extensas colonias de musgos que cobren o

solo formando verdadeiros tapices naturais. No apartado faunístico, a Serra do Xistral é o fogar de especies moi especiais. A lagarta de turbeira (*Zootoca vivipara*) alcanza aquí o extremo suroccidental da súa área de distribución, facendo desta zona un espazo vital para a súa conservación. A estas especies únese a presenza do lobo ibérico, que mantén unha das súas poboacións máis estables e significativas de Galicia nesta serra. As masas de acivros teñen tamén

un papel destacado, xa que proporcionan alimento e refuxio para numerosas aves e pequenos mamíferos, especialmente durante os meses de inverno. Ademais, o Xistral é un auténtico paraíso para os lepidópteros, acoollendo bolboretas como a señoriña dos brañais e outras especies endémicas das zonas altas. Esta ruta permite gozar dunha experiencia na que o silencio só se ve interrompido polos sons da natureza: o bruar do vento entre os piñeiros, o canto das aves ou o rumor

dos pequenos regatos que cruzan o monte. Ao longo do camiño tamén se poden observar elementos de etnografía tradicional, como cercados para cervos e pequenas construcións de pedra que testemuñan a relación secular entre o ser humano e a natureza nesta comarca. Unha oportunidade perfecta para conectar coa natureza, descubrir os valores dun ecosistema único e gozar dunha paisaxe que, a pesar do paso do tempo, conserva intacta a súa esencia máis salvaxe.



**DATOS**



4 horas



9,6 quilómetros



Dificultade media

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA





## GRUPO FORMAT

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:  
[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)  
TEL.: 982 513 605